FORA DE XOGO

Big-Bang

Xoán Bernárdez Vilar

XERAIS

FÓRA DE XOGO

Edición: Helena Pérez
Deseño da cuberta e interiores: Miguel A. Vigo
Maquetación: Bernardo Menduíña
Montaxe gráfico da cuberta: Xan Vilar Cardona
Producción: Teresa Rodríguez Martínez

1ª edición: Marzo, 1996

© Xoán Bernárdez Vilar, 1996
© Edicións Xerais de Galicia, S. A., 1996
Dr. Marañón, 12. 36211 VIGO.
ISBN: 84-7507- 977-6
Depósito Legal: S. 234-1996
Printed in Spain
Impreso en Gráficas Varona, S. A.
Pol. Ind. "El Montalvo", P.49
37008 Salamanca

Reservados tódolos dereitos. De conformidade co dispostono artigo 534-bis do Código Penal vixente, poderán ser castigados con penas de multa e privación de liberdade, quen reproduciran ou plaxiaran, en todo ou en parte, unha obra literaria, artística ou cientifica fixada en calquera tipo de soporte sen a preceptiva autorización.

FÓRA DE XOGO

Big-Bang

Xoán Bernárdez Vilar

No principio foi o Big-Bang

Premio de narrativa
Concello de Vilalba, 1993

XERAIS

A Sabeliña


Noveno Planeta
Oitavo Planeta
Sétimo Planeta
Sexto Planeta
Eretz
Adom
Terceiro Planeta
Segundo Planeta
Primeiro Planeta

Nós non o sabemos, pero elas si.
As pedras sábeno,
e lémbrano.
Xurdiu un fulgor líquido,
e esparexeu a súa luz,
esplendor de vida e de morte.

Nicolai K. Roerich
Versos para unha raza esquecida

...DESPOIS, O HOME

Capítulo 1

ERA a penas perceptible o movemento dos dedos transmitindo os impulsos necesarios para cursar ordes, verificar comprobacións, ou localizar calquera erro de funcionamento, rapidamente traducidos ás fulgurantes series de sinais que remexían nas pantallas, incidindo ó mesmo tempo na cambiante iluminación que afectaba tanto ó interior da cabina como á expresión dos seus propios rostros. Xa non percibía –os seus sentidos parecían telo momentaneamente esquecido–, o estrondo dos filtros de aire ou das células xeradoras de enerxía que tanto o estiveran a importunar.

Os diagramas que aparecían na consola amosaban ás naves na última fase do emparellamento, unha vez superada a difícil proba de equilibrar os seus movementos rotatorios. Mentres, noutra das pantallas continuaban a ser visualizadas as imaxes do cometa, obtidas días atrás, cando se cruzaran con el no espacio. Unha concesión do comandante, tanto para el como para a doutora Avva, reducidos a simples espectadores durante aquelas complexas operacións. Repetíanse unha e outra vez os enfoques sobre aquela brillante bóla orlada por un xigantesco cendal luminiscente, que seme-

llaba varrer a negrura do firmamento. Por último, as imaxes presentaban ó errático astro perdéndose no infinito, camiño de adobiar en pouco tempo as noites do seu querido Eretz.

As rosmadelas e as interxeccións de Obed fixérono virar á procura de algo que lle permitise adiviñar que era o que estaba a remexer na súa mente. Onda el, o comandante Lugal mantiña a súa impenetrable expresión. A doutora Avva, sen embargo, bebía con aparente tranquilidade, como allea ás dificultades ás que estaban a facer fronte. Zugaba o líquido pola cánula case sen mover os beizos e a ollada perdida nalgunha distante estrela, ou talvez en calquera dos ignotos páramos e nebulosas que chatolaban o firmamento.

Un ceo salferido de constelacións esvaraba lentamente sobre o acristalamento da cabina. Un espectáculo fascinante do que aínda non acabara de saciarse, e quizais nunca chegase a facelo. A doutora fixo entón un lixeiro movemento. Ó depositar o recipiente, calculara mal a distancia á que se atopaba o soporte magnético, e este, por mor da deficitaria presión da nave, quedara a flotar. O seu brazo desprazouse entón paseniño e atrapouno de novo sen mudar sequera de postura.

Nese momento levaron ambos instintivamente a man ós ollos. Estralaba a alba. De novo os raios do sol pegaban neles de cheo. Outra novidade á que tampouco se acababa de afacer, debida á constante alternancia que producía o movemento rotatorio do vehículo, imprescindible para estabilizar a súa temperatura. De non ser por isto, e aínda contando co dobre escudo protector recuberto de iridio e ouro, seríalles imposible permanecer por moito tempo vivos no seu interior, pois, mentres a parte da nave exposta ó sol chegaría a

alcanzar rapidamente valores térmicos insoportables, a outra manteríase absolutamente xélida.

O comandante Lugal e o seu auxiliar Obed, cada vez máis atentos ós indicadores, non pareceron reparar na incidencia. Sen embargo, o espectáculo resultaba autenticamente relevante. O inexplorado planeta relucía agora coma unha xoia envolta na negrura do espacio, mentres se desprazaba en torno a eles, para ofrecerlles, nun repousado movemento rotatorio, a visión da súa superficie, dun azul vivo, mesturada, e parcialmente oculta, polo branco das nubes. Todo un mundo líquido parecía arrodear dúas inmensas illas cubertas de verdello, perfectamente recoñecibles aínda dende a altura á que se atopaban. Esvaraba case con indolencia, amosándose coma un inmenso globo toscamente esférico, que semellaba ocupar a metade do firmamento. Ningún de cantos se atopaban a bordo podía adiantar sequera de xeito aproximado que poderían atopar, ou a sorte e os perigos que lles podería traer un hipotético desembarco na súa superficie. Non ignoraban, sen embargo, que a esencia da vida era, fundamentalmente, a mesma en todo o universo, anque non todos os astros que o poboaban contasen coas condicións necesarias para o seu desenvolvemento. De feito, sabían con certeza que esta non existía na maioría deles, mentres que, nalgúns, puido desaparecer a penas xurdida, ou non ter conseguido superar sequera os seus estados máis primarios.

Os seres vivos, isto tampouco era para eles ningún segredo, posúen todos eles unha química orgánica e un herdo evolutivo comúns. Están formados por carbono, auga, calcio, nitróxeno e ferro. Mais, ¿isto era así por seren estas as materias indispensables para o desenvolvemento biolóxico, ou, simplemente, por seren abondosas en Eretz, o seu agora remoto mundo, no mo-

mento no que a vida xurdira nel? ¿Podían agardar que a flora e a fauna daquel novo astro, ou de calquera outro que se atopase nas suas mesmas, ou parecidas, condicións, estivesen constituídas polos mesmos elementos e, en consecuencia, se asemellasen ás do seu, ou terían que enfrontarse ó feito de que as condicións ambientais do Terceiro Planeta puidesen ter seleccionado diferentes combinacións xenéticas?

Carecían aínda dunha resposta clara. Mais do que si estaban convencidos era de que o contacto con aquel mundo ía facilitarlles unha inmellorable ocasión para comprobar se, como estimaban a maioría dos científicos, as leis da natureza eran válidas para todo o universo e, polo tanto, podían ser penetradas en calquera parte a través da observación e a análise.

A brillante bóla acabou por desaparecer do campo de observación antes sequera de que tivese tempo para decatarse de que se achegaba o final do espectáculo. A cabina ficou de novo ensumida no cativo resplandor das partículas de luz estelar e o constante fulgurar dos instrumentos de a bordo.

Nun momento dado, os dedos, tanto do comandante coma de Obed, detivéronse. Deixaron de procesar guarismos e diagramas, e ambos cambiaron unha rápida e a penas perceptible ollada.

Unha repentina sacudida estivo a piques de facelos saltar dos seus asentos. Unha sacudida acompañada dun delongado son metálico, baixo o que vibrou toda a estructura da nave. Obed mallou entón no teclado e, inmediatamente despois, deu un longo e inintelixible berro, mentres palmeaba case que con teimosía as fibras de boro e carbono coas que fora elaborado o traxe do comandante. Este sorriu lenemente, aceptando compracido aquel pouco habitual xeito de felicitación.

Mais non exteriorizou con ningunha outra mostra o seu estado de ánimo. Sen embargo, era evidente que tiña motivos para se sentir satisfeito. Aquela fora a primeira vez que se intentara un emparellamento en condicións ata entón nunca experimentadas, lonxe da base, e baixo o forte campo gravitacional daquel planeta practicamente virxe aínda.

—¿Establecidos xa os enlaces?

Obed transmitiu novas ordes a través da consola.

—O *Eretz I* á súa enteira disposición, doutora –comentou despois, mentres se erguía para cederlle o asento.

A aludida, antes de ocupar este, virou a almofadiña adhesiva que o cubría. Despois procedeu a acender outra das pantallas. Nela apareceron case de inmediato imaxes do interior da cabina da nave que acababan de abordar, exactamente igual á que ocupaban.

O obxectivo comezou a percorrela moi de vagar, examinando antes ca ningunha outra cousa a situación da súa computadora. Instrumentos, taboleiros, xanelas de observación, asentos; todo foi meticulosamente inspeccionado a continuación. A doutora non deixou nada por escudriñar. Ata se detivo nos indicadores de presión e frecuencias métricas, que agrandou para un máis axeitado exame. Sorprendentemente, toda aquela complexa instalación parecía continuar a funcionar coa máis absoluta normalidade.

A continuación correspondeulle a vez á planta inferior. Os cubículos da tripulación estaban todos eles baleiros, anque ordenados, o mesmo que os lavabos, as faixas de rolamento, e as poleas e palancas utilizadas para a realización dos exercicios físicos. Tamén estaban limpos a cociña e os taboleiros das comidas. E as dúas cámaras de hibernación permanecían desocupadas.

Procedeu entón a examinar o corredor central do vehículo. A cámara esvarou a través dos depósitos da auga, da maquinaria xeradora de enerxía, dos remozadores de osíxeno e dos almacéns; o interior dos cales foi así mesmo visualizado. O aseo centrífugo, aquel artefacto capaz de crear un simulacro de gravidade suficiente para facilitar o aseo e as defecacións, foi tamén debidamente verificado.

Na cámara de presión faltaba, tal como esperaban, o módulo de descenso.

—Esquece a granxa, doutora –apuntou oportuno o comandante.

De inmediato apareceu na pantalla este reservado recinto, dotado dunha atmosfera incrementada no seu compoñente de dióxido de carbono, e iluminado tanto solar como artificialmente, que permitía manter os cultivos hidropónicos e xenipónicos indispensables para reabastecer a despensa da nave. Mais tampouco había ninguén entre os diversos tarros onde, en solucións de materias inorgánicas e sales minerais reciclables, medraban diversos froitos e hortalizas, e, para a súa sorpresa, tamén algunhas flores. Todos eles semellaban atoparse así mesmo en perfectas condicións.

—Supoño –comentou entón Ish, tomando ó mesmo tempo as luvas e o capacete– que xa non deberiamos de abrigar dúbidas. Parece que non se produciu ningunha anomalía a bordo, e tampouco abandonaron con precipitación a nave.

—¿Que pretendes? –preguntoulle o comandante.

—Trasladarme ó *Eretz I*, se non tes inconveniente. Hai cousas capaces de escapar a unha inspección mecánica, aínda tan minuciosa como a que a doutora acaba de facer, que, sen embargo, poden ser captadas polo ser humano.

—¿E a vostede envíannolo coma técnico en supervivencia?... –comentou, sen poderse reprimir, a aludida.

O comandante pareceu facer caso omiso á interpelación, afeito xa a toda clase de conflictos domésticos xerados polo delongado confinamento. Tampouco Ish quixo darse por enteirado, limitándose a facer unha pregunta sorprendentemente dirixida cara a un impreciso lugar do interior da cabina.

—DS, ¿que é o que puideches saber?

Respondeulle unha voz metálica e sen inflexións que pareceu saír das paredes e tabiques que os rodeaban.

—Nada que non soubesemos xa, Ish. O meu xémeo do *Eretz I* non ten ningunha outra información distinta da que transmitiu no seu momento. A tripulación, non volveu do seu último descenso, anque se mantivo en contacto con el ata o momento no que o deixou de facer. ¿Quere escoitala de novo?

—Noutro momento, DS. Gracias.

Rematou de colocar o casco.

—Se prefire non acompañarme, doutora –continuou, agora a través do intercomunicador–, prégolle que, polo menos, permaneza atenta ás reaccións dos sistemas da nave mentres eu estea a bordo dela.

Ela revirouse cun movemento enérxico, felino case, que fixo flamexar a súa longa e loira cabeleira.

—Está vostede a actuar coa máis absoluta das irresponsabilidades, Ish. Non só vai a arriscar inutilmente a súa vida, senón a de todos nós, e aínda a dos que vimos salvar. E advírtolle que, se se lle ocorre tirar alí o casco, non o vou admitir a bordo sen que pase antes a corentena.

—Tereino en conta, doutora.

Obed acompañouno ata a cámara de presión, situada na parte posterior do vehículo, o punto por

onde acababa de producirse o emparellamento, e fechou detrás del o acceso á mesma, unha vez que penetrou no seu interior.

Pareceulle unha eternidade o tempo que tivo que agardar mentres se facía o baleiro. E sentiuse canso ó tratar de manterse ergueito naquel ambiente ingrávido soamente coa axuda do adherente grapeado das súas botas. Cando se abriron as comportas, transpúxoas o máis rapidamente que puido. Mais logo non deixou de mirar con certa apreensión coma estas se fechaban de novo ás súas costas. Atopábase xa a bordo do *Eretz I*, anque aínda no interior da súa cámara de presión.

—¿Podes oírme, LH?

Respondeulle unha voz en todo semellante á da computadora do seu vehículo.

—Identifíquese, por favor.

—O meu nome é Ish, e formo parte da tripulación da nave *Eretz II*.

—Comprendido, señor. O meu xémeo acaba de pasarme toda a información. Recoñezo perfectamente a súa voz. Benvido a bordo.

Restablecida a presión, Ish encamiñouse ós habitáculos da nave, seguindo un corredor en todo igual ó da que acababa de abandonar.

Mais o exame visual non deu mellores resultados que o efectuado a través do monitor. A maioría das taquillas atopábanse baleiras ou tiñan contados efectos persoais. Treméronlle as mans ó atopar un retrato da súa nai nunha delas. Era algo antigo, mais conservaba nidiamente o sorriso e a expresión coa que sempre a lembrara.

—¿Unha fotografía de Lilith?

—Equivócase, doutora. Non se trata de Lilith.

Meteu nunha bolsa canto considerou de interese, para examinalo despois con máis vagar. E, seguida-

mente, accedeu á cabina turrando coas mans pola escada metálica. Mais tampouco alí atopou ningún indicio revelador.

—¿Algo que non funcione debidamente, LH?

—Non o comprendo, señor –respondeu a computadora–. A miña misión consiste en telo todo sempre en orde. Nada hai que teña deixado de funcionar nunca.

—Simple formulismo, LH. Simple formulismo. ¿Podo coñecer as análises da atmosfera, da auga ou das provisións?

—Por suposto, señor. Absolutamente normais todas elas neste momento. Pode tirar o casco, e beber ou comer, se é isto o que quería saber. Toda a tripulación do *Erezt I* gozaba dunha excelente saúde. Os exames ós que periodicamente a fun sometendo demostraban que a súa estancia no Terceiro Planeta conseguira mellorar as súas condicións físicas e clínicas. E, se me permite unha pequena licencia ó respecto, mesmo diría que os cambiara.

—¿Que queres dicir, exactamente?

—Algo nada doado de explicar. Mais para min é evidente que os catro se atopaban satisfeitos. Xa non rifaban entre eles, coma durante a viaxe. Amosaban unha pel bronceada e cantaban. Cantaban moito. E facíano bastante ben, ó meu modesto entender, especialmente a auxiliar de voo Lilith. ¿Canta vostede tamén, Ish?

Escoitou o riso a penas contido de Obed a través da radio.

—Temo que horrorosamente mal –rematou por responder–. Gracias, LH.

Achegouse ó arco do acristalamento exterior. O Terceiro Planeta volvía relucir fronte a eles. Mais, por detrás do mesmo, emerxía xa, iluminado soamente en

parte, o globo máis reducido e de luz cincenta do seu satélite, perfectamente esférico, amosando os montes e as chairas da súa superficie morta, materialmente furados polos impactos dos meteoritos.

—¿Aterraron sempre no mesmo lugar? –preguntou de novo.

—Non –respondeu a computadora–. A súa intención era a de coñecer ó máximo as posibilidades que pode ofrecer este mundo. Sen embargo, nas dúas últimas ocasións decidíronse por unha paraxe xa coñecida á que chamaban Edin.

—Poida que non se trate de ningún lugar concreto, LH. Etimoloxicamente Edin significa *chaira.*

—Evidentemente, señor. Mais neste caso trátase dunha chaira determinada, cruzada por varios ríos. E nela atopábanse cando transmitiron por última vez.

O comandante Lugal pareceu consciente en todo momento da lectura que das súas palabras ía facerse.

—A conclusión é clara –tratou de resumir–. A *Eretz I* atópase en perfectas condicións, o mesmo que os víveres e a auga. Tamén puidemos comprobar a perfecta asimilación dos alimentos procedentes do Terceiro Planeta por parte da tripulación, o que fai moi pouco probable que esta fora afectada por calquera xeito de intoxicación. Agora ben, dado que unhas horas despois da súa habitual toma de contacto coa nave, o radiofaro do módulo no que se desprazaran deixou de transmitir, non lle atopamos máis explicación a este feito que a de que, por algunha circunstancia que aínda ignoramos, o seu medio de transporte debeu de resultar gravemente danado ou, mesmo, destruído. Unha simple avaría no

transmisor, ou no propio radiofaro, deberían podela reparar en pouco tempo. Outro feito que debemos considerar é o de que, unha vez padecida esta hipotética avaría, e a pesar dela, tivesen tentado retornar á nave, e non o puidesen conseguir. Neste caso reduciríanse aínda máis as probabilidades de que poda haber supervivientes. E se os houbera, diante da imposibilidade de contactar con eles, non vemos outra alternativa senón a de tentar un descenso no mesmo lugar no que se atopaban cando transmitiron por última vez. Neste momento as nosas luces de situación están a transmitir en código. Dende a órbita de aparcamento na que nos atopamos, rodeamos o planeta cada 92 minutos. Os superviventes van ter seis oportunidades durante a noite para detectar a nosa presencia e facer sinais. Non sei se me expliquei coa suficiente claridade. Mais, por se as miñas palabras poden chegar a suscitar dúbidas, quero que quede claro que todos nós estamos dispostos a chegar ata o final.

Cambiou unha ollada cos demais. E, non atopando ningunha expresión discrepante, concluíu:

—Iso é todo, polo de agora.

Deixou aberta un intre a comunicación, por se alguén quería engadir algo e, por último, fechouna.

—Catorce minutos... –rosmou Obed, referíndose ó tempo que, aínda desprazándose á velocidade da luz, ía tardar en ser recibida a mensaxe–. E outros tantos para a resposta.

—Sexamos prácticos –tratou de razonar Ish–. Tomarán o seu tempo antes de facelo. Non agardedes ordes antes de seis ou sete horas, polo menos.

—¿Que tratas de dicir?

—Que non vai resultar fácil que nos autoricen a baixar.

—¿E que pretende? –preguntou Avva– ¿Que actuemos pola nosa conta?... ¿É que considera esta expedición coma un simple xogo de nenos, ou unha das súas espectaculares escaladas de montaña?

Ish xogueteou cos seus dedos índice e medio sobre o taboleiro de mando.

—¿Para que cre que percorremos douscentos oitenta millóns de millas, doutora?... –preguntou á súa vez.

Ela enrugou o sobrancello mentres algunha palabra morría, sen ser pronunciada, nos seus beizos.

—Penso que todos somos conscientes da importancia desta misión –proseguiu– E non nos gustaría que ningún dos moitos incompetentes que coñecemos poida botala a perder. Polo que a min respecta, consideraría unha burla que se nos dese agora a orde de abandonar, coa desculpa de que as escasas posibilidades coas que contamos non xustifican os riscos que teriamos que correr.

—Tampouco podemos desobedecer –teimou ela.

—Escoite, doutora; de cantos aquí nos atopamos eu son o único que non pertence á Corporación Astronáutica. E se aceptei vir foi porque teño o convencemento de que, nalgunha parte dese planeta, está o meu pai a agardar a que alguén vaia salvalo. E con el tres dos seus compañeiros. ¿Consideraría razoable abandonar, despois de ter chegado ata aquí, sen tentar esgotar antes todas as posibilidades, por remotas que parezan?

O comandante Lugal fitou entón os transparentes ollos de Avva.

—Quizais non se trate máis que dunha simple cuestión semántica, doutora. Ninguén ignora o necesaria que é a disciplina. Mais, ó mesmo tempo, tamén sabemos que, quen se arrisca a non actuar dentro das normas, exponse a unha destas dúas posibilidades: a

un tribunal, se fracasa, ou a unha medalla, se acerta. En todo caso trátase sempre dunha decisión que cómpre meditar seriamente.

Ela pareceu sorprendida.

—¿Está de acordo con el?

—E confío en que tamén vostede. Xa sei que esta é a súa primeira experiencia no espacio, e aprecio o seu interese por cumprila o máis ortodoxamente posible. Non a censuro por iso, senón que a teño máis ben que felicitar. Mais respóndame agora a unha pregunta: ¿continuaría na Corporación de comprobar que o único que a esta lle interesa é nada máis que a recuperación da astronave, mentres que pode deixar abandonados á súa sorte a varios seres humanos, sen esgotar antes todos os medios para salvalos?... Mañá podería ser vostede quen se atope en parecidas circunstancias. De acordo en que, aínda que lle fose concedida a autorización, nunca debería de ter permitido o comandante Enlil que toda a tripulación abandonase a *Eretz I*. Foi esta unha grave neglixencia pola súa parte. De ter actuado máis reflexivamente non se atoparía agora nesta situación. Mais esta non é razón suficiente para abandonalo. Hai un código non escrito que nolo impide, doutora.

—Quizais esteamos a rifar sen motivo –terciou entón Obed–. Os talentos do Consello moi ben poderían sorprendernos esta vez favorablemente. Saben que canto se relacione con este asunto vai acabar por transcender á opinión pública. Despois de termos chegado ata aquí, xa non poden recuar. Arriscaranse a que sexamos nós os que digamos a última palabra, anque estou seguro de que lles daríamos unha alegría se decidiramos non baixar.

Unha impenetrable negrura continuaba a cubrir a parte do planeta sumida na noite. A cabina, sen embargo, refulxía bañada polo sol. Unha categórica demostración da relatividade duns conceptos coma son os de día e noite que, ata aquel momento crera ter claros. Porque, na realidade do espacio, non existe máis que un único e interminable día, que abrangue do principio ó final dos tempos.

Tampouco esta vez conseguiu descubrir ningunha clase de sinais. Soamente alcanzara a ollar esparexidos e débiles puntos luminosos, causados probablemente por algunha erupción volcánica. Mais, nada nas precisas coordenadas que sobre Edín lles facilitara a computadora.

A resposta fora a que agardaban. O Consello da Corporación Astronáutica amosárase prudentemente cauto. Estaba disposto a autorizar o descenso, sempre que puidesen aportar probas que confirmasen as súas sospeitas de que os desaparecidos podían ser atopados aínda, e mentres non se arriscasen vidas inutilmente. O comandante considerárаa satisfactoria, pois, ¿quen decidía o que podía ser admitido coma proba, ou o que significaba arriscar a vida? ¿É que non representaba risco dabondo o embarcarse nunha travesía como a que xa levaban realizado?

Mais do planeta continuaba sen chegar resposta. Os rexistros da computadora, sen embargo, eran terminantes. Os desaparecidos conseguiran acadar naquel impresionante mundo todo canto precisaran para subsistir.

Un leve sinal acústico lembroulle que remataba a súa rolda de vixilancia. Despertou ó comandante.

—Ningún indicio –informou, respondendo á súa ollada de inquisa.

—Estásenos a acabar o tempo. Se realmente queremos facer algo, non imos ter máis remedio que actuar antes de que nolo prohiban expresamente.

Parecían reducirse cada vez máis as posibilidades. E sabían que, se volvían sen intentar aquel derradeiro recurso, acabarían por seren tachados de desleais, non soamente polos técnicos e astronautas da Corporación, senón tamén polos propios membros daquel cauto Consello, ademais de por todos os estamentos de Eretz.

—Comigo serán máis considerados á hora de aplicar sancións –insinuou Ish.

—Iremos os dous –decidiu o comandante.

—Non, Lugal. Non podo permitir que cometas o mesmo erro que Enlil. Ti e Obed sodes necesarios a bordo para o control da operación. En último caso, sempre vos quedaría o recurso de enviar unha das naves na miña axuda. O esencial agora é convencer á doutora para que sexa ela quen me acompañe. Para nada a ides necesitar aquí, mentres que, na súa condición de médico, pode resultar unha axuda inestimable, no caso de atoparmos feridos.

A cápsula situárase ó bordo do vacío. E permanecían nela, inmobilizados nos asentos polas abrazadeiras, mentres as pantallas proseguían a amosarlles o autoconteo que precede ó lanzamento.

—¿Preparada, doutora? –preguntou Obed.

Esta fixo un aceno de conformidade cun dos seus brazos. Semellaba impaciente, ou quizais nerviosa, anque, coma sempre, aparentase non parecelo. Pero, por máis que conseguira sorprender a todos non pon-

do a menor obxección á suxerencia de que o acompañase, Ish aínda non as tiña todas consigo.

—Respirade profundamente –suxeriulles o comandante– Sentirédesvos mellor.

Case de inmediato, coincidindo cos últimos guarismos da pantalla, e un "¡Boa sorte!" de Obed, percibiron o asubío dos propulsores e, a continuación, o pulo co que o módulo se arredaba da nave, así como a forte presión que comezaba a actuar sobre os seus organismos. Empezaron a zumbarlles os oídos e o sangue pareceu bater fortemente nas súas veas. Ish volveu comprobar de novo sorprendido a desaforada euforia que a aceleración chegaba a producirlle. Ata lle pareceu escoitar unha lixeira e extemporánea risa na súa compañeira.

Cando conseguiu acordar xiraban xa no espacio entre o resplandor das partículas solares e a negrura sen fondo que os envolvía, entrouxados naquel sosego que algúns denominan o "silencio eterno do espacio".

O panel de control, sen embargo, indicaba que seguían a rota prevista. Algo en verdade gratificador, pois da exactitude coa que conseguisen efectuar a incidencia na atmosfera do planeta dependía que a cápsula puidese superar as elevadas temperaturas que a fricción ía producir.

Na seguinte media hora non escoitaron. máis que algúns illados comentarios de Obed. Despois, nin sequera estes. Acababan de penetrar na zona de difracción. O planeta interpuxérase entre eles e a nave e impedíalles a comunicación.

—¿Atópase ben, doutora?

—Perfectamente, Ish. Gracias –limitouse a responder esta.

Non insistiu. Máis importante que tentar establecer comunicación con aquela ocasional acompañante

consideraron verificar as cambiantes lecturas que sobre a súa traxectoria ían aparecendo nos controis.

Uns corenta minutos despois chegoulles de novo a voz de Obed.

—Vémosvos perfectamente, gracias ó reflexo do sol, case que no bordo do planeta. Estades a piques de entrar na atmosfera.

Instantes despois escoitaban os seus berros:

—¡Impresionante!... ¡Ardedes! ¡Estades a arder!... É como ollar a cabeza dun misto queimándose a cámara lenta... ¿Atopádesvos ben?...

—Perfectamente, Obed. Mais non advertimos nada. Nin sequera acusamos o aumento da temperatura.

Cortouse de novo a comunicación. Avva pareceu ollalo entón timidamente. Ish fixo o que puido para tranquilizala. A fricción incendiara parcialmente o escudo protector e a atmosfera que rodeaba a cápsula ionizárase. A consecuencia disto non podían chegarlles as ondas. Volvían estar incomunicados. Mais tratábase dun risco asumible, posto que o módulo podía soportar temperaturas moito máis elevadas aínda.

No momento no que comezaron a percibir a luminosidade exterior a través dos portelos de observación, advertiron como subía o termómetro, anque non chegaron a acusar a variación térmica a causa do illamento dos traxes. O espacio deixara xa de ser negro e amosábase coma unha mestura abrancuxada e, en ocasións, case vermella. A velocidade de caída mantíñase estable e os instrumentos continuaban sen rexistrar ningunha anomalía.

Avva permanecía silandeira onda el. Nin sequera puido descubrir a través do escuro capacete que os protexía dos raios ultravioleta a expresión da súa face.

E foi entón cando se decatou de que estaba a percibir de novo a sensación de peso. Inmediatamente despois pareceu envolvelos unha brétema gris. E os vidros exteriores vibraron como se algo invisible estivese a bater neles.

A radio volveu ferir de novo os seus oídos, rachando o pesado silencio no que se sumira o interior do esférico habitáculo.

—...¿estades ben?... ¿estades ben?...

—Alégrame escoitarte, Obed. Naturalmente que nos atopamos ben. E, segundo observo, a dous mil cincocentos cóbados de altura sobre a vertical de Edín. Será mellor que tomes o mando. Os vidros están cubertos de bafo e non vemos absolutamente nada.

—Recibo datos... estades a baixar perfectamente... Imos iniciar a freada. Un momento...

Produciuse unha interrupción momentánea, mais case de inmediato restableceuse a comunicación:

—LH indícame que esa escuridade que observades débese á presencia de nubes. Síntoo por vós, mais está a chover con toda... ¡Atención!, comeza a freada... Atopádesvos sobre unha chaira. Unha chaira cuberta de vexetación...

—¿Que clase de vexetación, Obed?. É moi importante sabelo. Ti mellor ca nós, podes interpretar estes enguedellados diagramas.

—... árbores. Lugal pensa que se trata de árbores.

—Pois procura deternos antes de que alcancemos ás súas copas.

Podían albiscar xa, baixo eles, a través dunha luz difusa e agrisada, unha extensión verde e húmida, semellante á dun invernadoiro. Mais o cendal que atoldaba as lucernas impedíalles precisar con exactitude de que podía tratarse. Cando se detiveron pareceulles que

flotaban sobre un souto de árbores xigantescas. A chuvieira deturpaba a visión coma se a estivesen a ollar a través dunha lente.

Inmediatamente despois continuaron o descenso. O módulo, tirados xa os pés de aterraxe, golpeou suavemente algunhas pólas e rolou sobre elas buscando a verticalidade, ata rematar por pousarse no medio do verde que cubría o chan. A follaxe próxima principiou a bater repetidamente nos vidros, como abaneada por algunha forza invisible.

—Doutora, está vostede no Terceiro Planeta.

Non podía dicirse que este se excedera ó darlles a benvida, mais o que con tanto entusiasmo acababa de afirmar Ish era, evidentemente, certo.

—¿É todo canto que se lle ocorre? –limitouse a comentar ela.

A voz de Lugal abortou calquera novo intento de discusión:

—Non é o meu desexo presionarvos, Ish, mais considero conveniente que lembredes que a penas vos quedan un par de horas de luz. Todas as lecturas son correctas. Podedes abandonar a cápsula e aforrar osíxeno.

—Sempre tan oportuno, comandante. Ben se ve que non es ti quen se vai ter que enfrontar a esta ventarrada.

Capítulo 2

ENTREABRIU a poterna. O seu caderno de notas remexou violentamente sobre o panel e houbo de suxeitalo para impedir que voase. Despois ergueu o vidro do seu capacete ó tempo que cortaba o suministro de osíxeno. Unha bufarada dun inesperado aire tórrido bateulle na face. A pesar diso puido respirar con normalidade. Era aire, efectivamente, tal como indicaban os instrumentos. Un aire húmido e vivificador, anque sufocante, impregnado do aroma de mil irrecoñecibles especies vexetais.

Fíxolle un sinal á súa compañeira e incorporouse disposto a alcanzar a saída. O peso, algo xa inhabitual neles, e a impedimenta que representaba o traxe espacial sorprendérono desagradablemente. Precisou dun grande esforzo muscular e doutro adicional da imaxinación para moverse. Avva aproveitou a ocasión para facer sair a escada.

Ó traspasar o portelo, e a pesar de non ter máis que entreaberta a gradicela do casco, sentiu como se lle humedecía o rostro. O vento remexía con forza no exterior arremuiñando a auga e abaneando a exhuberante vexetación. A luz era escasa, anque suficiente para percibir canto os arrodeaba. Soamente verdor. O bio-

rradar non detectaba a presencia de ningún ser vivo nas proximidades. A pesar diso desabotoou a funda da súa arma. Logo descendeu con decisión os cinco ou seis chanzos, deténdose con certa e ritual solemnidade no momento de producirse o contacto físico co planeta.

O chan estaba completamente alagado e cuberto de follatada morta. Deulle a sensación de se afundir nel cando tratou de camiñar. Mais non puido completar o seu percorrido en torno ó cativo módulo extravehicular, por estar este demasiado próximo á masa vexetal. Sen embargo, puido decatarse de que non se atopaba completamente horizontal. Unha das súas patas afundírase no lamazal, anque non lle pareceu que perigase por isto a súa estabilidade.

Situándose de costas ó vento ampliou o radio de acción do radar. Na pantalla empezaron a aparecer luciñas de diferentes tamaños e cores. Estaban rodeados por infinidade de pequenas formas de vida. Demasiado pequenas, posiblemente, para poderen ser distinguidas a simple vista naquel momento, a causa da chuvascada. Mais nos lindes do campo que alcanzaba a sensibilidade do artefacto observou a presencia dun ser enorme, demasiado xigantesco para que puidese ser considerado real. Tiña que tratarse dalgunha deturpación debida a aquela ubicación extrema. Mais, para a súa desesperación, o aparello non revelaba a presencia de ningún ser humano, ou de obxectos metálicos distintos do módulo que acababa de abandonar.

Comunicou coa astronave:

—Dubido moito de que, nestas circunstancias, sexa moi de fiar este instrumento –comentou–. Non me parece oportuno iniciar a exploración a cegas, Lugal. Poderiamos correr o risco de caer nunha braña ou o de meternos en terras alagadizas.

—¿Que suxires? –quixo saber o comandante.

—O mais razoable sería pasar a noite no módulo. Mañá, en canto amaine o tempo, teríamos máis posibilidades.

—Por min de acordo. Mais non esquezades que non contamos con moito tempo. ¿Algunha obxección pola súa parte, Avva?

Mais tamén desta volta se amosou a doutora de acordo.

Zoou o vento toda a noite, e seguía a facelo aínda cando a luz principiou a dominar ás tebras. A calor que lles chegaba do exterior resultaba abafante, a pesar do alivio que representaba a refrixeración das capas internas da súa vestimenta. Sen embargo, observaron como mingoaba o bater da auga e dos ramallos contra os vidros. Unhas horas despois deixaba de chover e, no ceo, por riba das altas copas das árbores, e polo medio das nubes, apareceron claros. O seu azul era sensiblemente máis intenso có da atmosfera de Eretz.

Xa non aparecían no radar os pequenos seres da tarde anterior. Agora detectaba, non unha, senón varias formas de vida de enormes proporcións, non lonxe dos límites do alcance de aquel. Mais continuaba sen aparecer sinal ningún que revelase a proximidade dos seus compañeiros ou do vehículo por eles utilizado, que, segundo os datos facilitados pola computadora, debería de atoparse naquel mesmo lugar. A doutora gardaba silencio, ignoraba se por falta de desexos de se comunicar, ou porque, o mesmo ca el, se decatara xa de que a busca non ía resultar nada doada e de que debían de comezar a actuar a toda présa.

Despoxándose do traxe, vestiu unha camisa e unhas calzas longas que lle cubrían brazos e pernas, introducindo os seus extremos nos zapatos, altos e per-

fectamente pechados, de xeito que impedisen a entrada de insectos ou do lixo. Logo untou a cara, o pescozo e as rexións próximas a este cunha crema hidratante. Non lle custou demasiado convencer á súa compañeira da necesidade de facer o mesmo. Tamén ela parecía comprender que por frescos que fosen, os traxes espaciais dificultaban os seus movementos e obrigábanos ademais a ter que satisfacer as súas necesidades fisioló-xicas a través de molestas cánulas e sondas conectadas ós seus órganos máis íntimos.

Cando advertiu que rematara, axudouna a descender da pequena astronave. A indumentaria que adoptara, frouxa, anque cinguida á altura do van, permitiulle comprobar que a súa acompañante era posuidora dunha figura máis esvelta e flexible do que puidera sospeitar.

—¿Podo dicirlle, doutora, que é vostede unha muller realmente atractiva?

Ela revirouse.

—¿Sabe que é vostede realmente un estúpido?

Escoitou, case instantánea, unha sonora gargallada de Obed, situado a un millón de cóbados de altura, a través da radio.

Comprobada a resistencia do arpón e calzadas as luvas para protexer as mans da cortante fibra, empezou a ascender. A calor e o esforzo fixérono escorexar. Sentiu como se humedecían as súas sens e o seu tórax. No aire flotaba un rumor de frondes e sons indescifrables que, ás veces, ecoaba nas fonduras da fraga.

Alcanzou case sen folgos as primeiras pólas e recuperou a corda e máis o proxectil mentres se refacía do esforzo. Avva e o módulo ficaban embaixo medio cubertos pola ramallada. Pero o campo visual non se ampliaba demasiado, aínda a aquela altura. Estaban

rodeados de árbores. Unhas árbores xigantescas, dun tamaño realmente asombroso.

Houbo de gabear de póla en póla moitos cóbados máis, ata poder enxergar a través delas. Entón admirouse unha vez máis da grandura do sol. Tratábase do astro de sempre, o mesmo que aquecía o seu Eretz, mais amosándoselle aquí magnífico, tanto en tamaño coma en esplendor, coma se en realidade fose outro distinto.

Tal como agardaba, atopábanse no medio dunha dilatada foresta que se espallaba coma unha alfombra verde e ondeante, entre o ardor molesto daquel e lixeiros veos de brétema. Cara ó sur víu unha chaira de vexetación baixa e, máis alá aínda, ofrecéuselle un espectáculo novo e sorprendente. Unha superficie lisa e azulada, da que non chegou a descubrir a fin, integramente formada por auga. Algo polo que aquel planeta non tiña rival en todo o universo.

Pareceulle advertir un río fendendo a chaira, mais a forza do sol impediulle precisalo coa debida exactitude. Un rechío feriulle entón inesperadamente os oídos. Onda el pasou rauda unha ave de vistosa plumaxe, sen dúbida alertada pola súa presencia.

Os binoculares permitíronlle precisar algunhas das especies que conformaban a fraga. A maioría eran coníferas; teixos, araucarias –coroadas por longas follas encintadas– e cipreses, principalmente. Mais había tamén magnolios, parcialmente cubertos de flores, así coma carballos tan inmensos como o que acababa de gabear. Algúns exemplares debían de sobrepasar amplamente os cen cóbados de altura. Tratábase dunha natureza realmente prodixiosa.

Principiou a baixar. Unha auténtica revoeira sacudiu entón as copas próximas. Pero esta vez non era a

súa presencia a causa da perturbación. No aire, e coas ás estendidas, planaba un ser dotado dunha monstruosa cabeza, pernas e un longo rabo. A súa envergadura pareceulle superior á de dous homes xuntos. Pasou a certa altura, sobre el, preguiceiro, aínda que maxestoso, coma seguro do seu poder. Decatouse de que as súas ás estaban formadas por membranas, non por plumas.

Cando chegou ás pólas máis baixas descubriu que a doutora empuñara a súa arma e ollaba inqueda cara ó alto, gardándoa soamente cando observou a súa presencia.

—Hai predadores –comentoulle ó se xuntar con ela–, mais parecen ser aves o que buscan. En todo caso temos que ir afacéndonos á idea de poder atopar auténticas sorpresas biolóxicas, mesmo distintas das que xa observaron os nosos compañeiros.

Volveu comunicar coa nave. Tampouco o exame daquela noite dera resultados positivos.

—LH confirma que a vosa traxectoria foi correcta –aseguroulles o comandante–. A marxe de imprecisión non pode pasar dunhas poucas millas. O módulo da *Eretz I* debería de atoparse relativamente preto de vós, a non ser que chegasen a cometer a imprudencia de despegar aínda sen contar con instrumentos de navegación.

De novo flotaba no aire aquela posibilidade.

—Non cabe máis alternativa cá de pensar que poidemos ter sido desviados pola borrasca –argumentou Ish–. Unhas millas pola súa parte e outras pola nosa poden ser suficientes para que se atopen agora fóra do noso alcance. Penso que o máis prudente será que nos dirixamos cara ó punto de onde procedía onte o vento. E, se chegados ó límite do radar non désemos con eles, aínda nos quedaría o recurso de camiñar despois en

círculo mantendo a cápsula coma referencia. Bateriamos moito terreo, sen risco de nos perder.

Lugal amosouse conforme. Non eran moitas as posibilidades coas que contaban. E tiñan que tratar de aproveitalas.

Ish revisou unha vez máis a mochila. Non quería que calquer pequeno esquecemento puidese ocasionarlles dificultades insalvables. No seu interior estaban, efectivamente, o calzado e as mudas da roupa, os vasos e os pratos, así coma os víveres e a auga, dúas pequenas radiobalizas, mistos impermeabilizados, a lámpada, unha lixeira manta aluminizada, que ocupaba o sitio a penas dunha carteira, unha tenda de dúas prazas, o mosquiteiro, as gafas de protección solar, a máquina de afeitar e un coitelo multiuso, con agullas, fío, lima, espello, lupa, asubío, compás e punzón incorporados. Tampouco faltaban as bengalas nin os botes de fume para facer sinais, o machado e o machete, as barras de alimentos enerxéticos, para consumir durante as marchas, o pulverizador de graxa, capaz de manter flexible o calzado, e o botiquín. Non botou de menos nada de canto consideraba que poderían precisar para enfrontarse a un medio como aquel.

Abriu, sen embargo, tamén este último para comprobar se seguía a conter os programados, termómetro, vendas, gasas, compresas, pomadas, esparadrapo, tesoiras, xiringas, colirios, antibióticos, comprimidos, antiinflamatorios, repelentes de insectos, cremas protectoras e algunhas solucións e medicamentos de utilidade aínda ignorada naquel planeta. Pendurou do cinto o machete e, despois de gardar tamén a pistola lanzacabos e o cable, procedeu a examinar a equipaxe da súa compañeira.

Esta repetía só en parte o que el levaba, xa que basicamente contiña un botiquín capaz de facer fronte a

situacións máis graves. Mais el pedíralle que lle engadise tamén un par de cordas máis, outro par de caixas de mistos, un pequeno bote pneumático e papel hixiénico. Respirou satisfeito. Tampouco alí parecía faltar nada.

Antes de fechar a cápsula deixou unha nota sobre a consola. Logo practicou unha longa incisión no tronco do carballo sinalando o sueste.

—Deberemos de evitar no posible todo contacto físico coa vexetación, insectos, quizais tamén réptiles e calquera clase de vermes. Poden resultar perigosos. E deberemos de extremar as precaucións, en especial cando teñamos que separarnos. Camiñe sen présa. Se cansa, dígamo. E se lle molestan os pés, mude os calcetíns. Unha pequena ferida, unha simple bocha, limitaría ainda máis as nosas posibilidades. Talvez fose mellor utilizar un calzado máis lixeiro, xa que o movemento xera calor, e esta acrecéntase cando a transpiración é escasa. Mais o descoñecemento do que poidamos atopar aconsella non facelo... polo menos polo de agora... Séntalle moi ben o sombreiro, doutora.

Botou ó lombo a mochila e a pequena bolsa que contiña a radio e o radar, e abriu a marcha.

Camiñaron sobre un chan estrado de follaxe, a través dunha vexetación mesta, anque agora serenamente calma, de xigantescos fentos arborescentes, raíces e areeiras, que a penas permitía penetrar os raios do sol. A consecuencia disto, a temperatura resultaba máis levadeira do que percibira no alto do carballo.

Todo canto os arrodeaba era como a escenificación do drama da vida e a morte. As árbores esforzábanse por alcanzar a luz, afogando sen miramentos ós seus veciños, de xeito que, baixo elas, na penumbra, entre lianas e ramallos, soamente alcanzaban a medrar algúns arbustos aclimatados á escasa luminosidade. Onda as

que xa viran en torno ó módulo, descubriron outras especies que lles lembraron ós loureiros e ás palmeiras do seu mundo, e algunhas outras cuxa filiación non lles resultou posible establecer, todas elas de grande tamaño.

Os únicos animais que conseguiron ver foron aves e insectos, anque souberon tamén da existencia de réptiles polo rumor do seu cobregueo entre a maleza. As primeiras piaban nos estamentos máis altos da masa vexetal, mentres que os segundos semellaban amosar preferencia polos máis baixos e, en consecuencia, representaban unha auténtica molestia que nin sequera o uso do pulverizador alcanzaba a escorrentar. Os miriápodes e as arañas resultaban particularmente perturbadores a causa do seu tamaño. Se embargo, Ish puido comprobar con satisfacción que aquelas formas de vida que o radar revelara xigantescas ían ficando atrás, ata acabar por quedar fóra do mesmo.

Cara ó medio día, cando se detiveron para xantar, cubriuse de novo o ceo e a vexetación volveu ser mexida polo vento.

—Penso que vai chover. Teremos que improvisar un refuxio.

Avva, cansa e suorenta, a penas ergueu os ollos. Semellaba coma se non se lle ocorrera pensar que as adversas condicións contra as que o módulo lles servira de refuxio durante a noite puidesen chegar a repetirse.

Non tardou Ish en facilitarse unhas varas longas e delgadas que asegurou inmediatamente no chan e contra un cañoto. Os fentos permitíronlle despois construír unha cuberta rudimentaria, xusto no momento no que a tromba de auga comezaba a caer sobre eles.

—Terei que facer outro algo máis consistente para pasar a noite. Non é bo durmir a rente do chan, nin sobre a humidade. ¿Está cansa?

Ela simplemente acenou e, por primeira vez, deixou que un principio de sorriso lle modulase a expresión.

—Non quixera abusar da súa resistencia, doutora. Para que poidamos ter éxito cómpre que non cheguemos nunca ó esgotamento, anque tampouco debamos de esquecer que non é moito o tempo có que contamos. Con esta calor seguramente se atoparía mellor con roupa algo máis lixeira. Sen embargo, as mangas e os pantalóns, ó dificultar a evaporación da suor, refrescan o organismo, ó tempo que nos protexen do contacto coa vexetación. É da maior importancia continuar a utilizala, xa que o menor rabuñazo atraería aínda máis os insectos.

Logo de asentir, a doutora recostouse contra a árbore e fechou os ollos coma se fose durmir. Ish ficou un tanto contrariado. Non resultaba moi comunicativa aquela muller, nin parecía a compañeira máis axeitada para unha tarefa como a que acababan de emprender.

Un par de horas despois, igual que chegara, desapareceu a chuvascada, e o sol volveu pegar de novo nas copas das árbores. Ish procedeu entón a destapar un recipiente que previamente deixara no exterior, cheo agora de auga da chuvia filtrada, e depositou no mesmo un comprimido de iodo.

—¿Que vai facer? –preguntou ela, reaccionando agora con sorprendente rapidez.

—Beber, por suposto. A transpiración é aquí moi intensa. Imos precisar auga en cantidades que en Eretz resultarían asombrosas. Por fortuna parece que aquí a imos poder conseguir sen dificultade, e así gardar as nosas reservas para calquera emerxencia.

—Segue a comportarse vostede coma un auténtico irresponsable. ¿Que sabemos en realidade sobre este planeta? ¿Non lle parece que tomar agora esa auga é un

risco innecesario? Ignoramos aínda que lles puido acontecer ós nosos compañeiros.

—Unha cousa é segura, sen embargo, doutora. Porque anque tamén aquí poidan existir substancias prexudiciais, ningunha delas puido "matar" á radiobaliza do módulo da *Eretz I*. Niso si que estará de acordo comigo. Non é a auga deste planeta a causa ou a orixe do que lles teña podido pasar ós nosos compañeiros, e esta procede, ademais, da chuvia. As probabilidades de que poida estar contaminada son mínimas. Trátase dun risco calculado. Anque vostede se empeñe en tratar de demostrar a miña completa falta de capacidade, pódolle asegúrar que dei sobrevivido máis veces das que poida imaxinar en circunstancias nas que a maioría dos humanos terían perecido.

Humedeceu os beizos e despois bebeu. Primeiro un pequeno grolo e, logo de saborealo, varios máis.

—As leis da natureza son as mesmas en todo o universo –engadiu logo, a xeito de xustificación–. Non hai diferencias. Todo canto existe é o resultado da combinación dalgúns dos elementos químicos fundamentais. É o entorno o que condiciona o resultado. Afirmar que cada especie de cousa poida estar dotada dunha facultade específica pola que actúa ou produce determinados efectos, equivale a non dicir practicamente nada. Pero, deducir deses efectos os principios capaces de explicar as propiedades e as accións de cada unha desas especies, representa xa un acto científico. A ciencia é, en esencia, causas, etioloxía. Dígolle isto porque non considero que deban de existir demasiados motivos para crer que, cos nosos coñecementos, non poidamos chegar a determinar sen problemas que podemos ou non tomar. Este é o fundamento de toda acción de supervivencia.

—Iso non deixa de ser unha estupidez, Ish, e vostede sábeo. Ignoraba que fose tamén un evolucionista. Por que, segundo o que acaba de dicir, en entornos idénticos cabería esperar idénticos resultados. Mais a variedade que estamos a observar, desenvolvida no mesmo entorno, demostra o contrario. Tampouco son semellantes ás de Eretz ás condicións deste planeta. Se quere xustificar un suicidio, mellor será que busque outras razóns.

Rematou o contido do recipiente.

—Non comparto a súa opinión acerca do que son o entorno ou as condicións ambientais –comentou despois–. En palmos, mesmo en distancias micrométricas, poden darse infinidade de entornos capaces de conducir a moi diferentes resultados. E deberá de ser o estudio de cada un deles o que nos explique por que e como se produciron. Tampouco atopo acertada a súa afirmación de que poidan ser as de Eretz unhas condicións diferentes das que nos rodean. Polo menos, que resulten tan diferentes. Certo que Eretz atópase a unha distancia do sol tres veces maior ca este planeta, mais tamén o é o feito de que as diferencias de grosor e densidade, e polo tanto da capacidade de absorción calorífica, de ambas atmosferas reducen sensiblemente a desigualdade que semellante distancia debería de marcar. De feito, ambos son os únicos astros, que saibamos, que sustentan sobre eles vida organizada, anque esta segue a ser potencialmente posible en todas partes. Como sabe, téñense atopado microorganismos en satélites mortos, e mesmo nos meteoritos que nos chegan do espacio, lugares onde son practicamente nulas as súas posibilidades de prosperar. Mais faríano, sen dúbida, de atopar esas condicións axeitadas nas que vostede non parece confiar. E isto é así, supoño, porque o

núcleo da vida, as proteínas que controlan a química da célula, e os ácidos nucleicos que transportan a información hereditaria, é o mesmo en todos os seres vivos, dende o máis simple, ata o propio ser humano, pasando por árbores e plantas.

Ela pareceu observalo, agora con marcado interese.

—En resumidas contas –espetoulle despois–, está a tratar de dicirme que, aínda que poida parecer que estamos sós, a realidade é que nos atopamos arrodeados de parentes e amigos por todas partes.

Ish non puido evitar esta vez unha gargallada. E sorprendeuse de non escoitar de novo, a través dos auriculares, o riso contaxioso de Obed.

—Ignoraba, doutora, que tamén tivese vostede sentido do humor.

Non volveron falar no resto da tarde, anque continuaron, un onda o outro, mentres proseguían o seu lento progresar.

Pouco antes do solpor percibiron un cambio ó seu arredor. Cesaran os cantos e os rechouchíos das aves, así como o constante acoso dos insectos. Mais outros ruídos e novos rumores invadiron a foresta. No radar volveron aparecer infindos sinais de moitos outros pequenos seres. Afortunadamente aquel desmesurado rastro que tanto os alarmara a tarde anterior parecía terse definitivamente esvaído.

Detivéronse onda un xigantesco magnolio do que se descolgaba unha póla a escasa altura do chan. Un excelente lugar para construír facilmente un ventilado refuxio.

—Mentres amaño onde pasar a noite lave a súa roupa –pediulle entón–. Esmérese, en especial cos calcetíns e as partes máis suadas... Como sabe, o xabón é a mellor de todas as medicinas preventivas. ¡Ah!, apro-

veite a auga do chan. Non sabemos aínda canto tempo imos ter que necesitar a que levamos.

Rematado o labor, limpou de follatada os arredores do refuxio e, a continuación, lavou e mudou a súa propia vestimenta. Avva axudoulle a tendela despois sobre as matogueiras próximas.

Feito isto volveu porse en contacto coa nave. A noite presentábase despexada e cabía a posibilidade de que esta puidese ser observada dende terra. Era da máxima importancia que permanecesen atentos. Cando rematou de falar, xa o fusco invadira a foresta uniformando as cores e as sombras.

—¿Por que non utiliza a tenda? A súa montaxe é bastante menos traballosa cá dun refuxio coma este.

—Afogariamos nela coa calor –limitouse a responder.

Repentina e sorprendentemente, a doutora rompeu a rir.

—Desculpe –escusouse–. Non consigo afacerme a velo coa cara untada. A verdade é que debemos de parecer cushis ou khabires coas súas pinturas de guerra.

—Non resulta agradable, dende logo, anque si necesario. Pero, se é o seu aspecto o que lle preocupa, podo asegurarlle que continúa tan atractiva como antes de terse repintado.

Ela borrou o sorriso. Despois acendeu a lámpada de enerxía solar que pendía do teito e empezou a preparar a súa refección. Ish imitouna. Era evidente que non lle agradara o comentario.

Máis tarde, mentres xantaban, fíxolle unha pregunta:

—¿Como faría vostede para orientarse se, por calquera circunstancia, chegase a quedar soa?

A doutora pareceu momentaneamente desconcertada, coma se tampouco tivese chegado a considerar semellante eventualidade.

—¿É que me toma por unha estúpida? Sei que tamén aquí sae o sol aproximadamente polo leste, e que se pon así mesmo aproximadamente polo oeste. E como nos atopamos no hemisferio norte, ó mediodía sinala o sur. Á parte disto, mentres vostede se divertía esta mañá no alto daquel carballo, adaptei a esfera do meu compás ás condicións deste planeta. E teño, ademais, conectado o meu reloxo á radiobaliza do módulo. ¿É suficiente?

Manifestouse como se, ó facelo, quixese desafogar a súa carraxe.

—Tampouco me agradaría que me considere un estúpido a min, doutora –replicou el–. ¿Que clase de adestramento sería o seu se ignorase cousas tan elementais coma esas? A miña intención era saber soamente que faría sen compás, reloxo, radio ou sol ¿Como se orientaría en tales circunstancias?

—¿Deixando migallas no chan? –preguntou ela á súa vez.

—Estamos a deixar, efectivamente, sinais co machete. Mais non era por este camiño por onde a quería levar. Voulle amosar algo. Veña.

Conduciuna fóra e iluminou o tronco do magnolio. Ó seu arredor reinaba xa a máis absoluta escuridade. Nin a menor luminosidade estelar conseguía traspasar o obstáculo que representaba a tépeda cuberta vexetal.

—É un método que utilizan moito os pobos primitivos e que tamén podería sernos aquí de utilidade. Todas as árbores amosan unhas diferencias de cor nos seus troncos. Isto débese ós liques, que se concentran

sempre na parte que apunta cara ó punto de procedencia do vento. Na que gabeei esta mañá puiden comprobar que sinalaban o sueste. Isto non pode significar máis que o sueste é o vento dominante nesta zona. Naturalmente, esta circunstancia obsérvase mellor nos troncos illados e nas súas partes máis altas. Confío en que non teñamos que recorrer a este sistema, mais é conveniente que o coñeza. Poderá así, no caso de que sexa necesario, volver soa ó modulo. De todos os xeitos non é un procedemento moi fiable, e convén confirmalo sempre con varias árbores distintas. Tamén lle suxiro que trate de calcular as distancias. É indispensable saber en todo momento a canto nos atopamos do noso punto de partida. Non é difícil. Nun paseo normal desenvolvemos unha velocidade dunhas tres ou catro millas por hora. Aquí, sen embargo, con esta calor, o peso da mochila, e a vexetación, a penas debemos facer pouco máis dunha simple milla.

A doutora, logo de escoitalo, fitouno un instante.

—Parece tomar moi en serio o seu labor –comentou despois–. ¿Tan gratificante lle resulta?

Ish sorriu.

—É posible que ignore o que lle vou dicir, mais asegúrolle que se trata dunha realidade estatisticamente contrastada. O número de víctimas que ocasionan a imprevisión e a ignorancia é moi superior ó causado polos terremotos, os temporais, ou os accidentes. Todo ser humano é víctima, polo menos unha vez na vida, dunha catástrofe natural. E dicir, que se ten que enfrontar a unha situación límite na que necesita valerse, ou axudar a outros, contando soamente cos recursos do seu enxeño, ou cos medios que a natureza poña ó seu alcance. A pesar disto, non sendo nalgúns corpos militares de elite, non se adestra a ninguén a desenvol-

verse en semellantes circunstancias. A este respecto os habitantes das cidades resultamos especialmente vulnerables. A maioría non poderiamos sobrevivir abandonados na tundra ou nun deserto. De nada serve que os biólogos consigan saber canto pode resistir un home sen auga, ou sen alimentos, ou canta calor e canto frío, ou canto ruído, cantas horas de soidade, ou de absoluto silencio pode soportar, porque, sen unha axeitada preparación, case que todos os seres humanos sucumbiríamos a condicións nas que outros atopan medios para fornecer as súas necesidades. "Ensínannos a voar, mais non a sobrevivir", confesoume un piloto que recollín nunha ocasión cando estaba xa a piques de perecer, despois de ter realizado unha aterraxe de emerxencia.

—Tampouco o adestramento dos membros da Corporación é todo o axeitado que debería –admitiu ela–. Eu mesma descoñezo cousas que vostede considera elementais. Admito que sexa unha autoridade na materia. Ninguén parece coñecer tan ben ós primitivos, nin ter experimentado coma vostede a capacidade de adaptación do ser humano tanto no interior de covas, como nos máis inhóspitos páramos, nos que o frío impide a cicatrización do máis lene rabuño, os metais queiman, e as bágoas, ou mesmo o mexo, xéanse antes de alcanzar o chan. Pero, ¿non lle parece que se está a exceder? ¿É o home tan capaz como pretende?

—Non a comprendo.

—¿Non foi vostede quen escribiu que é posible sobrevivir a un lanzamento sen paracaídas?

Tampouco foi quen Ish de evitar outra vez unha gargallada.

—¿Pode haber alguén capaz de afirmar semellante disparate? –acabou por preguntar–. Se se tivese moles-

tado en ler algún dos meus manuais, comprobaría que soamente me limitei a referir neles os dous ou tres casos nos que, incomprensiblemente, houbo quen conseguiu saír con ben do lance. Se non me tomei a molestia de rebater ós medios informativos por manifestarse no sentido que vostede acaba de mencionar, foi porque me conviña. O insólito vende moito, como sabe. E considero importante que a xente chegue a acadar certos coñecementos. Alguén haberá que teña que agradecermo. Son aínda tan crédulo que confío en que algún día acaben por ser impartidas estas disciplinas e as dos primeiros auxilios, nas escolas e nos acampamentos da xuventude. A experiencia demostra que as persoas debidamente adestradas actúan con tranquilidade nas situacións límite, e teñen sempre reaccións humanitarias, mentres que as que non o foron son fácil presa do pánico e rematan por sacar a relucir canta vileza os humanos levamos dentro.

Volveron ó interior do cobertizo. A calor seguía a ser atafegante, e agora deixábase oír un orquestrado concerto de ruídos e murmurios. Avva sentou sobre a mochila.

—¿De verdade que alguén coma vostede pode crer posible que, pola influencia do entorno, reaccións químicas, trastornos aleatorios, mutación, selección natural, necesidade de adaptación, ou simple azar, teñan podido producirse a infinita perfección dun ollo, a complexidade do ácido desoxirribonucleico, co seu código xenético incluído, ou un cerebro, anque sexa o da máis rudimentaria especie? ¿Ou que foron estas as causas que determinaron a precisa estructura dunha tea de araña?

A doutora falara esta vez con repousada tranquilidade, coma se tivese xa meditado canto estaba dicir.

—Vostede parece non admitir a evolución –tratou de argumentar el–. Moi ben, de acordo. O mundo debátese agora entre aqueles que a defenden e os que a detraen. Os fósiles, sen embargo, fálannos de experiencias biolóxicas que non poderiamos comprender sen tela en conta. E agora pregúntame por cousas que ninguén ten aínda a capacidade de explicar satisfactoriamente. Sei o que pretende. Pero direille que, se analizaramos desapaixonadamente a historia, dende os tempos máis remotos, observaríamos que, cada vez que o home tratou de explicar as causas dos efectos que lle era dado presenciar, tan axiña como a súa mente se viu incapaz de atopar unha explicación doada para as mesmas, deu por rematada toda investigación e atribuíullela ós deuses.

—Todos os científicos cren poder porlle unha idade ó universo, –teimou ela–. ¿Que había, entón, antes deses catro, cinco, ou vinte mil millóns de anos nos que se supón que aconteceu o grande estourido primixenio? ¿Nada?

—Podería simplemente non haber universo, o que, en esencia, é algo distinto a que non houbese *nada*. ¿É que pretende que falemos de Deus?

—Ó final resulta sempre inevitable.

—Se cadra –admitiu Ish–. Por iso talvez deba referirlle antes que nada o que lle aconteceu a certo amigo, que se sentía un tanto acosado polas dúbidas. E non podo tachalo de malintencionado ou de descrido, pois non houbo posibilidade que non tivese chegado a considerar.. Mais todos os seus razoamentos, toda a súa brillantez, e toda a súa capacidade de análise, esfarelábanselle sempre diante desta argumentación: ¿se Deus non ten necesidade ningunha do universo, que motivo puido ter para crealo?... Un día acabou por confesarme

que se volvera decididamente ateo: "descubrín algo máis grande ca Deus", aseguroume moi convencido.

—¿Que está a tratar de demostrar? O seu amigo partía do erro de considerar que Deus existe soamente en virtude do apoio que recibe do universo, o cal resulta inadmisible, posto que El é anterior ó propio universo.

—Sen embargo, convirá comigo que, aínda que aceptemos esa consideración, tampouco resulta moi doado atopar unha explicación plausible para a existencia de un nin do outro. ¿Creouse Deus a si mesmo?... ¿Poido ter creado un universo diferente ó que creou?... ¿Poido xurdir este da nada?... ¿Existe de sempre?... ¿Comprende? Ninguén ten tampouco aínda respostas satisfactorias para estas cuestións. Sen embargo, penso que se o meu amigo chegou a descubrir realmente *algo*, na súa dúbida atópase agora moito máis preto do coñecemento de Deus.

—Iso resulta xa algo máis razoable –admitiu ela–. Pero dígame agora, ¿cal pode ser entón a causa de que os elementos se axunten ou se separen? ¿Por que se produciu ese estourazo inicial? ¿Pode non haber "nada", ou "ninguén" detrás de canto acontece?...

Ish tomouse un momento antes de responder.

—As relixións maioritarias colocan hoxe a Deus fóra do universo, outorgándolle o seu control –afirmou despois–. Os pobos primitivos, pola contra, situaban as súas divindades no interior do mesmo, considerándoas simples administradoras dun universo xa existente. Quizais debamos de facer sobre isto unha fonda reflexión filosófica. Moi ben podería resultar que non fosen conceptos tan opostos como parecen.

A doutora gardou silencio un intre, como quen agarda unha máis detallada explicación. Coma esta non chegase, teimou de novo:

—Vostede realizou entre os primitivos algunhas das súas máis coñecidas experiencias. Mesmo presume de ter antepasados khabir, e destes afírmase que sosteñen que "a existencia é eterna e perpetua". ¿É nisto no que cre realmente?

—Observo que le vostede moito, doutora. Antepasados khabir debemos telos todos, e, naturalmente tamén eles teñen algo que dicirnos: "se Deus creou o mundo –razoan–, ¿onde se atopaba antes da súa creación? ¿Como o puido realizar, sen materiais?. Mais, se dis que elaborou estes primeiro, para construír despois o mundo, enfrontaste a unha regresión infinita. Has de saber que o mundo é increado, coma o mesmo tempo, sen principio nin fin..."

Ela gardou novamente un breve silencio, esta vez coma se estivese a pescudar a intencionalidade daquelas palabras.

—Como di o seu pai, "a Ciencia é a miña relixión"....

—..."e o universo a nosa patria" –concluíu él sorrindo.– As únicas realidades axiomáticas, doutora son que a verdade é sempre subxetiva, e que é moi pouco o que sabemos. De momento semella tan sensato pensar que o universo puido ter un principio, coma que non o tivo.

—Para vostede isto parece ser un desafío –apuntou despois a ela, mundando de tema, coma se xa se convencera de que as súas non eran posicións concordantes–. ¿Atopa algunha diferencia entre o que está a facer agora e as súas actividades, chamémolas deportivas? ¿Por que aceptou esta misión?

—¿Serviría de algo dicirlle que viría igual, anque non se atopase o meu pai entre os desaparecidos?

—¿Talvez por Lilith?...

—É vostede obcecada... naturalmente que vin por Lilith, o mesmo que por Enlil e Aratta, ós que non coñezo absolutamente de nada. E viría tamén por vostede, se fose necesario. Parece esquecer que os humanos, a pesar de todos os nosos defectos, somos gregarios. Encántanos a compañía e preocupámonos uns polos outros. No fondo somos moito máis solidarios do que poida parecer.

—Gústame iso. Tamén quixera eu crer na fraternidade humana.

—Sen embargo, todos os estudios de comportamento así o demostran. Aquelas sociedades que prodigan afecto polos fillos tenden a non caer na violencia, no roubo, na ostentación, ou na relixión organizada. Pola contra, as que lles furtan as súas caricias, ou as que os someten a castigos físicos ou á represión sexual, desenvolven adultos violentos, proclives a admitir dependencias sobrenaturais, ou mesmo a manter a inferioridade da muller.

A doutora enrugou o cello esta vez.

—Empézame a resultar difícil seguir os seus razoamentos –queixouse con mal contida acritude–, ou saber coma realmente pensa. Quizais aconteza que ten unha visión moi particular das cousas, ou que, no fondo, non sexa máis que un simple hedonita. Mais a realidade é que difiren os nosos particulares xeitos de entender as cousas. A min, por exemplo, desagrádame esa promiscuidade que vostede parece atopar tan estimulante. E agradeceríalle que, mentres esteamos xuntos, teña polo menos a delicadeza de pór a camisa. A calor non é ningunha razón que xustifique a exhibición do seu tórax diante miña... Boas noites.

E deitándose sobre o xergón de fentos viroulle as costas.

Ish tardou uns instantes en reaccionar. Logo, rematou de vestirse, descolgou a lámpada, e saíu.

—Poña a manta de aluminio por debaixo –aconselloulle–. Non sabemos que pode haber no chan. E cúbrase co mosquiteiro.

Fóra, mesturado co arrecendo das magnolias, flotaba o murmurio da foresta e das criaturas que a poboaban. Mais a penas mirraba a calor. A pantalla do detector recollía agora a presencia dalgúns pequenos seres nas proximidades e, a certa distancia, outros de maior tamaño. No alto, entre as aberturas das copas das árbores, víanse algunhas estrelas. Mais non puido descubrir a través daquel reducido espacio sinais das astronaves.

Por un momento tratou de imaxinar o determinante da complexa combinación de moléculas orgánicas, ácidos nucleicos e códigos xenéticos que deran coma resultado unha personalidade como a da doutora. Mais deixouno de inmediato para botarlle unha ollada ós gráficos e bocetos que lle facilitara LH, cos froitos, as plantas, e os animais comestibles dos que quizais tivesen que botar man se a súa estancia naquel mundo se prolongaba máis do previsto. A identificación destas especies fora labor do seu pai. Poderían utilizalas, pois, na confianza de que se trataba dunha información debidamente contrastada. Unha boa parte presentaba similitudes cos de Eretz.

Un súpeto e lixeiro rumor alarmouno, naquel momento. Un rumor que parecía proceder da cuberta do refuxio. Enfocou este rapidamente. O cono luminoso da lanterna permitiulle descubrir entón unha sorte de pequeno esquío, ou talvez unha fermosa rata peluda, convertida en estatua durante os instantes que lle durou a sorpresa. Os seus ollos permaneceron abertos, coma se estivera hipnotizada. Logo, o animaliño

desapareceu coma un lóstrego. A presencia dos dous expedicionarios tiña que resultarlle desconcertante, e, posiblemente, molesta.

Debía tratarse dun mamífero. Toda aquela ubérrima exuberancia non era, pois, soamente reino de insectos, réptiles, aves, ou monstros alados. Parecía haber tamén mamíferos entre os ocultos e noctívagos responsables do tumulto que remexía a selva. O sorprendente era que un mundo daquelas excepcionais características puidese estarlle vedado ó home.

Iluminou un momento o interior do refuxio. A doutora atendera as súas indicacións, e descansaba agora sobre a manta, cuberta polo mosquiteiro. Pareceulle que tiña os ollos abertos.

Non fixo falta que a despertase. A penas entrou no alboio viu como se incorporaba, botando ó mesmo tempo mecanicamente a man ós zapatos. Ish guindoullos dun golpe ó chan. Despois tomounos polas puntas e bateu un contra outro. Por último inspeccionou o seu interior con meticulosidade axudándose coa lanterna.

—Aínda que sexa un tanto diferente á nosa, non coñecemos o suficiente a fauna deste planeta como para pensar que non poidan existir tamén aquí escorpións, formigas ou cóbregas –explicoulle–. Deberá de observar esta precaución cada vez que se calce, anque sería incluso mellor que durmise cos zapatos postos.

Ela farfallou algo entre dentes e, despois de tomar o radiorradar e a lámpada, colocou os auriculares e saíu fóra. Ish non tardou en quedar durmido.

Despertou ó abrente. A doutora continuaba no exterior e, na súa face, advertíanse as consecuencias da longa vixilia. Do pequeno fornelo que manexaba ascendía o aroma das infusións que adoitaba prodigar.

—Acabo de falar con Lugal –informou secamente–, tampouco esta noite advertiron nada.

A pantalla do radar seguía a amosar o mesmo panorama que durante a noite, e o rumor circundante tampouco variara substancialmente. Pero o trazo luminoso que sinalaba o lugar que ocupaba a cápsula que ata alí os conducira, atopábase situado xa case que no medio da área que abranguía o aparello.

—Se conseguimos manter este ritmo, poderiamos alcanzar hoxe mesmo o límite –comentou.

A doutora sacudiu e examinou a roupa que deixaran a secar, gardándoa en cadansúa mochila, unha vez comprobado que non fora ocupada por ningún inoportuno visitante. Ish, seguindo o seu costume, bebeu un pouco de auga antes de tomar a ración de alimentos. Ela ofreceulle entón o resto da infusión. Aceptouna por cortesía. Sen embargo, houbo de recoñecer que lle resultou reconfortante.

Dúas horas despois, cando alcanzaban un cativo regato, advertiron un cambio, tanto nos murmurios que poboaban o aire e as fonduras da selva, coma na propia estructura da mesma. Un estrondo de chíos e rechouchíos de aves semellaba envolvelos agora, mentres que desapareceran xa as pequenas formas de vida e xurdiran de novo espallados sinais de seres de maior tamaño. Mais a pequena abertura entre a maleza pola que discorría aquela cativa corrente, fora suficiente para producir outro cambio notable. Nas súas inmediacións medraban plantas con flores, sobre as que revoaban abellas e bolboretas, e mesmo unha libeliña autenticamente xigantesca. Árbores de codia de escamas, que parecían atopar naquel lugar o seu hábitat ideal, inclinaban as súas pólas ata alcanzar cos seus extremos as partes húmidas do chan. Onda elas

medraba tamén un xeito de canaval de colosal altura; das xunturas de cales canas partían aneis formados por follas finas e aguzadas.

Salvaron o regato dun chimpo. O rumor que produciron foi dabondo para facer erguer o voo a varios patos asustados.

E aínda había algo máis. No bordo areoso do cauce descubriron as pegadas deixadas por un ser dotado de tres dedos en cada extremidade.

—¿Que opina, doutora?

Avva puxo a planta dun dos seus pés onda elas e deixou que este a sostivese.

—Non parece pesar máis ca nós –comentou despois de comprobar o resultado–. Loxicamente debe tratarse dun ser dunha envergadura tamén semellante á nosa.

—E bípedo –puntualizou el.

—Posiblemente. Mais para podelo asegurar necesitariamos dun maior número de pegadas. Coas que deixou non é posible saber con certeza se utiliza dous ou catro membros para desprazarse. ¿Supón acaso que tamén neste planeta poida haber vida intelixente?

—Existe esa posibilidade. Ten que haber algunha explicación para o feito de que os nosos compañeiros sigan sen dar sinais de vida.

—E considera ó bipedismo como determinante do aumento da capacidade craniana, circunstancia que, inevitablemente, produce un maior desenvolvemento do cerebro e, por conseguinte, da intelixencia... Síntoo por vostede, Ish, mais a existencia das aves, seres tan bípedos coma nós, pero moito menos intelixentes, demostra a inconsistencia desa teoría.

—Sen embargo convirá comigo en que, entre todos os seres vivos, bípedos ou non, soamente o

home pode falar, pensar, orientar as súas emocións, exercer o libre albedrío, ou mesmo chegar a comprender o proceso que lle deu orixe. E tamén somos nós os únicos que dedicamos unha grande parte do cerebro a controlar a habilidade de manipular obxectos, cousa que dificilmente tería podido acontecer de andarmos a catro patas.

—Coma vostede moi ben di –pareceu aceptar ela–, os primitivos atribuíronlle á divindade a responsabilidade de todo aquilo que non eran capaces de explicar. Para compensar esta actitude, na actualidade, certos científicos limítanse a atribuírllo á evolución. Quizais, no fondo, non se trate máis que doutro xeito de cometer o mesmo erro.

—Admito que é unha resposta intelixente –concedeu Ish–. O que non significa que sexa acertada. ¿Deixámolo así, polo de agora, doutora? Temos aínda un longo camiño por diante.

Moito antes do mediodía, decatouse do seu estado. A doutora camiñaba cada vez con máis dificultade. E semellaba completamente esgotada, anque non chegara a queixarse en ningún momento.

—Vai chover outra vez. Improvisarei un cuberto para protexernos.

E cando estiveron no seu interior, engadiu:

—Durma se quere. A arroiada pode durar horas.

Comprendía que o estaba a necesitar, pero non soubo se ela chegou a decatarse de que o da chuvia non pasaba dunha desculpa para xustificar a detención. El mesmo se sorprendeu cando, pouco despois, unha auténtica rega acalaba todos os rumores da selva e alagaba os arredores do refuxio, provéndoos ó mesmo tempo de novas reservas de auga.

Reanudado despois o camiño, non conseguiron avantar o previsto. Faltaba moito aínda para que o sinal do módulo se situase nos lindes do campo cando houberon de desistir. Non resultaba fácil abrirse paso a través da vexetación e dos lamazais con aquela calor e o peso dos fardos aínda naquel terreo chan. Chovera moito e facíase notar. Mais o que os obrigou a deterse, antes incluso da hora habitual, non foran o cansazo nin as dificultades, senón aqueles intensos parpadexos do detector. Semellábanse ós observados o día anterior, só que, desta volta referíanse a seres situados diante deles. A distancia aínda, mais na senda que debían de seguir.

Despois dun silencioso refrixerio, Avva pediu facer a primeira rolda.

—Os sinais continúan no mesmo lugar –advertiulle.

—Gracias, doutora. Descanse vostede agora.

Afastouse do refuxio. Necesitaba comunicar co *Eretz II*. Unha idea fixa remexíalle na mente. Algo que nin sequera o deixara de perturbar durante o sono. Tardou case que unha hora en conseguir establecer contacto.

—Ponme con LH –pediulle a Lugal.

E cando tivo a este en comunicación solicitoulle toda a información que sobre a fauna daquel planeta lle fora facilitada.

—Algunha teño –respondeulle a computadora–, mais nada sobre mamíferos. Concrete algo máis a súa pregunta.

—¿Que parece ter causado maiores preocupacións ós ocupantes do *Eretz I*?

—Os lagartos, sen dúbida. Rexistraron nada menos que dezaseis especies diferentes. En xeral foron os de tamaño mediano os que máis pareceron inquie-

talos a causa da súa dieta e da súa voracidade. Unha boa parte deles son carnívoros.

—¿Os grandes non?

—O profesor Ebel cre que todos estes son vexetarianos.

—Un dato moi interesante, LH. ¿Algunha outra precisión sobre os seus costumes ou as súas características?

—Unha moi importante, ó meu xeito de ver, señor: durante a noite, e nas horas inmediatamente anteriores ou posteriores a ela, os lagartos dormen.

Unha información que o deixou desconcertado. Os lagartos durmían durante a noite, e mesmo nos momentos que anteceden ou seguen á mesma. Decatouse do que isto podía significar. Tratábase, posiblemente da mesma condición que afectaba ós réptiles de Eretz. Estes seres carecen do mecanismo homotérmico que lles permite ós mamíferos e ás aves regular a súa propia temperatura. Por iso, os ofidios só poden desenvolver a súa normal actividade dentro dos límites de determinados niveis térmicos.

Pareceulle, sen embargo unha incoherencia que un clima como o do Terceiro Planeta, no que estas variacións non parecían resultar en exceso apreciables, puidese influír no metabolismo dos seus lagartos ata o extremo que indicaban os informes da computadora. Comprendeu entón as razóns para os costumes noctívagos dos pequenos seres de sangue quente, necesitados de manterse a cuberto do acoso e da voracidade das especies mellor dotadas. E decatouse tamén, de que, á marxe das reducidas posibilidades coas que contaban para localizar ós seus compañeiros, no mundo que os arrodeaba, dormentes ou non, había toda unha estirpe de lagartos da que debían protexerse.

Atopábanse xa a escasa distancia do obxectivo e facíase necesario extremar as precaucións.

—A partir desde momento, doutora, deberemos de levar as armas na man.

—¿Os monstros xa?

—Pode chamalos así, se quere. Ignoro que é o que nos espera aí adiante, anque quizais sexan lagartos.

—¿Dese tamaño?

—Xa lle dixen que se trata dunha posibilidade. Debe de saber que, anque aínda non os teñamos visto, son os seres que máis deben preocuparnos neste planeta. Pero sexan ou non lagartos o que temos dediante, máis vale que non nos collan desprevidos.

Continuaron o avance, agora en silencio. A vexetación rareaba por momentos ó tempo que e a luz cenital se facía cada vez máis intensa, aumentando con ela a intensidade da calor. Inesperadamente principiou a soar o radar.

—¡O módulo! –exclamou a doutora.

O sinal procedía do límite do alcance do aparello medido a partir do punto ó que acababan de acceder naquel momento. Mais o son e a frecuencia parecían non ofrecer dúbidas. Resultaba moi pouco probable que puidese haber ningún outro obxecto esférico e metálico naquel lugar. Por forza tiña que tratarse do módulo co que os seus alcanzaran o planeta. Achábase tal como previran, a un razonable número de millas de distancia do punto no que aterraran. E con el, deberían atoparse aqueles ou, polo menos, a explicación do seu silencio. O único autenticamente inquietante naqueles momentos era observalo na pantalla rodeado por aquelas arrepiantes formas de vida que ata entón viñan tratando de evitar.

A voz do comandante pedindo confirmación da nova, fíxoos acordar.

—Debe tratarse do módulo, efectivamente –explicoulle–, mais, para alcanzalo, teremos que pasar a través dun grupo de seres que, polo que o radar indica, poden resultar perigosos.

—¿Non podes precisar máis?

—Non, mentres non saiba de que se trata.

—De acordo, Ish. Mais non vos arrisquedes, nin cortedes o contacto.

Antes de continuar o avance colocou unha das radiobalizas que portaban na póla dun carballo. Unhas poucas millas máis e o sinal da súa cápsula, que lles servira de referencia ata aquel momento, ficaría fóra do campo de sensibilidade do radar. Necesitaban outra que lles garantise o retorno.

—Parece confiar moito nestas armas –comentou Avva, a penas comprobou a correcta recepción do novo sinal–. ¿Non se lle ocorreu pensar que poden resultar inútiles fronte a semellantes espécimes?

—Deixe de actuar sempre coma avogado do diaño, doutora. As pantasmas asustan sempre máis de lonxe que de cerca. Saibamos primeiro de que se trata, o tamaño non sempre é indicio de perigosidade ou de fortaleza.

Había un revoar de aves nas copas das árbores e un zoar de insectos en torno a eles. A calor resultaba agora atafegante e a forza do sol cada vez máis violenta. Pero a cor do ceo amosábase abrancazada, coma se o toldase unha lixeira brétema. Os preocupantes sinais continuaron a se achegar a eles mentres avantaban.

—¡Mire iso, Ish!

Dúas enormes criaturas sobrevoaban o espacio cada vez máis amplo que xurdía no medio da foresta.

Tratábase de dous seres escuros, en todo semellantes ó que viran o primeiro día, de aguzadas envergaduras e sen plumas, case tétricos. ¿Lagartos tamén? En nada se parecían ás aves por eles coñecidas, ou ás que observaran naquel mesmo mundo.

—Manteñámonos ó abeiro da vexetación. Nel non se poderán valer, se tratan de atacarnos.

Alcanzaron o somonte case de improviso. O terreo descendía alí varios cóbados, permitíndolles a contemplación dunha bouza chea de brañas e vexetación baixa sobre a que bailaba aquel sol enceguecedor. Houberon de protexer os ollos utilizando as gafas. Un río espreguizábase fendéndoa case polo medio, cara, sen dubida, a aquel mar enxergado dende o alto da árbore do primeiro día.

Sentiu a man da doutora presionando sobre o seu brazo.

—Ish..., ¡mire!..., ¡son horribles! Non poderemos pasar.

Tardou uns intres en decatarse da causa da alarma da súa compañeira. Despois viunos perfectamente; a pesar da distancia á que se atopaban e das molestias que lle producía a luz. Medio afundidos nas brañas e na lama, asomando por riba delas un interminable pescozo rematado nunha cabeza desproporcionadamente pequena e parte dun descomunal corpo. ¡Os lagartos! As misteriosas formas de vida que o radar viña detectando dende a mesma noite da súa chegada, movíanse naquel elemento, pousóns, remexendo, choutando, ou afundindo nel fauces e pescozos, á procura sen dúbida de herbas e raíces. Comprendeu a reacción da doutora. Resultaban realmente aterrecedores.

—¿Para que continuar? –farfallou esta de novo–. É doado imaxinar que lles puido acontecer ós nosos compañeiros.

Comunicou de novo coa nave. O comandante escoitouno contrariado. Mais Ish tratou de non se definir aínda, e pregoulle que o puxese outra vez con LH.

—Esta noite aseguráchesme que só os lagartos medianos parecían ser perigosos –comentoulle–. ¿Contas con algunha información que nos permita saber que era o que o profesor Ebel entendía por mediano?

A resposta demorou uns segundos. Logo, aquela voz metálica, case sen inflexións, foi chegando ós seus oídos:

—Entre unha e cinco varas de cumprimento, anque detecto certas contradicciónns no informe. Parece ser que, dentro deste tamaño existen tamén algunhas especies herbívoras.

—¿E por grandes? ¿Fixo o meu pai algunha anotación acerca do tamaño dun lagarto grande?

—Naturalmente que a fixo. O profesor Ebel é unha persoa sumamente meticulosa e observadora. Segundo a súa opinión hainos que chegan a sobrepasar as corenta varas de envergadura.

Escoitouse unha mal contida interxección de Obed, ó tempo que a doutora incrementaba a presión sobre o seu brazo.

—Gracias, LH.

¡Corenta varas! Non os enganaban os seus ollos. Un tamaño realmente prodixioso, difícil de acreditar. A mesma razón parecía negarse a admitilo. Mais a realidade era que, ademais do seu rastro na pantalla, podían confirmar agora este extremo observándoos perfectamente, ata case que con comodidade, dende a pequena lomba na que se atopaban. Parecían vivir naquel corgo e, se cadra, tamén no río. E debían de ter patas, posto que, do contrario, o seu pai non os denominaría lagartos.

—Xa fixestes bastante, Ish. Volvede. Non vos acheguedes máis. É completamente inútil.

—Non se trata de ningunha tolemia, Lugal. Mais penso que deberiamos de continuar. Aínda que non me fíe demasiado do vexetarianismo deses bichos, estou disposto a correr o risco. Non temos ningunha proba de que sexan eles os responsables da desaparición dos nosos compañeiros. Era a segunda vez que viñan a este lugar. De telos considerado perigosos, non volverían. E levaban aquí máis de vinte días cando fixeron o seu último informe, sen que nel conste para nada a máis mínima alusión á existencia de ningunha clase de risco.

—Moi ben, Ish. Dime entón onde están agora, ou por que deixou de transmitir a súa radiobaliza.

—¿É que non o comprendes? O módulo existe. Que non emita non significa que os teñamos perdido. É a confirmación do razoamento que fixeramos a bordo. Deixa que me achegue a el.

—Non me convences. Daquela descoñeciamos a existencia desas encantadoras criaturas ¿Por que seguen sen facer sinais? Nestas circunstancias non podo permitir que vos continuedes a arriscar. Ordénovos que volvades.

—Concédeme aínda unhas horas, Lugal. Déixame confirmar unha teoría. Se non é como penso, prométoche obedecer de inmediato.

—¿Que teoría?

—De noite os lagartos dormen, ou iso polo menos, é o que LH asegura. Se está no certo, poderemos pasar entón por entre eles sen perigo.

—¿É que toleaches? ¿Non te decatas de que tamén estás a xogar coa vida de Avva?...

—Non o esquezo, e prométoche velar por ela moi especialmente. Gracias, Lugal, non agardaba menos de ti.

E cortou a comunicación mentres pronunciaba as últimas palabras, antes de que o comandante puidese expresar unha opinión contraria. A súa compañeira non pareceu asustarse pola perspectiva que lles ofrecía aquela decisión.

—¿Faino polo seu pai, ou por Lilith...? Non sabía que a puidese amar ata este extremo.

Por un momento Ish continuou a observar a campa que se interpuña entre eles e o seu obxectivo. Despois baixou os prismáticos e virouse cara a ela.

—Non me parece aconsellable que tentemos pasar polas brañas –limitouse a comentar.

—¿Por que elude sempre a resposta?

—Sería máis prudente facelo por terra firme –continuou–. Se observa con atención, advertirá unha especie de lombiña que cobreguea entre elas. Ese é o camiño.

—Os xornais ocupáronse abondo do seu explosivo romance. Toda unha asombrosa combinación; o máis famoso dos deportistas e a máis popular das astronautas. Mais ningún foi quen de explicar os motivos polos que ela volveu amosarse despois en público na compaña doutros homes, nin por que pediu ser enviada a esta perigosa misión.

Ish sentou nunha raíz, bebeu un longo grolo, e ofreceulle despois o recipiente. Ela limitouse a rexeitalo cun simple movemento de cabeza.

—¿Por que non trata de descansar, doutora?

Os xigantescos pescozos que precedían ó cauto paso dos seus propietarios foran desaparecendo cara a recónditos e inescrutables refuxios. As súas escamas

refulxíran ó sol mentres movían as longas caudas ou as moles das súas pernas, esmagando a maleza. En pouco tempo as brañas remataron por ficaren baleiras e desertas. O ceo adquirira unha cor de aceiro, mentres o sol se debruzaba lentamente cara ó límite entre veos de brétema. As aves voaban xa en maxestosas bandadas. Desapareceran tamén os predadores e na selva sentíase de novo o alborozado remexer de infindas especies ata entón prudentemente ocultas. O momento da seguridade parecía ter chegado.

—Resulta realmente sorprendente. Se esta cativa variación térmica inflúe no metabolismo deses seres, terei que pensar que algúns deben incluso de hibernar, por pouca que sexa aquí tamén a diferencia entre as estacións.

—Sen embargo non parece demasiado convencido –comentou a doutora–. ¿De ser así, que clase de corazón necesitarían para bombear sangue a semellantes corpos, ou manter en actividade os seus cerebros?

—¿E que cantidades de alimento deberán de consumir, se son animais de sangue quente?... Un animal de sangue frío precisa soamente a décima parte respecto ós seus conxéneres que o teñan quente. Tampouco temos estas respostas, de momento, doutora. Pero, é posible que, nas proximidades desa silenciosa cápsula, haxa quen nolas poida dar.

O camiño elixido para salvar o corgo non resultou máis doado có que viñeran utilizando para cruzar a foresta. Anque escaso de árbores, as matogueiras que o cubrían dificultáronlles o avance. Mesmo o sol, a pesar de estar próximo ó seu ocaso, molestaba máis que baixo a protección que ata alí lles brindara a fraga. Mais, pouco a pouco, ás veces a base de machetazos, a distancia foi minguando.

Alcanzaron a beira do río xa case de noite. A súa corrente interpúñase entre eles e o módulo.

—¿E agora que?

A cativa luzada aínda lles permitiu contemplar as atoldadas augas salpicadas de ramallos e, aparentemente, tranquilas. Sen embargo, era evidente que non podían arriscarse a cruzala sen máis. Nin sequera parecía prudente utilizar a balsa inchable. Ignoraban que clase de seres podía haber no seu interior e a súa posible agresividade. O radar soamente lles daba conta dos grandes lagartos situados ás súas costas e, á fronte, perto do vehículo que estaban a procurar.

Guindou algúns garabullos á corrente. Mais non se produciu ningunha reacción.

—Durmiremos aquí –decidiu–. Non nos podemos arriscar. Podería haber peixes carnívoros ou calquera outra clase de alimañas ocultas. Trataremos de pasar ó abrente. Contamos con varias horas de luz antes de que volvan os lagartos.

Amañou rapidamente un refuxio. O máis precario de cantos preparara nunca. Mentres estaba a procurar os materiais, e aínda baixo a escasa luz do luscofusco, reparou en algo que revolexaba entre el e as matogueiras próximas á corrente; algo que semellaba levar unha traxectoria insegura, mudando intermitentemente de dirección, como as bolboretas. Non parecía tratarse de ningunha ave noitébrega. Aquel pequeno ser, negro e orelludo, pareceulle que tiña ás membranosas, e asemellábase enormemente ós grandes predadores aéreos observados anteriormente. Pouco despois, cando aínda se estaba a preguntar se tamén se podía tratar dun réptil ou, quizais, de calquera estraño e lucífugo mamífero voador, desapareceu.

Durante a cea a penas intercambiaron unhas palabras. Avva semellaba cansa, e el permanecía pensativo, considerando as posibilidades coas que aínda contaban nun lugar tan descoñecido e exposto como aquel.

—Farei a primeira rolda –suxeriu sen embargo ela–. Vostede necesita descansar agora, e das primeiras horas de luz para decidir o que nos poida convir.

Deixouno sorprendido. Era como descubrir que non estaba todo perdido aínda. A doutora moi ben podía gardar calquera outra nova e insospeitada virtude capaz de tirar a relucir no intre menos esperado.

—¿É sempre así de comprensiva? –preguntoulle.

Non obtivo resposta.

Cando o despertou aínda brillaban as estrelas. Mais, entre elas puido percibir, esta vez con claridade, as intermitencias das luces de situación das ensambladas astronaves. Movíanse a grande velocidade, de oeste a leste, perfectamente recoñecibles e dabondo destacadas como para seren detectadas. Mais non advertiu nada nas inmediacións do silencioso módulo que indicase que algún outro ser tivese podido distinguilas tamén.

—¿Segue aínda furioso Lugal? –preguntoulle, a xeito de saúdo.

A doutora chantou nel os seus ollos claros.

—Non resulto a compañeira ideal para unha misión coma esta, ¿non si?

Parecía, non obstante ter abandonado a súa agresividade da véspera. Agora levaba o cabelo solto, coma se lle acabase de pasar o peite. Unha minúscula bolboreta, talvez atraída pola luz da lámpada, pousou entón na súa face. Ish achegou a man, e escorrentouna. Logo tomouna polo queixelo. A súa pel resultoulle suave e fría, quizais a causa da proximidade do río.

—Equivócase vostede, doutora. Se algún problema me causa a súa presencia é soamente o de que me teña que afacer a que se cuestionen sempre todas as miñas opinións.

—Vai calor –queixouse ela, retirándolle a man. Despois enfundou a arma que aínda empuñaba–. ¿Cambia iso as cousas?

—Non demasiado, supoño–, respondeu el con rebuscada ambigüidade.

—¿E non se lle ocorreu pensar sequera que, aínda que non sexan carnívoros eses monstros, poden resultar igualmente perigosos? Unha simple rozadela da súa cola debe de ser suficiente para acabar cunha persoa.

—Cabe dentro do posible. Mais, comprobar o que hai nese módulo é unha obriga que temos para cos nosos. ¿Non o cre así?

—¿E en que cre realmente vostede? –inquiriu ela, mudando de novo de tema.

Ish, quizais sorprendido, pareceu demorar uns intres a resposta.

—Só na liberdade, e na capacidade e a integridade do ser humano –dixo despois.

—¿Nada máis?... –pareceu burlarse ela–. Demasiado ambicioso. Exponse a moitos desenganos. ¿E en Deus non?

—A súa teima resulta encomiable... ¿É que nunca se dá por vencida? Esta vez, sen embargo, vou tratar de compracela. Non quero facer máis difícil a súa diagnose sobre min. Verá, doutora, en certas cuestións non se trata de crer ou non crer. Estas son aptitudes absolutamente subxectivas, independentes do feito de que algo poida ser ou non certo. Supoño que xa se decataría de que me resulta difícil admitir xuízos de valor. O coñecemento de Deus, queirámolo ou non, é sempre sub-

xectivo tamén. Ninguén, e moito menos ningún iluminado, ou visionario, pode pretender evidencias maiores. Neste sentido o máis lóxico sería esquecer toda clase de dogmas, nunca demostrados, e non se sabe aínda por quen revelados, e agardar a que a ciencia diga a última palabra. Se existe algún xeito de relación entre Deus e o universo, soamente esta o poderá determinar. De todos os xeitos, resulta xa aleccionador o feito de que, fronte ó vello concepto da existencia dunha divinidade patética e despiadada, se abra camiño agora a idea dun Deus recto e benévolo, omnipotente e omnisciente, increado e creador. Unha excelente elucidación, ó meu xeito de ver, que, sen embargo, podería non ser totalmente exacta, nin tampouco definitiva.

—¿É que está a tratar de facerme tamén partícipe da súa propia subxectividade?...

A doutora principiou a camiñar cara ó refuxio.

—Boas noites –engadiu a continuación, a xeito de despedida.

Ish tardou a penas uns intres en reaccionar:

—Boas noites, doutora. Moi amable, pola súa parte, ó deixarme de novo coa palabra na boca. ¿Son eu quen elude as respostas, ou é vostede quen se nega a escoitar máis que aquilo que lle convén?

Cando Avva despertou distinguíase xa a lene luzada do abrente. Ó saír do pequeno cuberto percibiu unha lixeira oscilación térmica, coma se a humidade do río atemperase a calor. Descubriu a Ish onda o cauce nunha pouco habitual actitude. Acababa de chantar un pao no chan e, a partir del, alancaba pola beira do río. Viu como se detía e situaba outro naquel punto para, despois, continuar a camiñar verticalmente de costas á corrente, ollando fixamente para algo que lle pareceu situado na

outra marxe. Despois dalgunhas dúbidas observou como se detiña e chantaba unha terceira estaca.

—¿Que está a facer? –perguntoulle a berros.

El fíxolle sinais para que se achegase.

—Bos días, doutora –saudouna, en canto a tivo á súa beira–. ¿Coñece as propiedades dos triángulos?... estou a tratar de calcular a anchura do río.

—¿Que?...

—Non nos podemos arriscar a utilizar o bote. Non acabo de fiarme da aparente tranquilidade destas augas e quero saber se temos cable dabondo para tentar facelo polo aire. Acabo de trazar un triángulo rectángulo. Se se fixa observará que este pao, e aquel outro, que sinalan a hipotenusa, e máis aquel xigantesco salgueiro da outra banda, atópanse en liña...

—Non trate de explicarme agora os fundamentos do seu sistema. Son bastante negada para a xeometría. ¿Cal é a súa conclusión? ¿Témolo?

—Mida este cateto. Conte os pasos que hai entre esta vara e a que está á beira do río, e saberémolo.

Accedeu, divertida. Ó chegar ó final deulle o resultado facendo buguina coas mans:

—¡Setenta e nove!

Era unha distancia considerable, anque nun principio temera que fose aínda maior. Pero, se non se equivocara, o que levaban debería de alcanzar. Fora unha sorte que Lugal non teimase demasiado contra o que, nun principio, considerara un exceso de equipamento. A doutora xurdiu onda el, rideira, coma unha rebuldeira rapariga.

—Déame toda a corda que teña e almorce, eu xa o fixen. Non temos tempo que perder. A algarabía nocturna está a piques de rematar e en calquera momento poden volver os nosos "pequenos" amigos.

Houbo de atar toda a súa reserva. Despois gabeou con ela ata a parte máis elevada da solitaria árbore baixo a que improvisaran o refuxio.

Aínda coa imprecisa luz do momento puido albiscar en toda a súa extensión a dilatada braña, agora calma e repousada, parte da foresta e, alá ó sur, de novo, a brillante superficie do mar.

Debía de estar nervioso porque fallou ó seu primeiro intento de situar o arpón no loureiro da outra beira. Acertou, sen embargo, co segundo. Pasou a corda arredor do tronco por riba da súa converxencia cunha das pólas, e introduciu o outro extremo da mesma no seguinte arpón. Principiaba a insinuarse o sol no horizonte. Apuntou coidadosamente e disparou. O proxectil cruzou o río, tirando do cable, e espetouse a escasa distancia do primeiro. Respirou. A ponte estaba tendida. Non se enganara nos seus cálculos.

Escoitou aplausos. A doutora acababa de recoller a impedimenta e seguía con interese a operación. Logo sorprendeuno gabeando con axilidade ata onde el se atopaba, para izar despois toda aquela con soltura. Mentres o facía tensou el o cable canto puido, de xeito que, aínda co peso de ambos e a inclinación que tivera que darlle para permitir o esvaramento, puidesen manterse a unha altura que lles ofrecese garantías de non seren alcanzados por calquera ser que poidese estar encamado nas augas.

—Escóiteme ben agora, doutora. Asegúrese de que, tanto a súa mochila, como as armas, o sombreiro, as correas da polea, e os seus útiles persoais, estean debidamente suxeitos. Póñase as luvas. Coa súa protección poderase asir ó cabo, se fose necesario, sen que este lle corte as mans. Cando estea a chegar á outra banda procure deter o impulso utilizando preferentemente os pés. Tentarei pasar eu primeiro.

Asegurou o esvarador e, logo de tentear o abismo dende o bordo da póla, deuse pulo. O fío cedeu algo máis do previsto, mais deixou aínda desnivel suficiente. Mentres esvaraba non parou de ollar as augas. Sobre elas flotaban aínda restos de vexetación e algúns troncos.

Alcanzou sen dificultades a árbore da outra banda, e asegurouse debidamente sobre unha das ramificacións antes de soltarse. A doutora estaba xa preparada. Fíxolle un sinal e observou como repetía con exactitude os seus movementos. O seu corpo esvarou no baleiro a toda velocidade, facendo ondear a súa abondosa cabeleira.

Preto xa da ribeira, de xeito inesperado, viu como se precipitaba cara ó río. A súa caída, sen embargo, detívose inmediatamente, e Avva ficou no aire, bambeándose, suspendida a escasa distancia das augas. Logo, inevitablemente, empezou a escorregar en dirección contraria, anque conseguiu asirse ó cable e parar o proceso. Instantes despois deixaba aquel de abanear, e a súa figura quedou inmóbil sobre a corrente.

—¡Moi ben, doutora! ¡Aguante un pouco! ¡Vou na súa axuda!

Debera de ter saltado o torniquete có que tensara o estarivel. Desprendeuse da equipaxe, asegurou o cable restante por un dos seus extremos á árbore, e o outro ó cinto. Despois colocou o esvarador sobre o fio e dispúxose a descender. Non quería correr riscos, anque sabía que a resistencia da fina sirga fora calculada para soster pesos superiores ós deles dous e mais a impedimenta.

As augas continuaban, mudas, afortunadamente.

Co seu peso o fío cedeu aínda máis e os pés de ambos achegáronse á avolta corrente.

—¡Así é como tensa vostede un cabo! –díxolle ela por todo saúdo.

—Xa me sermoneará despois. Agora cóllase a min. Vou tentar chegar á outra banda tirando destoutro cable.

—Semella coma se o tivese xa todo calculado.

—¿Que quere dicir?

—Enténdeme perfectamente –respondeu, ó tempo que pasaba os seus brazos arredor del.

Comezou a turrar, e a ribeira foise achegando lenta mais constantemente. Os raios que a brétema matinal filtraba pegábanlles de fronte. Molesto, baixou os ollos. O río continuaba igual que na súa anterior observación. Soamente unha das árbores que nel flotaban parecía moverse a maior velocidade cás demais, e estaba xa case que debaixo deles. Mesmo lle pareceu que brillaba algo na rugosidade dun dos seus extremos.

—¡Encolla os pés, doutora¡... ¡Encolla os pés!...

O tronco semellou cobrar entón vida e, remexendo nas augas, ergueu cara a eles unha enorme cabeza toscamente triangular que ata aquela mantivera oculta na corrente, dándose pulo ó mesmo tempo co outro extremo da súa anatomía.

Afortunadamente, o seu salto resultou curto. Gracias á rápida intuición de Ish as dentadas fauces, fecháronse no aire, e o animal acabou por caer na auga, onde principiou a chapuzar impotente coas súas pequenas pernas e a longa e escamuda cola.

Antes de que tivese tempo de tentar unha nova acometida, Ish alcanzábao con varios disparos.

—Síntoo moito –dixo, como para xustificarse–. Todas as vidas son importantes. Mais tiña que elixir entre a súa ou as nosas.

—Hai aínda máis bichos deses –advertiu ela, logo de observar como o que ata entón viñan tomando coma restos de árbores, ían cara ó lugar onde espernexaba o primeiro.

Volveu turrar da corda e, pouco despois, alcanzaban a ribeira.

—Déixese caer agora, e estea atenta por se eses seres son capaces de camiñar tamén pola terra.

A doutora obedeceu. A escasa altura á que se atopaban permitiulle facer contacto co chan sen perder pé, á espreita do que acontecía no lugar onde os acoirazados monstros parecían tratar de repartírense a dentadas os restos do seu conxénere. Ish alcanzou a árbore. Despois recuperou o cable e os arpóns e, por último, descendeu. Estaba totalmente empapado en suor.

—Non todos os lagartos dormen –comentou ela mordazmente–, nin se alimentan de plantas. Deixe que lle vexa as mans.

—Non nos podemos deter agora.

—Non sexa cabezán. Ou cré que me pode enganar. Ese cable é excesivamente fino para turrar del sen máis protección ca unhas simples luvas. Amóseme as mans... ¡Santo Deus, que carnicería!... Estame a resultar vostede coma un neno. ¿Seica pensa que vai desmerecer a impresión que poida terme causado amosándose como realmente é? Antes diso debería de pensar en que se non se deixa curar agora arríscase a unha septicemia, e entón tería que pasar a depender enteiramente de min, co humillante que isto lle ía resultar. Tratemos de sumar as nosas aptitudes, non de demostrar quen é o máis capacitado.

A chuvascada volvera a detelos, anque lles deu ocasión para recuperar folgos. Mais que polas molestias que lle causaban as mans, Ish sentíase agora dominado pola ansiedade. Sen embargo, a nova cura e os apósitos cos que a doutora llas protexera do acoso dos insectos, conseguiran alivialo.

A penas se decatou de que escampaba, despertouna. Ela agradeceu cun xesto que lle entregase o chapeu, e dispúxose a seguilo. Ficaran definitivamente atrás os grandes lagartos. O seu hábitat parecía reducirse ás zonas húmidas das brañas ou das beiras do río; agora detectaban soamente a presencia dos habituais seres pequenos, que evitaban sempre o encontro.

Chegaron ó lugar case sen decatarse. Tratábase dunha campa no medio da fraga. Nun dos seus extremos, medio afundida entre as matogueiras, brillaba a esférica estructura do módulo. Acadaran o seu obxectivo. A nave atopábase onde debía. Faltaba soamente saber que pasara cos homes que a tripularan.

A doutora requiriu de inmediato a súa atención respecto a un punto situado algo máis á esquerda, onde, ó pé dunha xigantesca palmeira cicadínea, advertíanse os restos dunha sorte de cabana de madeira.

Botoulle unha última ollada ó radar. Non parecía detectar ningún perigo. Logo examinou cumpridamente o lugar. Este estaba atravesado por un cativo regato que cobregueaba polo medio do herbazal. Caía o sol de cheo e no aire flotaba un pesado silencio. Fixo un disparo. A detonación ecoou na foresta e produciu unha revoeira de paxaros que fuxiron asustados. Despois, renaceu de novo a calma.

Parecía evidente que alí non había ninguén máis.

Achegouse ós restos da cabana. Estaban espallados e algúns xa cubertos pola herba, como se levasen moito tempo abandonados. Mais non atopou alí nada que puidese aclararlle o misterio, ou que, polo menos, lle dese motivos para pensar que aquel lugar acollera nalgunha ocasión presencia humana.

—¡Ish!...

A doutora requeríao dende o outro extremo, nas inmediacións da cápsula.

Cando chegou onda ela comprendeu o porqué do agudo ton da súa voz. Era tamén a resposta ás dúbidas que os viñeran acosando dende antes incluso de emprender a viaxe. Entre a vexetación que cubría o chan asomaban varios ósos brancos e pelados. O número aumentou só con remexer na terra lixeiramente coa punta do pé.

—¡É horrible! –murmurou ela.

Gardou silencio. Máis que horrible, resultaba descorazonador. Chegar alí para semellante resultado. Porque aqueles revoltos e irrecoñecibles restos parecían ser o único que ficaba dos que pretenderan salvar. O comandante Enlil, o seu pai, Lilith, e a para el tamén descoñecida Aratta, non ían poder ter sequera o consolo de seren enterrados por separado.

Achegouse ó módulo. Estaba aberto e, o seu interior revolto, amosando inequívocos síntomas dun deliberado espolio de parte do seu instrumental. Onde foran parar aqueles aparellos era algo que, moi posiblemente, tan só a herba que cubría o claro podería explicar.

Anque sen demasiado convencemento rodeou o cativo vehículo, intentando atopar entre aqueles refugallos calquera indicio que lle permitise identificar algunha das víctimas, ou que lle dese unha explicación acerca do que alí acontecera. Soamente conseguiu descubrir algúns cranios xigantescos e ósos de tamaño acorde con eles, sen dúbida pertencentes a algún lagarto. Os seus compañeiros deberan de defenderse ben antes de caer baixo a súa acometida. Era a explicación que considerou máis lóxica. Os seus restos descansaban agora onda as descarnadas carcasas dos seus asasinos,

sen que parecese posible separar uns dos outros a causa do enguedellado tecido que sobre eles elaborara a natureza.

Vencido, achegouse e deixouse caer a carón de Avva, sentada sobre o pouco que restaba da cabana.

—Anque non servise de moito, penso que actuamos como debiamos. Nunca poderá dicirse que non o intentamos.

—Coñecía a Lilith, e a Aratta... –comentou ela, deténdose antes de engadir algo que, inicialmente, parecía ter intención de dicir.

Naquel momento Ish tiña nidiamente viva na súa mente a imaxe do seu proxenitor. Non tanto a ainda relativamente recente expresión do momento da súa partida, como a das escenas da súa nenez e da súa pubertade, cando, sen abandonar o seu sorriso mediaba sempre coas palabras xustas nos conflictos que decote xurdían entre el e a súa nai, ou as do valor co que soubera sobreporse á súa perda.

—*Somos fillos do barro, mais tamén do ceo estrelado...*

A doutora detívose un intre, coma pendente da súa reacción. As bágoas humedecíanlle os ollos e percorrían a sua ainda suorenta face.

—*Felices os que tedes fame da verdade* –continuou despois–. *Felices os que chamades. Buscade o aire fresco da fraga e dos campos, tirade o voso calzado e as vosas roupas, respirade longa e profundamente, e consultade o voso corazón. A rectitude é o que acouga a alma. Mais ninguén é xusto en tanto non desexe para o seu irmán o que cobiza para el. Anque faledes todas as linguas dos homes, se non tedes amor, as vosas palabras non son máis que o son dun prato ou o tinguilar dun vaso. Anque coñezades todos os segredos e toda a sabedoría,*

anque deades todos os vosos bens para alimentar ós necesitados, se non amosades amor, non acadaredes proveito ningún...

Gardaron un breve silencio, coma se a ocasión se prestase para unha fonda meditación. Logo bicouna na fronte.

—Gracias, doutora. Estábao a necesitar.

Volvera xa a normalidade ó claro. Cantos, rechouchíos de aves e impreciables rumores de descoñecidos seres densificaban aínda máis a atmosfera e resoaban de novo entre as árbores, coma se pretendesen facelos esquecer que se atopaban sós nun mundo deserto de homes.

—Enterraremos os restos que consigamos diferenciar –comentou el–. Anque entrañe algo de fetichismo considero que llelo debemos e que, quizais, mitigue en parte o noso sentimento de fracaso.

Logo revolveuse no asento.

—Falarei coa nave, tamén eles teñen que coñecer a nova.

Conectou o intercomunicador. A penas se deixou escoitar o seu sinal, e antes de que puidese enfiar a primeira palabra, chegoulles a voz exasperada de Lugal:

—¡Ish!, ¡grandísimo bastardo!... ¡todo o día sen comunicar!...¡Tiña razón Avva; es un auténtico irresponsable!...

Deixou que desafogase a súa impotencia e, cando xulgou que se atopaba calmado dabondo, deulle a nova. Lugal pareceu reaccionar moi a modo e tardou en responder. Cando o fixo, o ton da súa voz recuperara xa a súa habitual gravidade.

—¿Que estás a dicir? ¿Todos?

—Foron atacados polos grandes lagartos. Non quedan máis que os ósos.

—Imposible –foi o seu desconcertante comentario–, hai aínda algún con vida. Esta noite vimos os sinais. Moi preto de onde vos atopades. Dous triángulos de lume invertidos, perfectamente recoñecibles. Non é posible que algo así puidese xerarse por azar. Ten que haber algún sobrevivente... ou, quizais, é que hai nese mundo seres cun grao de intelixencia o suficientemente elevado como para facer semellante advertencia.

Máis que sorprendidos, quedaron confusos. Tratábase, dende logo, dunha posibilidade. Unha derradeira e remota posibilidade. O que non acertaron a comprender era por que, se estaban tan próximos, non percibiran eles indicios sequera do resplandor daquela advertencia. Mirou para Avva.

—Non falou vostede coa nave, mentres durmía.

A doutora enrugou as cellas.

—¿Trátase dunha pregunta, ou dunha afirmación?... Se vostede desconectou daquela a radio, debía de ser porque non quería que o fixese.

—Xulgáraa mal, doutora. Desculpe.

Esta vez acabaron por sorrir os dous.

Era un sinal inequívoco. Aproximábanse dúas formas de vida. A Ish tremeulle o pulso ó comprobar que se trataba de seres humanos. ¿A quen poderían pertencer entón os restos mesturados cos dos lagartos? Non quixo considerar sequera aquela outra posibilidade suxerida por Lugal. En todo caso, en pouco tempo ían ter cumprida resposta para todas as súas dúbidas.

—Detectaron a presencia das naves e saben que os buscariamos aquí –comentou ela–. Agardémolos. Non nos fatiguemos innecesariamente. Este rego asegúranos bebida e unha defensa contra a calor.

Permaneceron á sombra, coa tranquilidade de quen non ten présa, mais coa incerteza dos que necesitan apurar o tempo. Avva durmiu algo sobre o leito de fentos a remexer inquieta, ata o mesmo momento no que a tivo que despertar.

—Estarán aquí dentro duns minutos –díxolle. Convén que tomemos precaucións. Poderían non tratarse dos nosos.

Ocultáronse no extremo oposto a aquel polo que agardaban que aparecesen.

—¿Confía en que sexa o seu pai un deles?

Había un cincuenta por cento de posibilidades de que así fose.

—¿Por que non é sincera? Admita que o que realmente persegue é que lle confese a miña esperanza de que poda ser Lilith un dos sobreviventes... Saiba, doutora, que nunca houbo nada serio entre nós. Tan só o que os xornalistas se empeñaron en publicar.

Percibiu de novo coma se lle enrugaba o sobrancello.

—Déixame abraiada. ¿Por que me di iso agora?... Acaba de defraudarme de novo, Ish. Non me importa o que puidese haber entre vostedes. Non se considere tan importante. Soamente pretendía ser solidaria.

—¿Outra vez? –escoitaron dicir a Obed, a través da radio.

Cortou a comunicación. Naquel momento algo comezou a moverse na liña de vexetación do outro extremo da campa. Dous seres humanos, polas trazas un home e unha muller, cruzaron entón o linde.

—Non son eles –comentou a doutora.

Os recén chegados pareceron interesarse polos restos da cabana e do módulo, movéndose con familiaridade sobre o terreo. O seu aspecto asemellábase ó de

calquera habitante de Eretz. Mais, tanto os sombreiros que cubrían as súas cabezas, coma o resto da súa indumentaria eran diferentes dos que sabían que utilizaran os membros da expedición á procura da cal chegaran alí.

Naquel momento os descoñecidos, unha vez descubertos os leitos que ambos utilizaran, procedían a observar as súas pegadas. Ish saíu entón a descuberto.

—¡Lilith!... ¡Comandante Enlil!...

Sen gardar a menor precaución, o fillo do profesor Ebel principiou a alancar entre as matogueiras. Os recén chegados, responderon axiña de similar xeito e avanzaron ó seu encontro. Soamente Avva se demorou un tanto, antes de comezar tamén a correr.

Aínda sen coñecerse, os dous homes saudáronse palmeándose fortemente as costas. Lilith acabou por fundirse nunha aperta co home que acudía a salvalos.

—Ish, tesouro!... –dixo despois da primeira efusión, mentres lle tiraba as gafas, como para velo mellor–. ¡Nunca tería podido imaxinar atoparte aquí!... e segues tan ben parecido coma sempre, a pesar de ter a cara untada. Deixa que che dea un bico.

E os seus beizos buscárono, case con avidez. Enlil e a doutora Avva acababan de saudarse á súa vez e observaban entre sorprendidos e condescendentes aquelas mostras.

Ish aproveitou a relativa liberdade de movementos que ela lle permitía, para facer as presentacións:

—Comandante Enlil, a doutora Avva. Doutora Avva, o comandante Enlil. Á oficial Lilith, doutora, penso que xa a coñece.

Lilith soltou entón unha ruidosa gargallada.

—¿Doutora?... Avva, ¡por favor!, ¿que significa isto?

A aludida semellou violenta. Mais, en contra do que Ish agardaba, limitouse a esbozar un forzado sorriso.

—¿E esas roupas? –acabou por preguntar– ¿E os demais?

—¿Non vos gustan? –inquiriu Lilith–. Son a última moda do Terceiro Planeta. Confeccionámolas nós mesmos utilizando as fibras vexetais e os tintes que o teu pai consegue illar. Son máis frescas cás que tiñamos. Non o creredes, pero hai moitas cousas aproveitables nesta selva sen fin para quen teña ganas e interese en facelo.

As novas xurdiron xa sen pausa. Estaban vivos os catro. O profesor Ebel e Aratta quedaran no acampamento, a case media xornada de distancia.

Tampouco había ningún misterio no que acontecera. O lugar onde se atopaban alagábase parcialmente cando chovía moito, o que facilitaba a aproximación dos grandes saurios. Unha tremenda e inoportuna pelexa entre varios deles producira avarías irreparables no módulo, de xeito que non tiveran máis remedio que tomar canto podía serlles aínda de utilidade e instalarse algo máis ó sur, á beira do mar, nun lugar menos exposto.

—Foi algo realmente estarrecedor –tratou de explicarlles Enlil–. Loitaron durante horas, esmagando árbores e tripando no módulo. Quizais os excitase o seu brillo. Cando remataron considerámonos perdidos, especialmente ó decatarnos da imposibilidade de reparar a radio e o transmisor. Soamente o teu pai pareceu crer en todo momento que non iamos ser abandonados, anque non sei se o fixo só para seguir a manter en nós a ilusión. O certo é que o conseguiu, e mesmo calculou con bastante aproximación o momento da vosa chegada. Mais, por se se equivocaba, aproveitamos

canto xa aprendéramos sobre este mundo e preparámonos para unha longa estadía nel.

—¿Como non tratastes de detelos?

—Non quixemos correr o risco de que se revirasen contra nós. No fondo confiabamos en que o módulo resistise, como así foi. Ninguén pensou na desfeita que se podía producir no seu interior.

Ish gardou silencio. Non se trataba de ningunha explicación convincente. Foran moitos os erros que aquela xente cometera. Podían darse por satisfeitos de permaneceren aínda vivos, e seren localizados.

—Tampouco deixastes nada que indicase onde vos atopabades –comentou Avva–, e esta brétema podería seguir a impedirvos descubrir a presencia da nave.

Enlil sinalou entón a palmeira. Case que á altura das primeiras follas, aínda que eles non o advertisen, penduraba unha táboa apuntando ó sur por un dos seus extremos. Nela había escrita unha palabra: *Yam*, o mar.

—Non queriamos que a puidesen alcanzar os lagartos –aclaroulles.

Ish tratou de cambiar unha ollada coa súa compañeira, coa intención de comprobar se tamén ela se sentía frustrada ante semellante fallo na súa capacidade de observación. Mais esta pareceu ignoralo.

Lilith aproveitou a ocasión coma motivo de comentario.

—¿De verdade, Ish, que puideches confundir eses ósos cos meus? Pensaba que me coñecías mellor. Mais supoño que debo de perdoarcho, tanto polo feito de estares aquí, coma porque, coñecéndote, sei que debeches de facerme un fermoso epitafio.

Procederon coma se dun rito se tratar. Cearon arredor dunha mesa de madeira sen pulir, utilizando soa-

mente os productos cos que os compoñentes do grupo se alimentaran durante a longa espera, coma unha homenaxe ou un tributo a aquel novo mundo. Ata probaron unha cativa cervexa, mal fermentada, que a enerxía do panel solar que conseguiron salvar non lograra enfriar dabondo para facelos esquecer as excelentes marcas de Eretz.

Durante a velada Aratta conseguiu sorprender todos os seus intentos de observala detidamente. Ish non necesitara furgar demasiado nas palabras coas que o seu pai lla presentara para decatarse de inmediato da relación que había entre eles.

Rematada a refección saíron ó corredor, situado a varios cóbados de altura respecto ó chan. Dende alí escoitábanse con toda claridade os ruídos nocturnos que perturbaban o claro. No alto, abríndose paso por entre a lixeira brétema, brillaban as estrelas e a inmensa e avermellada face da lúa. Baixo a súa luz advertíanse a outra cabana, os cómaros que delimitaban os cultivos, a cativa levada pola que achegaban a auga do río, e a vexetación que os arrodeaba. Mais, por riba de todas estas percepcións, resaltaba a da superficie aparentemente homoxénea e interminable do mar, tremelucida coma un espello á luz do satélite.

—Velaí o máis preciado dos tesouros deste planeta –comentou Enlil–: A auga; unha reserva de vida e enerxía practicamente inesgotable.

Os recén incorporados parecían fascinados, pois, aínda que non puidesen aplicar alí as mesmas consideracións estéticas do seu mundo, o lugar era prodixiosamente fermoso, anque distinto de canto coñecían: o mar, a lúa, un aire sorprendentemente tépedo, ben diferente das xélidas noites de Eretz, e o longo areal sobre o que, de xeito case continuo, se desfacían as ondas cun rumor case musical.

Ish manipulou un momento o radiorradar.

—Estades a pasar sobre nós neste momento, Lugal. Vémosvos perfectamente, moi preto da lúa, a esvarar entre as estrelas e o fondo escuro da noite, mentres escoitamos o balbordo do mar. Tamén podemos ollar Adom, o Planeta Vermello.

—¿Son teus os versos? –comentou Lugal, retranqueiro–. Seguimos a recibir comunicados, Ish. Na Corporación están entusiasmados. Consideran este un momento histórico. O home saíu xa do seu berce e principia a camiñar polas estrelas. Supoño que comprenderás canto vai significar isto. Ti e máis o teu pai estádesvos a converter nos personaxes máis afamados de Eretz.

—Procuraremos que non esquezan que sodes algúns máis os que estades tamén involucrados na operación –comentou.

Rematado o breve intercambio de información xuntouse cos demais. Parecían estar de novo interesados no tema dos lagartos.

—Son os únicos seres deste planeta que teñen máis información no cerebro que nos xenes –afirmaba naquel momento o seu pai–, o que supón que, dalgún xeito, podemos consideralos como posuidores dun certo grao de intelixencia. Anque primen aínda neles os actos reflexos sobre os voluntarios, saben vivir xa en grupos, e axúdanse reciprocamente, especialmente á hora de vixiar a incubación dos seus ovos. E, o mesmo que os seres humanos, tenden ó bipedalismo. De feito hai algúns que xa teñen atrofiadas as patas dianteiras, que utilizan máis que nada para aferrar presas. A especialización produciu enormes diferencias entre eles, de xeito que os hai lentos e pesados, en tanto que outros resultan áxiles e veloces; e, mentres algúns necesitan os

pantanos para vivir, outros fano no mar, ou en secano. E ata contan cunha familia de voadores.

—Observo que, coma o seu fillo, parece ser tamén vostede outro dos valedores da evolución.

—Querida Avva, é obriga de todo científico non confundir nunca o que é, co que lle gustaría que fose. Dígolle isto para que comprenda, que, normalmente, ningún investigador adoita ter preferencias para que as cousas se teñan producido dun determinado xeito.

—Sen embargo, a probabilidade de que a vida se orixinase de forma accidental non parece maior á de que o noso máis voluminoso diccionario sexa a consecuencia dunha explosión nunha imprenta.

—Certo –admitiu o profesor, de bo grado–, anque haxa tamén quen estima que poida ser o resultado final dun proceso químico inevitable.

—Sen embargo, a existencia da selección natural suxire a admisión de que a supervivencia poda ser o único importante. Certas accións censurables terían entón xustificación pola poderosa necesidade de sobrevivir.

—Avva –interviu Lilith–, estás a resultar dunha seriedade realmente insoportable.

—Por favor, querida –pregou o profesor, mentres observaba á doutora con marcado interese, como a tratar de valorala debidamente.

Lilith limitouse a aceptar o reproche cun sorriso. Despois fixo un aceno de desculpa e retirouse cara ó interior do pequeno edificio.

—Vou procurar contestarlle –continuou aquel, extremando o ton amable das súas palabras–. Eu non dubido de que sobrevivir sexa unha das principais constantes da natureza. A maioría dos seres conseguímola, mesmo devorándonos uns ós outros. E perece-

riamos de non facelo. Non hai alternativa, se partimos da elemental consideración de que os vexetais son tamén seres vivos. A posibilidade que apunta, sen embargo, non me parece demostrativa. Trátase de actuacións que soamente se producen en circunstancias nas que o home está a ser gravemente presionado. En tales casos, e aínda sentíndoo moito por vostede, tería que dalas coma boas. As propias leis consideran estes atenuantes, como sabe. Mais, volvendo ó que lle preocupa, a cerna da cuestión atópase no feito de que, créase ou non nela, a evolución non é soamente unha teoría: existe. Estea ou non baseada na selección natural, no azar, ou na necesidade, e mesmo independentemente do acerto ou o desacerto que, coas nosas limitacións, a tiñamos enunciado, a realidade é que os seres evolucionan en relación cos cambios que se producen no medio no que viven. Véxoa moi interesada no tema, querida. Na outra cabana teño un pequeno museo de canto de interese puiden xuntar durante esta breve estancia. Estou seguro de que alí atopará cousas que chamarán poderosamente a súa atención. Poderá observar mesmo coma os ovos dos grandes lagartos presentan uns poros moi finos que permiten ó embrión respirar do exterior, ou que a súa casca, formada por carbonato cálcico, reacciona ó contacto co gas carbónico desprendido da súa respiración, para producir un bicarbonato que, absorbido polo mesmo, permítelle a formación da asombrosa estructura ósea coa que vai poder soportar despois o peso do seu enorme corpo. Por esta causa, os restos dos ovos procedentes da eclosión resultan moito máis finos e endebles cós do momento da posta.

—¿E que explica iso, profesor? ¿Onde nos conduce o coñecemento dese elaborado proceso?

O aludido pareceu novamente sorprendido.

—A doutora, papá, é unha fervente defensora da idea da Creación. ¿Como explicar senón as exactas instruccións do ácido desoxirribonucleico?

—E, en consecuencia, temos que pensar que a Creación elaborou a perfección dun ollo, do cerebro humano, ou das distintas formas de reprodución, cursou as instruccións para que as arañas puidesen producir os seus precisos tecidos, que os lagartos incubasen as súas crías, ou ordenou a disposición das estrelas no ceo, as órbitas dos planetas, ou o tamaño e a vida dos soles. En tal caso, cada vez que se extingue unha especie animal, sempre que estoura unha estrela, ou cando colisiona algún corpo celeste, teriamos que admitir que tales feitos se atopan dentro do cumprido plano elaborado por ese Creador e, coma consecuencia, que están ó servicio da súa preestablecida orde. Case, case, tanto como recoñecer imperfeccións na propia divindade. Mais, coma ninguén ten tampouco ainda ningunha resposta satisfactoria para semellantes formulacións, en vez de porme a procuralas, voume contentar con facerlle unha simple pregunta: ¿Cando rematou para vostede a Creación, doutora Avva?

—¿Que quere dicir?

—Repetireilla doutro xeito. ¿A creación foi instantánea e definitiva, no momento mesmo no que xurdiu o universo, ben co estourazo inicial, xa cando se formou esa posible materia primaria, orixe de todo, ou puido ser realizada por etapas? Cuestión á parte sería a de considerar como, por quen, ou por que motivos se produciu o grande estourido primixenio. Se a creación foi instantánea, teriamos que pensar que estamos todos aneboados. Non houbo nunca especies anteriores ás que coñecemos, e as capas xeolóxicas foron creadas cos

fósiles xa no seu interior. Mais se consideramos a segunda destas posibilidades, estamos a admitir implicitamente a para moitos inaceptable teoría da evolución, ou a ter que pensar que a creación non rematou aínda, e poida que non chegue a rematar nunca. Elixa.

—Sorpréndeme vostede, profesor. ¿Cre posible conciliar Creación con Evolución?

—Non é científico tirar conclusións sen antes investigar as causas, querida. A fin de contas un descubrimento non é máis ca unha longa sedimentación de coñecementos. Mais non é menos acientífico soster teorías en contra de toda evidencia. Insisto, doutora, aínda que esteamos a introducirnos no campo das conxecturas, ¿podemos pensar que rematou xa a Creación?

Reaparecía naquel momento Lilith, vestindo un traxe de baño. Algo que nin o máis imaxinativo dos recén chegados podería ter chegado supoñer. E sorría amplamente, quizais a causa da secreta satisfacción que lle producía ser sabedora da impresión producida.

—Apetéceme tomar un baño –comentou–. ¿Queredes acompañarme?

Tanto Avva como os demais declinaron a invitación. Soamente Ish, logo de advertir o rexeitamento da proposta por parte dos demais, se amosou disposto a acompañala.

Mentres proseguía a interrompida polémica descenderon a escala levadiza e salvaron os cen pasos que os separaban da beira da area. Para Ish foi unha auténtica experiencia camiñar sobre aquel case descoñecido elemento, afundindo os pés e deixando marcadas sobre el as súas pegadas. A temperatura resultaba case refrescante baixo aquel aire húmido impregnado polo arrecendo do mar.

—Polo día hai sempre unha bandada de gaivotas a

chiar mentres cazan os peixes dos que se alimentan, e unhas enormes tartarugas –explicoulle ela–. Neste mundo todo é desproporcionadamente grande. Hai palmeiras na ribeira e, á tardiña, pódense ver pasar os patos mentres racha o solpor. Este é un lugar realmente fermoso, ben distinto de canto temos en Eretz. Non o crerás, pero a auga está aquí case fría. E ten unhas propiedades curiosas. Verás coma despois te vas atopar mellor.

—Vin soamente para te facer compañía, Lilith. Non teño intención de bañarme. Nin trouxen tampouco ningunha prenda axeitada.

—¿É iso todo canto se che ocorre? –comentou ela–. ¿É que non tes unha desculpa mellor?

Colleuno polos brazos.

—¿Por que tan distante outra vez? ¿Que temes de min? ¿É que hei ser eu sempre quen deba de tomar a iniciativa?

Os seus beizos buscárono de novo. Esta vez os brazos de Ish, logo duns intres de indecisión, remataron por presionar sobre o seu dorso, esmagándoa materialmente entre eles. Logo ergueuna no alto e deixou que esvarase moi a modo sobre o seu peito ata que os seus pés alcanzaron a area.

—¿E Enlil?

Ela acaricioulle as fazulas.

—É un home sen imaxinación, só pensa no traballo. Está sempre ocupado. Non é o compañeiro máis axeitado para un lugar coma este. O teu propio pai mesmo resulta mais novo ca el, anque Aratta se encargase de tiralo de inmediato da circulación.

—Lilith. Lilith... –repetiu, remexendo a súa escura cabeleira–. Segues a ser a mesma. Quen che puxo este nome debeu adiviñar que tanto o teu cabelo coma os teus devezos ían ser sempre negros como a noite.

—¿Lembras o parador do Gran Glaciar?

—¿Que?

Mais xa ela empezara a desvestirse.

—Bañémonos espidos tamén agora.

E correu sobre a area, cara ás ondas. Ish non tardou en seguila, ata alcanzala no punto onde, xa coa auga a altura do van, parecía agardalo, mentres se refrescaba botando aquela coas mans na face, as costas, e os seos.

—¡Móllate ti tamén!... ¡Móllate!...

Acosáronse e salpicáronse, pondo ás veces ela distancia entre ambos, coma se o rexeitase, enchendo a noite de frases e murmurios. Repentinamente, Lilith abandonou o mar para fuxir cara ó mallante da praia, e agardouno alí, abertos os brazos nunha derradeira incitación.

—Ish –díxolle despois de fundírense nun novo abrazo–. Quero facer de novo o amor contigo... aquí e agora...

E amáronse, non unha, senón varias veces, na cálida noite daquel planeta baleiro case de xente, sobre a húmida area dunha praia sen nome, deixándose cubrir e descubrir a intervalos polo abalo e o devalo do mar.

Máis tarde, mentres se vestían, os ollos de Lilith seguían a brillar coma dúas faíscas na escuridade.

—Estás branco coma o leite –comentou–. Mais aínda así segues a ser o home máis atractivo do planeta.

—¿De que planeta? –preguntou el, rindo–. ¿Deste ou do noso?

Golpeouno cos cotenos no peito.

—Sempre tan posuído...

Pasou de novo os brazos en torno a el, e despois de bicalo nas fazulas procedeu a alisarlle os cabelos.

—Quero que non esquezas esta noite.

—... soamente existe unha Lilith...

—Adulador... Algun día terei que lembrarche esas palabras.

Cando alcanzaron a vivenda, so permanecían a pé Enlil e o profesor. Seguían a platicar a carón da varanda, lenemente iluminados por unha das luces. As mulleres retiráranse xa a descansar.

—Non son moi recomendables estas ablucións nocturnas –comentou o primeiro–. Sen embargo, hai unhas semanas, resultaban ata desexables.

Ish non puido precisar se nas súas palabras había algunha velada alusión.

—Sen embargo, Lilith estaba no certo –asegurou–, a auga do mar é beneficiosa. Atópome moito mellor. Xa case non sinto molestias nas mans.

A aludida sorriu e, logo de desculparse e despedirse dos tres cunha ollada, retirouse tamén. Desapareceu silueteada pola luz do interior da cabana.

—Non sabía que vos coñecesedes con anterioridade –engadiu o comandante–. Anque de Lilith pode agardarse sempre calquera cousa. A vida en Edín tería sido distinta se ela non estivese aquí.

Tampouco adiviñou desta vez Ish o auténtico sentido das súas palabras. Enlil pareceulle un home de segundas intencións, aínda que non o puidese asegurar. En todo caso, comezaba a decatarse do porqué da situación á que conducira ó grupo. E anque semellase encaixar ben co seu pai, creu conveniente manterse á espreita con respecto a el.

—Falabamos do cometa –comentou o profesor–. O seu paso resultou aquí todo un acontecemento. Produciu eclipses anulares de sol e amenizou as nosas veladas. Foi entón cando demos en tomar os nosos primeiros baños nocturnos. Agora, sen embargo, xa non é

posible distinguilo. Debe atoparse próximo á órbita de Eretz. Podo imaxinar os nosos vales e páramos baixo a súa luz. Todo un espectáculo digno de ser contemplado. Non o creredes, mais, a pesar de non ser este un eido da miña especialidade, gustaríame poder estar alí para vivilo. Poucas veces na historia se van dar as circunstancias que arrodean desta volta o seu paso, xa que, como sabedes, vai coincidir coa conxunción de Eretz cos Cuarto e Sexto planetas. Un equilibrio gravitacional digno dun detallado estudio que enriquecerá sen dúbida á ciencia.

Ish asentiu. Coñecéndoo como o coñecía, non dubidou do seu interese polo acontecemento. Permaneceu con eles a penas uns intres. Empezaba a fartarse do cometa, logo do exhaustivo seguimento a que o someteran a bordo, coma se en realidade, máis que nunha operación de rescate, estivese embarcado noutra de observación ou de seguimento.

Capítulo 3

FECHOU a comunicación preocupado. Seguía a abafante calor. Que distinto aquel lugar das agradables noites de Edín. Case comprendía que o seu pai chegase a confesar a tentación de ficar alí. Pero era moito o que sabía, moitas as probas e a información reunidas, para rexeitar a satisfacción de presentar ó mundo a confirmación de canto respecto daquel planeta viñera presentindo. Ningún outro astro podía ofrecerlle ó home posibilidades coma as que este tiña. Lembraba a decepción coa que, un par de anos atrás, retornara do Cuarto Planeta, o Planeta Vermello, situado a unha distancia do sol o suficientemente prudencial coma para que resultase o necesario equilibrio entre a extrema frialdade de Eretz e as elevadas temperaturas do Terceiro Planeta.

—Adom ten a cor da ferruxe –foran daquela as súas palabras–, non é máis ca un mundo morto. A súa atmosfera resulta letal para o home. Non ten auga, anque puido tela no pasado, e case que non conta con ozono. É absolutamente infructuoso continuar por este camiño. O futuro da humanidade soamente se pode atopar no Terceiro Planeta.

E o tempo parecía darlle a razón. Alí estaban as probas. Porque o ser humano debatíase en Eretz nos

límites mesmos das súas posibilidades. O control da natalidade servira apenas para paliar o aguzamento da crise. A capacidade das zonas habitables do planeta había tempo que fora sobrepasada. O esgotamento dos recursos, a contaminación, ou a degradación do medio ameazaban xa a unha boa parte das especies que nel vivían.

Percibiu un cativo rumor. Ó virarse descubriu á doutora saíndo do refuxio.

—Non sabía que estivese vostede de garda –desculpouse–. Hai demasiada calor dentro, e este barullo non me deixa durmir. ¿Con quen falaba?

Estaba a suar copiosamente perlándolle a transpiración as sens e as fazulas. Mais tampouco no exterior melloraba a atafegante temperatura.

—Coa nave. Continúan as interferencias, e Lugal empeza a preocuparse. Confeso que non debe de resultar agradable permanecer enclaustrado a semellante altura sen máis contacto co exterior que a radio. De todos xeitos, non debe de preocuparse. Aínda fallando as comunicacións, os nosos instrumentos teñen autonomía máis que sobrada para devolvernos á casa.

—¿Non hai unha contradicción entre esas palabras e a súa constante apoloxía da capacidade humana?

Sorriu.

—Se vostede o cre así... sabe tan ben coma min que nos momentos decisivos soamente é útil a capacidade do home.

Avva pareceu non escoitalo.

—Mañá alcanzaremos o módulo... e será en definitiva unha máquina a que nos devolva a Eretez... –riu un intre–. Desculpe. Esta vez non estou a tratar de cuestionar ningunha das súas opinións. Mais gustaríame saber se tamén para vostede esta experiencia será

coma un soño: este mundo, a nosa angustia, os nosos medos, a chuvia... esta entolecedora temperatura...

Percibiu nas súas palabras algo que parecía querer aflorar, non podería precisar se deliberadamente, ou aínda en contra da súa vontade.

—Lugal pensa que esas anomalías talvez se deban á proximidade do cometa –argüiu, logo dun curto silencio do que non atopou outro xeito de saír–. Sen embargo, quizais non sexa esa a causa. De neno tiven ocasión de presenciar o paso de un. Non se falou de ningunha outra cousa daquela; anunciáranse mesmo catástrofes. Mais o cometa limitouse a marabillarnos co espectáculo da súa longa cabeleira a espallarse polo ceo, e o colorido co que iluminou as montañas e as chairas de Eretz. E non teño memoria de que entón se dixese que a súa presencia afectase ás comuniciacións.

—Penso coma o seu pai. É moito máis probable que sexa a proximidade do Sexto Planeta a causa das perturbacións. Lembre o brillo que xa adquirira cando iniciamos a viaxe. Nestes momentos debe de parecer máis grande có propio sol. Un espectáculo que tardará centos de anos en repetirse. Lamentablemente, cando volvamos, xa estará de novo afastado.

Ish contemplou por inercia a breve extensión de ceo que lle permitían as frondes das árbores, coma se pretendese confirmar ó seu través aquelas palabras.

—Unha vez alí –continuou ela–, vostede volverá de novo ós seus alardes. Non o poderá evitar. O seu camiño comeza onde acaba o dos demais. Penso, sen embargo, que ten razón. O seu labor é importante. Estou segura de que chegarei a saber das súas actividades a través de revistas ou os partes informativos. Será difícil que os nosos mundos volvan atoparse de novo... Creo, Ish, que lle debo unha explicación.

—Non a comprendo, doutora.

—Non minta. Sabe perfectamente do que lle estou a falar. Non quero que garde unha falsa idea de min. Anque non penso que sexa indispensable que o faga, necesito dicirlle que non se fixo merecedor dos moitos improperios que lle dediquei. A realidade é que non teño queixa de vostede. Foi un excelente compañeiro, pendente sempre do que eu puidese necesitar. Supoño que sabelo satisfará o seu ego.

—Agrádezollo, doutora. Vindo de vostede, esas palabras son dobremente meritorias, porque sei canto lle debeu de custar dicilas. Mais, non sería xusto se non recoñecese que non soamente me dedicou reproches, algúns ata merecidos, senón que tamén resultou unha valente compañeira, non a rapaza asustadiza que inxustamente imaxinara. E non só é vostede unha persoa de principios, senón que soubo facer un perfecto diagnóstico de min. Estou seguro de que agora é quen mellor me coñece.

Avva enxugou a suor cun pano. Logo fixo abanar a súa loira cabeleira cun movemento de cabeza, e sorriu.

—¿Por que, *Ish*? ¿Como lle puxeron semellante nome? ¿Sabe que, etimoloxicamente, significa "home"?

—Ah, supoño que resultaba inevitable. A miña nai chamábase Ishah, "muller".

Riron.

—Avva, permítame que lle faga unha pregunta. ¿Cando é realmente vostede? ¿Cando amosa as uñas e mais o seu carácter frío e distante, ou cando como agora se permite descubrir toda a receptividade que posúe? De verdade que me gustaría sabelo.

Avva continuou a rir.

—Supoño que en ambas ocasións –admitiu–, polo menos eu sigo a sentirme a mesma.

—Pois non creo que lle beneficie continuar a encubrir a súa auténtica personalidade. Asegúrolle que me quedaría cunha das dúas, mais partiría en anaquiños a outra. Non, non mo diga tampouco; xa sei que non son máis ca un simple hedonita.

Lilith xurdiu sorrinte e inesperadamente onda eles.

—Avva, querida, ¿que é iso que tanto parece divertirvos?. Mais baixade un pouco a voz, poderiades despertar tamén ós demais.

—Nada importante, Lilith. Non era de ti de quen estabamos a falar.

—Naturalmente que te creo. Despois de tantos días e tantas noites sós, en plena selva, non me sorprende que teñades cousas máis interesantes de que ocuparvos.

A voz de Lugal feriu naquel momento os seus oídos, atallando de raíz a porfía:

—Isto estame a gustar cada vez menos, Ish. As interferencias tampouco me permiten contactar con ningún dos satélites de comunicacións. Só puiden gravar uns ruídos e unhas sílabas soltas que penso que deberían de escoitar Enlil e mais o teu pai. Temo que sexa algo máis que simples anomalías o que está a acontecer.

En torno a eles proseguía o ininterrompido esbardallar de mil descoñecidas especies. Mais Ish soubo xa, mesmo antes de conseguir que aqueles despertasen, que estaba a acontecer algo de suma importancia. O radiorradar, pese a estar á máxima potencia, non conseguía transmitirlles con suficiente nitidez a mensaxe que chegaba das estrelas. Escoitábanse chiídos, coma os de deturpados e sobrecargados sinais horarios, mesturados con frases inconexas, a penas intelixibles. Mais

as palabras *convulsión, sacudida* ou *axuda*, puidéronas percibir o suficiente número de veces como para atopalas razonablemente reveladoras.

—¿Nada máis, Lugal?

—Nada máis, Enlil. Hai xa moito tempo que non consigo captar máis nada. ¿Que credes que pode estar a acontecer?

—Escoite, Lugal –dixo entón o profesor–, esta perda de contacto e esas frases, poida que signifiquen algo grave; realmente grave. Sempre se producen irregularidades cada vez que Eretz e o Sexto Planeta se aproximan, a consecuencia da enorme masa deste. Desgraciadamente, nesta ocasión, o sínodo é múltiple, xa que a esta circunstancia hai que engadirlle tamén a da veciñanza tanto do Cuarto Planeta coma do cometa. Trátase dunha conxunción realmente notable. Moito temo que se producise algunha desestabilización e que teñamos que permanecer incomunicados algún tempo.

—¿Algún tempo, profesor? –a voz de Lugal parecía cada vez máis insegura–. ¿Canto tempo?

—Enganaríao se llo dixese, comandante. Días, ou ó mellor, semanas. De todos os xeitos penso que non deberiamos de preocuparnos. Temos enerxía suficiente para chegar a Eretz, e contamos con medios para facelo aínda que cheguemos a seguir sen contacto con el.

Mais, despois de pronunciadas estas palabras virouse cara ó espacio. A súa face adquirira a rixidez do mármore, traizoando aquela mensaxe de esperanza. E permaneceu a esculcar a escuridade como se tratase de atopar nela algunha resposta.

—É estraño que non nolo advertisen –comentou Ish–, posto que debe de haber xa moitos días que se están a producir os trastornos. Teño que pensar que deberon de peneirar canta información estivemos a recibir... ¿Por que?...

—¿Que necesidade tiñan de aumentar as nosas preocupacións? –respondeulle Avva–. Sabían que non nos faltaban motivos de inquedanza.

Enlil parecía sentirse impotente no medio do pequeno curro.

—Non é posible conculcar as leis do universo. A natureza regúlase a si mesma.

Lilith soltou unha risiña nerviosa.

—Iso non é máis ca unha estupidez. ¿Que sabemos realmente? As cousas acontecen, e máis nada. Soamente despois conseguimos explicar as causas que as motivaron. Pero nunca houbo ninguén capaz de predicir con exactitude o que podería acontecer. O noso grao de coñecemento non dá para tanto.

Chegoulles de novo a voz de Lugal, a través do receptor. Pareceulles que perdera por completo a súa habitual seguridade.

—¿Que fago, profesor? Non consigo sintonizar. Hai moito xa que teño a frecuencia en branco... ¡¡Santo Deus!!... ¡¡¡Santo Deus!!!...

Antes incluso da súa alterada expresión, percibiron xa o que a motivara. Un lustre prolongado, un fulgurante e distante resplandor, acababa de converter a noite en día. Xurdido do fondo do firmamento espallárase a velocidade fantástica, coma unha mancha relucente, borrando as estrelas do ceo, iluminando a selva e ferindo vivamente os seus ollos. Inmediatamente despois, de parecida forma a como chegara, desapareceu cara ás profundidades dun espacio o final do cal tardaría millóns de anos en alcanzar.

Volveu de novo a escuridade e reapareceron as estrelas no ceo. Na selva reinaba agora un inesperado silencio, máis mesto e pesado aínda cá calor que atafegaba os seus corpos e as súas vontades. Inevitablemen-

te, comezaron a evocar imaxes de montañas con brillos de aceiro, entre linguas de glaciares, ou campos e fragas no fondo de recónditos vales, e ata de austeras e isoladas paisaxes baixo unha atmosfera limpa coma o cristal. Algúns quizais pensaron tamén nos seus, nas súas cidades, e mesmo en devecedoras lembranzas.

Lugal nin sequera se atreveu a repetir a pregunta. O medo pon mil pechos nas bocas. Aratta acabou por xurdir asustada na porta do refuxio para correr a acollerse nos brazos de Ebel.

—Miña doce ratiña. Temo que, ó final, non teñamos máis remedio que reiniciar aquí as nosas vidas.

—¿Non é un pouco prematura semellante afirmación? –comentou malhumorado Enlil.

—Oxalá o fose. Anque de todos xeitos ímolo poder saber axiña. Supoño que, tanto DS coma LH deberon de recibir información dabonda para poder facernos saír de dúbidas. Moito me engaño ou neste momento, nada resta xa do noso Eretz..., a non ser os cativos anacos que agora están a vagar polo espacio á espera de chocar entre si, ou de que outro planeta os capture. Nós somos agora todo o que queda da humanidade.

O profesor expresárase cunha frialdade semellante á de calquera das computadoras que tiñan a bordo.

—¿É que estades todos tolos? –interviu resoltamente Lilith–. ¿Por que non puido ser o cometa o que estourase? ¿Cando se viu un planeta cheo de homes desaparecer dunha maneira tan parva? Non tardaremos en restablecer contacto coa base.

—Anque así fose, Lilith –dixo entón Ish–, aínda que fose o cometa o que acaba de rebentar, ¿que cres que pode quedar de Eretz?

O radiorradar continuaba aínda ligado ós sistemas da nave. As fortes perturbacións que acompañaran á

alabarante manifestación había xa tempo que desapareceran, substituídas agora polo murmurio sen significado do universo.

Mais naquel preciso momento chegou ós seus oídos un novo e rinchante fragor, mesturado a intervalos con berros coma de aves aloucadas. Os expedicionarios miráronse asustados, porque todos eles, excepto Ish, sabían que aquelas peculiares series de sinais eran as ondas emitidas polo Sexto Planeta, ata entón interceptadas pola presencia de Eretz.

Lugal reclamou a súa atención.

—Teño a LH ó outro extremo. Por favor, profesor, fálelle vostede.

O aludido achegouse de novo ó transmisor e formulou a pregunta. Non tardaron en percibir a voz xélida e deshumanizada da computadora:

—Boa noite, profesor. Alégrome de escoitalo de novo. Non é moito o que lle podo dicir, a non ser confirmarlle que Eretz xa non existe. Quizais lle interese saber tamén que a deflagración desviou sensiblemente a traxectoria do cometa. Estimo que, neste momento, xa non hai ningún perigo de que poida colisionar co Sexto Planeta.

—¿Estás seguro?

—Completamente, señor.

—Unha última pregunta, LH, ¿que cres que foi o que ocorreu?

—Ignóroo, señor. Non teño información suficiente. Só os seres humanos fan conxecturas.

—Gracias, LH.

Era todo. Non quedaba marxe para a esperanza. Por moito que lles custase comprender, non tiñan máis remedio que admitir que estaban sós. Cinco homes e tres mulleres, e algunhas máquinas que xa non poderí-

an ser reconstruídas, era todo o que restaba da prodixiosa civilización que conseguira manter a vida nas difíciles condicións ambientais de Eretz. Terían que afacerse á idea de que, a partir daquel momento, ían depender soamente de si mesmos e da súa capacidade, e de que todo canto amaran, todos os seus devezos, todas as súas lembranzas, así como todas as súas ilusións e todas as súas esperanzas, pertencían xa ó pasado. Non existían. Eretz, o quinto planeta do sistema solar, desaparecera.

—"Somos fillos do barro" ...

Alguén tratou de iniciar a pregaria, pero a idea non prosperou. O momento era singularmente delicado e aquelas palabras non tiñan xa moito sentido.

—Vostede non é unha máquina, profesor. Nada lle impide facer conxecturas. Déanos unha resposta.

—Querida Avva, vostede, o meu fillo e os seus outros dous compañeiros que viñeron rescatarnos, o que realmente fixeron foi salvarse a si mesmos, cousa da que, sen dúbida debemos congratularnos. Teño, efectivamente, unha hipótese, anque, polo de agora, non sexa máis ca iso. Está baseada nos efectos que os sínodos co Sexto Planeta teñen producido no pasado. Todos sabedes que Eretz estivo sempre sometido ós efectos da marea gravitacional producida pola oposición entre a súa forza de atracción e a do sol. Os corpos atráense reciprocamente en razón directa das súas masas e inversa do cadrado das distancias que os separan. Este é un feito incontrovertible e o ameazador risco ó que sempre estivemos expostos. O Sexto Planeta é, en realidade, unha estrela frustrada, e os seus numerosos satélites un sistema planetario abortado. A súa masa é inmensa. Infelizmente a súa órbita atópase demasiado próxima á de Eretz, polo que veu influíndo

decisivamente sobre el. Cada aproximación súa supuxo sempre un desafío. Os mesmos khabir lembran nos seus relatos que tivemos tamén unha lúa, que acabou por ser capturada, en tempos non demasiado remotos, por este tan pouco recomendable veciño. Na súa arcaica simplicidade souberon transmitirnos tamén outras consecuencias da súa nefasta influencia: "Cada vez que as cousas se atopan relativamente organizadas entre os homes, velaí que, a intervalos regulares, coma un andazo, as ondas do ceo caen sobre nós e deixan como superviventes só ós iletrados e ós ignorantes"... Sacudidas sísmicas, erupcións volcánicas, desastres ecolóxicos, ou perdas humanas foron compañeiros das, por outra parte, pouco frecuentes aproximacións do Sexto Planeta. Se consideramos que agora a conxunción foi múltiple, debemos de pensar que as consecuencias da marea gravitacional por ela ocasionadas tiveron que ser máis graves. Isto, sen embargo, nunca explicaría unha explosión como a que acabamos de presenciar. Descartado, por escasamente probable, que puidese ser causada por algún artefacto bélico, a única elucidación plausible á que creo poder chegar, é a de que o desencadeamento de semellantes forzas tivese producido unha xigantesca falla no planeta, capaz de pór as súas augas soterradas en contacto co magma ardente do seu interior. A evaporación case instantánea de millóns de millas cúbicas de líquido podería ser a causa xeradora da diabólica forza que reduciu Eretz a anacos. Este é o meu parecer. Mais, repito, non se trata máis que dunha hipótese.

—¿Coma é posible unha cousa así? ¿Que clase de demencia está a sacudir o universo?

—Non importa iso agora, comandante –proseguiu o profesor–. Eretz non é o primeiro nin será tampouco

o último mundo que pereza. Non existe ese perfecto equilibrio gravitacional co que adoitamos xeneralizar o noso asombro diante da grandiosidade de canto nos é dado coñecer. Sexamos realistas. Soamente quedamos nós. E debemos de considerar a responsabilidade de empezar canto antes a planificar as nosas posibilidades. Isto é o que importa agora. E supoño que, sen ignorar a traxedia que estamos a protagonizar, deberíamos sentirnos satisfeitos de acharnos nun lugar coma este, que conta cos medios axeitados para subsistir, e mesmo de artellar un brillante futuro.

¿Que sentido podía ter preguntarse que puido haber antes da orixe do universo, ou cal foi o xerme da materia e da enerxía? ¿Cal o de tratar de saber que podía haber fora del, se é que realmente hai algo? ¿Por que preguntarse a súa idade, en que momento, e de que xeito puido xurdir, se foi creado, ou é eterno, ou as súas dimensións, os billóns de galaxias que o enchen, e o equilibrio ou a danza dos seus infinitos astros? ¿U-la necesidade de comprobar se se expande ou permanece inmutable?

¿Debería seguir a preocuparlles que os grandes lagartos tivesen sangue frío ou quente, ou se algunha vez poderían chegar a ser a raza intelixente do planeta? ¿Sería necesario seguir a indagar se a vida era a creación dunha intelixencia exterior, ou soamente consecuencia dun proceso químico inevitable? ¿Pagaría a pena a porfía para chegar a coñecer a derradeira andadura da evolución?

¿Importaría moito que o sol tivese aínda enerxía para continuar a iluminar o espacio durante miles de millóns de anos?

Quizais na exacta e precisa meticulosidade da Creación estivesen previstos xa todos aqueles aconteceres. Quizais fose real que o universo se regulase a si mesmo. ¿Que pensar entón da ameaza que para os homes, os seres máis perfectos do cosmos, representaba a ruptura daquel prodixioso e universal equilibrio?

Os resultados dos seus cálculos eran terminantes. Dos dous enormes pelouros que, procedentes da explosión de Eretz, se proxectaran cara á órbita do Terceiro Planeta, un deles acabaría por estrelarse contra este. Á mesma conclusión chegaran por separado, as computadoras e as tripulacións das dúas astronaves.

—A pesar do risco –afirmou Enlil–, son da opinión de que debemos de afrontar o reto.

A dúbida afloraba nas reprimidas expresións das súas faces. ¿Que garantía, ou que posibilidades existían de que o impacto non fose facer saltar tamén polos aires aquel outro mundo? Sen embargo, constáballes que sobrevivir era a súa máis inmediata e perentoria necesidade.

—¿Cal é o diámetro dese aerólito? –preguntou o profesor.

—Aproximadamente dunhas vintecatro millas –respondeu Lugal–. Non resulta moi fácil de calcular, ó non ser perfectamente esférico.

O recipiente que contiña a infusión que o científico estaba a inxerir, fóiselle das mans e ficou a abanear no aire. Recuperouno cun sorriso. Tanto el coma os seus compañeiros de Edín non acababan de afacerse de novo á ingravidez do interior das ensambladas aeronaves, nin á artificiosidade das súas condicións, ou mesmo ós ponderados ingredientes e ás precisas cantidades dos alimentos que DS e LH lles preparaban.

—Podemos estimar con bastante aproximación os efectos dun impacto coma este –engadiu despois–, mais, aínda antes de facelo, coido non equivocarme ó supor que poderiamos sobrevivir sempre e cando nos manteñamos en órbita. O noso traballo inmediato será o de calcular o lugar e o momento exactos nos que se vai producir o choque. Non sería desexable que, por calquera neglixencia, antes de impactar co planeta, nos levase o meteorito a nós por diante. E suxiro que se faga tamén por separado. Non podemos correr o risco de equivocarnos.

Os dous comandantes pareceron medirse coa mirada. Era evidente que se atopaban cansos, despois da tensión e do traballo das últimas horas. Ambos estaban, necesitados de descanso. Mais, na pantalla, o rastro do xigantesco espolio seguía aproximándose inexorablemente.

Foi debullando con vagar as palabras, coma sabedor do efecto que estas ían producir:

—"En miles de millas nada vexetal ou animal vai poder sobrevivir. E o resto do planeta veráse seriamente trastrocado. Poderá variar mesmo a inclinación do seu eixo, mudando por conseguinte as estacións e o clima. A proxección á atmosfera da poeira producida polo impacto pode atoldar temporalmente o sol, facendo baixar considerablemente a temperatura. Xelarase a auga dos polos e baixará o nivel do mar, obrigando a perder o seu hábitat natural ós seres que viven na plataforma litoral. A capa de ozono será tamén seriamente danada...

»Así mesmo, a falta de luz vai impedir que as plantas poidan realizar o seu laborioso proceso de fotosín-

tese, e desaparecerán en grande número, sendo aquelas dotadas de esporas ou elementos similares, as que contan con máis posibilidades de sobrevivir, aínda que o frío e as tebras se manteñan sobre o planeta durante longos anos. Mais as microscópicas plantas dos océanos, alimento da maioría dos seres acuáticos, carentes de reservas, van desaparecer de inmediato, afectando a súa extinción a toda a cadea biolóxica.

»Os herbívoros, especialmente os grandes lagartos, reis dese mundo de excepción, vanse ver seriamente afectados. Producirase tamén a inmediata caída dos carnívoros, aínda que consigan superar o frío, así coma a desaparición de cantos seres non sexan capaces de adaptarse.

»Os pequenos animais, especialmente os mamíferos escavadores, e cantos posuan un xeito de alimentación diversificada, son os que contan con maiores posibilidades para acomodárense ás novas condicións que van xurdir da conmoción.

»Vaise dar un auténtico proceso selectivo. Na desesperada loita pola existencia que se vai producir, soamente sobrevirán os mellor dotados".

Semellaban carrouchas multicolores a causa dos cascos, as vestimentas espaciais e as mochilas de supervivencia. Unha ridícula e absurda precaución. Era inútil tratar de observar a través dos respectivos capacetes a ansiedade dos seus rostros e a dirección das súas olladas. Se algúns sentiron necesidade de dicirse algo que non querían que os demais soubesen, gardáronse de facelo diante da imposibilidade de comunicarse fóra do circuíto de radio.

Soamente Aratta e Ebel, enlazadas as mans, semellaban transmitirse a través delas canto sentían naquel

momento. Nos demais, seguían a manterse as distancias, coma se a actitude da doutora Avva tivese conseguido retraelos.

O asteroide semellaba xa próximo. Xigantesco, a voltear lentamente, medrando tanto na pantalla como a través dos vidros da cabina. Viña abertamente cara a eles, ou quizais fose máis preciso dicir que semellaban ser eles os que avantaban cara a el, camiño dun impacto inevitable. Os números e as secuencias dos cálculos estaban, sen embargo, a cumprirse, polo que, friamente considerado, era normal aquel achegamento. Mais a impresión real era a de que camiñaban cara á un inexorable final.

Fulguraban as pantallas coas lecturas e, mentres pasaban fugazmente as cifras polos sinalizadores binarios, as mans dos operadores mantíñanse sobre os sistemas de emerxencia, dispostas a pulsalos se as súas previsións chegasen a resultar desacertadas. Ampliado nunha das pantallas parecía coma se o xigantesco penedo xa levase engulido máis da metade do firmamento, mentres seguía a progresar, xirando tranquilamente sobre os seus extremos, amosándolles a súa irregular superficie. Despois, de xeito case imperceptible para o ollo humano, anque non para os sensores da astronave, que recolleron de inmediato a situación, comezou a distanciarse.

Un brado, quizais excesivamente forte para a sensibilidade daqueles aparellos, feriulles os tímpanos. A alegría fíxoos remexer irreflexivamente e a maioría saíu despedida para acabar flotando ingrávida no reducido espacio interior da cabina. Aquela mostra de entusiasmo estaba, sen embargo, plenamente xustificada. Acababan de superar o primeiro dos asaltos da proba á que estaban a ser sometidos.

A descomunal ameaza continuou o vertixinoso descenso cara á súa cita co planeta, arrastrando con el rochedos mais cativos. Sen embargo, a pesar do seu tamaño, non pasaba de ser máis ca un pelouro en comparación co mundo contra o que ía bater.

A partir daquel instante, pareceulles cada vez máis pequeno. Avanzaba raudo e, inmediatamente despois de contactar coa atmosfera, acendeuse coma un misto, ferindo os seus ollos, malia o capacete protector. A súa temperatura aumentou rápida e imparablemente.

Cando esta debía de alcanzar xa varios miles de graos, estourou. A apocalíptica ameaza esfarelouse no aire, convertido en escudo protector do fascinante planeta, esparexéndose no medio dunha enceguecedora labarada, coma unha man de fariña botada ó vento. Só o seu núcleo, fendido en tres partes, unha delas de enormes proporcións aínda, meticulosamente seguidas e rexistradas na súa caída polas cámaras de a bordo, conseguiu alcanzar a superficie.

Oscilou o horizonte. Tremeu e abaneouse todo, coma se o inmenso e compacto planeta non fose en realidade máis ca unha fráxil superficie.

Antes de que a órbita que seguían os situase detrás da face sumida na escuridade, tiveron aínda a oportunidade de contemplar como, de un dos puntos onde acababa de producirse o embate, ascendía unha enorme columna de fume.

—Ferve a auga do océano –explicou innecesariamente o profesor–. É unha lei física universal. A enerxía cinética transfórmase en calor ó producirse unha colisión. Un feito crucial que, sen embargo, non pasa de ser unha anécdota comparado cos efectos da onda líquida, quizais de media milla de alto, que debeu provocar o impacto. O suficiente para deixar completamente arrasadas todas as ribeiras do mar.

O paso pola parte escura converteuse case nun pesadelo. Os numerosos puntos luminosos que xurdiron na superficie indicaban que a maioría dos volcáns do planeta estouraran case que ó unísono, converténdoo nun auténtico inferno. Extensións considerables de bosque e bouzas, doadamente detectables aínda dende aquela altura, incendiáronse sumando a súa luz vermella ó intento xeneralizado de rachar aquela negrura de ébano.

O seu retorno á parte iluminada non contribuíu a mellorar a imaxe. Os restos esfarelados do planetoide formaban xa unha nube de poeira impenetrable que, esparexéndose lentamente, ía ocultando a superficie, mentres as máis pesadas das súas incandescentes partículas precipitábanse sobre soutos e gándaras abrasándoas. Columnas de fume e de po procedentes do escordamento de montañas e cordilleiras, así coma dos penachos dos volcáns, lixaban a ata entón impoluta atmosfera que envolvía o planeta.

—¿Non seremos excesivamente optimistas, ó supor que pode ficar algo aí con vida?

Fora unha pregunta retórica por parte de Obed. Non obtivo resposta... O espectáculo era o suficientemente aterrecedor. Non resultaba difícil imaxinar o que estaba a acontecer. Na superficie daquel mundo sentenciado, loitabase xa pola supervivencia. Cada ser contra os demais, aínda contra os da súa mesma especie, nun derradeiro intento por prolongar a existencia. A desapiadada selección natural. Non bastaba con ser forte, era necesario atoparse tamén entre os mellor dotados, ou entre aqueles que tivesen maior capacidade de adaptación e de resistencia.

Mais ningún daqueles en apariencia pasivos espectadores do drama, ignoraba que, canto estaban a con-

templar ía afectar seriamente ó equilibrio do planeta, e sabían, ademais, que o que ía acontecer despois resultaba aínda máis preocupante. Pois, igual que os mellor dotados, tamén os seres humanos terían que demostrar que se atopaban en condicións de poder sobrevivir.

—Podes abandonar a cápsula.

Percibiu algo novo e inusual na súa voz, difícil de precisar con exactitude. Mais, con todo, diferente. En canto rematou de abrirse a comporta descubriu xa as faces sorrintes da maioría dos seus compañeiros. Coma sempre, Lilith, recibiuno coa cálida caricia dos seus brazos. Foi dando a man, bicou a Aratta nas fazulas, e sorprendeuse diante da presencia dunha Avva cunha expresión radiante na face, no medio do revolexar da sua loira cabeleira.

—Alégrome de vela, doutora.

Foi ela a que se aproximou para darlle tamén a benvida con outro ósculo. Entón advertiu onde se atopaba o cambio. Avva apeara, por fin, o tratamento.

Na cabina agardaban Enlil e Lugal, sentados aínda diante das consolas. Nas pantallas estaban a ser visionadas as imaxes daquel mundo de pesadelo. Recoñecíaas perfectamente, a pesar das extremas condicións nas que as tivera que tomar. Comprendeu o que esperaban del; non lles valía aquel simulacro. Necesitaban unha información máis precisa.

E procedeu a ilustrar canto estaban a contemplar. Ríos xeados, residuos de vexetación morta e arrasada polo lume e o frío, entre os que erraban algúns seres milagrosamente vivos; pequenos animais perdidos nun mundo triste e condenado, sumido nunha atmosfera enloitada que a penas permitía o paso dunha débil

luminosidade, incapaz de escorrentar as tebras. Tivera necesidade de utilizar en todo momento os seus dispositivos de infrarroxos para se valer.

—O planeta é xa un inmenso cemiterio, anque, para a miña sorpresa, haxa aínda algúns grandes lagartos vivos. Camiñaban a atoutiñar entre restos espidos de árbores, engulindo a follatada do chan e os últimos gromos. Ignoro como conseguiron superar o descenso térmico, anque parece evidente que en todas as especies hai sempre individuos capaces de acomodarse ás circunstancias máis adversas. Mais xa non son os mesmos. Perderon toda a súa afouteza. Fáltalles aquela vitalidade, o convencemento rebordante que amosaban cando os vimos por primeira vez. Agora non son máis que sombras. Se o que está a acontecer é unha mostra da autorregulación da natureza, a quen dispón das chaves do universo, debéuselle de ir a man. Xa nada vai poder volver a ser coma antes.

—Son crises cíclicas –argumentou o seu pai–. Feitos similares aconteceron en Eretz e, posiblemente, deberon acontecer outras veces aquí mesmo. O que acabas de presenciar non é máis ca unha parte do proceso de regulación natural e das leis que a rexen, expostos de xeito apresurado. O seu resultado podémolo adiantar. Non haberá regresións; sobrevivirán as especies menos diferenciadas e as menos especializadas, as únicas capaces de adaptarse ás novas condicións: para os mesmos problemas, as mesmas solucións. Mais os grandes lagartos están feridos de morte. Xa non van poder ser os interlocutores con ningunha raza humana ou intelixente que no futuro poida chegar dalgunha estrela; acabou o seu señorío e vai principiar, sen dúbida, o dos mamíferos. O metabolismo destes permitiralles acomodarse ás condicións máis difíciles, a pesar do

frío que vai varrer o planeta durante moito tempo. Comerán cadáveres, extraerán raíces, acosarán a canto ser consigan atopar aínda vivo, e conseguirán acceder ás enormes reservas que supoñen as postas dos propios lagartos. É a lei da supervivencia.

Lilith reaccionou violentamente.

—¿E nós, Ebel? É magnífico canto acaba de dicir, mais, ¿a que veñen tantos rodeos? ¿Que vai ser de nós? Atopámonos case que ó límite das nosas reservas, ata o punto de que, se non descendemos de inmediato, non imos ter máis remedio que comernos uns ós outros. E pregúntome se vai ser posible vivir nun mundo coma ese. ¿Canto imos poder resistir?

O profesor pareceu contrariado, coma se se decatase entón de que se deixara levar polo entusiasmo que para el representaba o feito de estar a ser testemuña dun fenómeno tan excepcional coma aquel, e esquecérase do que realmente debía de importarlle.

—Xa temos falado outras veces sobre iso, Lilith –respondeu–. Temo que o actual deterioro vaia manterse aínda anos. Os necesarios coma para que o proceso sexa irreversible. Mais a atmosfera irase aclarando pouco a pouco, ata permitir que o sol poida de novo fecundar as especies vexetais sobreviventes e as esporas capaces de agardar a aparición das condicións axeitadas para reproducirse. Entón recomenzará de novo a vida, e a evolución dos seres proseguirá o seu curso normal.

—¿Canto? –quixo saber ela–. ¿Cantos anos? ¿Poderemos resistir todo ese tempo?

A resposta de Ebel deixounos entalados.

—Moitos máis dos que poida vivir ningún de nós.

—Por favor, Ebel –teimou ela aínda, sinalando as imaxes que continuaban a desfilar pola pantalla–, ¿é ese o futuro que nos agarda? ¿É que cos coñecementos

que temos, e os medios dos que dispomos, non somos capaces de acadar outra solución? Hai miles de millóns de planetas aí fóra. ¿É que neste maldito e interminable universo non vai haber ningún lugar para nós?

Era unha pregunta dunha lóxica esmagadora.

—Non o hai, Lilith –respondeu polo aludido, Lugal, decatándose das súas dúbidas–. E aínda que o houbese, non sabemos onde se atopa. Non podemos contar con máis co que temos ó noso alcance. Certo que, en teoría, estas naves poderían acubillarnos indefinidamente. Se non se produce ningunha fuga, teñen capacidade para asegurarnos o osíxeno necesario reciclando o dióxido de carbono e o vapor de auga que exhalan os nosos corpos durante o tempo que sexa preciso. E nada impide que poidamos continuar en órbita permanentemente, ou mesmo que pousemos na lúa ou en calquera outro astro que non se atope demasiado lonxe. Mais hai dúas cousas das que estas naves nos nos poden fornecer eternamente: de auga, nin de comida. Necesitamos reabastecernos delas. E debemos de contar tamén que, de conseguir incrementar o número de individuos do grupo, cousa absolutamente necesaria, se non queremos vernos abocados a unha inmediata extinción, tamén iamos chegar a ser deficitarios de osíxeno.

—Xa –admitiu ela con certo patetismo–. E todo iso soamente se pode atopar aí, nesa esterqueira, onde imos ter ata problemas respiratorios. Mais eu pregúntome, ¿canto tempo van poder soportalo os nosos organismos? ¿Como van influír nos nosos xenes esas lamentables condicións? ¿É que imos ter que resignarnos a presenciar mutacións xa nos nosos fillos?

Era como enterrarse en vida. Ela fora a primeira en manifestar as suas dúbidas. Mais estas estaban no pensamento de todos.

—Tes toda a razón –tratou de arroupala Ish–. Ninguén pode crer que teñamos aí embaixo siquera unha remota posibilidade. Matinei moito sobre isto. Descender nestes momentos equivale a un suicidio.

Os demais comezaron a ollarse con visibles mostras de inquedanza. O problema presentábaselles agora en toda a súa terrible crueza.

—Sen embargo –continuou–, temos aínda unha posibilidade... Escoitade. Supoño que vos teredes decatado de que, se conseguimos dilatar suficientemente a nosa permanencia a bordo, poderiamos atopar mellores condicións ambientais no momento no que volvamos ó Terceiro Planeta. Por desgracia, as granxas coas que contamos, anque se reciclan a si mesmas, soamente poden subministrar unha limitada cantidade de alimentos. Nunca serán suficientes para todos, por moito que consigamos incrementar a súa producción ó máximo das posibilidades que pode ofrecernos o espacio de que aínda dispomos. Seino. Tampouco son ningún técnico na materia, e podedes corrixirme se me engano. Mais contamos con catro cámaras de hibernación, dúas en cada nave. Coma en tantas outras cousas, tamén nisto temos que lamentar a maldita cutreria dos dirixentes da Corporación non instalando unha para cada membro das tripulacións. Será, sen dúbida, un grande sacrificio, e teremos que establecer tandas. Mais é factible que a metade de nós poida permanecer hibernada permanentemente, reducindo así tanto o consumo de alimentos coma o de osíxeno. Isto comporta, ademais, a vantaxe adicional de prolongar as nosas vidas. E contamos aínda cun módulo. Con el non nos resultará difícil fornecernos tanto de auga coma de osíxeno. Somos oito seres cheos de vida, con capacidade para demorar o encontro co que aí abaixo

está a agardarnos. Intentémolo. Pódese vivir perfectamente consumindo vexetais sen chegar a experimentar ningunha clase de atrofia.

Falara quizais cun exceso de vehemencia, como pretendendo transmitir o entusiasmo que sentía. Lilith pareceu escoitalo con dúbidas, mentres que Avva semellaba máis que nada estudiar as reaccións dos demais, como tratando de adiviñar se seguían a manter aínda algunha clase de resentimento contra a súa insolidaria actitude e puidese este aflorar de novo naquela situación.

Na pantalla continuaba a ser visionado o moribundo planeta: ríos xeados, residuos de vexetación arrasada ou árbores espidas, entre as que atoutiñaban inseguros os outrora animosos lagartos...

—Podería funcionar... –rematou por admitir Lugal, culminando un longo proceso de análise.

—Funcionará –teimou Ish–. Somos capaces de conseguir que funcione.

OUTRO TEMPO, NO MESMO LUGAR

Capítulo 4

Foi coma se estivese a volver dalgures. A súa mente abandonaba estrañas ficcións mentres trataba de acceder a unha realidade que distaba aínda de percibir con claridade. Un bafo de aire quente percorreu entón a súa epiderme, escorrentando aquela sensación de distante frialdade. Algo coma un sopro, ou, quizais mellor, un tenue hálito acariciou o seu rostro.

Luces imprecisas bailaban diante del. As súas primeiras e auténticas percepcións.

—Non faga ningún movemento. Está vostede activándose... Non faga ningún movemento...

Despertaba. Volvía á vida. E empezou a comprender onde se atopaba. Xa non lembraba nada do que pouco antes cría ter na mente. Percibiu a transparencia da tapa do sarcófago, aínda que lixeiramente velada pola respiración, e, a través dela, a familiar estampa das escadas que conducían á cabina de mando. Estaba no interior dunha das cámaras de hibernación dalgún dos dous *Eretz*. Aínda non podía precisar de cal. A través da cativa visión que lle permitia a lucerna resultaba problemático alcanzar maiores evidencias. De todos xeitos non ía tardar en sabelo, xa que a apertura do receptácu-

lo non podía demorarse. Estaba a inverterse o proceso que o conducira a aquel estado de catátese, inconsciencia, ou vida suspendida, que agora abandonaba.

Percibiu o lene son do motor elevando a cuberta, o que lle ía permitirlle entrar en contacto coa atmosfera da nave, primeiro, e abandonar despois o lugar. Decatouse de que principiaba a poder mover as súas articulacións, primeiro torpemente, logo con soltura. Sentíase enormemente canso, e percibía un profundo baleiro no seu interior, semellante a unha sensación de fame e sede. Case sen transición, ó advertir o que tiña na man, lembrou as instruccións. Tratábase de algo importante. Algo que permanecera alí durante todo o tempo que estivera durmido.

Apertouno. Inmediatamente un brazo mecánico aproximoulle unha embocadura. O movemento foi acompañado dun lixeiro rumor mecánico. Zugou dela moi de vagar. Non tiña conciencia de se a súa última inxestión de alimentos fora había aínda pouco, ou se levaba toda a vida sen comer. O líquido, sen embargo, tróuxolle o recordo dun sabor agradable e familiar.

Repetiu a toma a intervalos. E percibiu como se lle reactivaban as forzas. Por momentos creu sentir unha anovada enerxía interior.

—Está a recuperarse moi ben, Ish. Fale se quere. Todas as súas constantes responden perfectamente. A súa respiración e o ritmo do seu corazón son xa normais... Mais, de momento descanse. Non tente incorporarse aínda. Dígame, por favor, o seu nome e condición.

Non lle resultou difícil satisfacer a demanda. Tamén neste aspecto semellaba ter claras as ideas.

—Son Ish, fillo de Ebel e Ishah, técnico en supervivencia a bordo da nave *Eretz II* en misión especial de rescate no Terceiro Planeta.

—Efectivamente, Ish, está vostede na *Eretz II*.

Percibía, cada vez con máis intensidade, como o seu ser recobraba o ánimo e uns devezos que pouco antes distaba moito de sentir.

—¿E os demais, DS?

—Responde vostede magnificamente, Ish. Estamos a bordo da nave *Eretz II* en órbita estacionaria arredor do Terceiro Planeta.

—Todo iso xa o sei, DS. Non necesito que ninguén mo lembre. ¿E os demais? ¿Por que non vén ninguén axudarme?

—Non se incorpore aínda, Ish. Está xa todo previsto. Non necesita de ningunha axuda. Agarde uns minutos ainda. Todo se está a desenvolver con absoluta normalidade.

Tratou de relaxarse procurando esquecer as preguntas que agora rebulían na súa mente, e o estraña que lle resultaba a soidade que percibía ó seu arredor. Soamente os xogos de luces e o lene son dos purificadores de aire, os ambientadores, ou algunha outra máquina que, aínda que familiar, non chegaba a identificar, contribuían a tranquilizalo.

Cando os dispositivos biosensores e o encefalograma indicaron a completa normalización das súas constantes, xa desaparecera a brétema que ata aquel momento o anubrara parcialmente. Mais, cando tratou de incorporarse, malia ás advertencias de DS, estivo a piques de saír despedido. Agora sentía un cúmulo de desorientadas impresións que, sen embargo, non lle impediron lembrar que a presión a bordo era inferior a un cuarto da normal, e que no espacio recibía a cabeza maior cantidade de sangue do habitual.

Asiuse ó bordo do receptáculo. Depositou paseniño os pés no que supuxo debía de ser o chan, e agar-

dou a recuperarse. O lixeiro esforzo fora suficiente para cansalo.

E foi entón cando percibiu a enorme barba e a longuísima cabeleira que lle medraran, moito máis longas e mestas do que parecía posible nun estado de animación suspendida no que se presumía que o tempo non transcorría. E empezou a sospeitar que a súa reanimación podía non obedecer ó cumprimento dalgunha das tandas acordadas. A ausencia dos seus compañeiros e aqueles adobíos capilares parecéronlle significativos.

Fustrigábano as dúbidas. Con pasos vacilantes, mais con toda a premura que lle era posible, achegouse á cámara situada onda a que acababa de abandonar. Necesitaba saber quen podía ser o seu compañeiro de hibernación.

Recoñeceu de inmediato a face de Avva, parcialmente oculta baixo a súa fermosa cabeleira. En realidade presentírao. Mesmo antes de inclinarse, algo pareceu dicirlle que era con ela con quen se ía atopar. Quizais a causa do constante enfrontamento da doutora co resto da tripulación e da súa violenta reacción contra o que considerara un intento por parte dos demais de converter a vida a bordo nunha vulgar comuna. Sentiu un estremecemento, ignoraba se pola impresión que lle causaba a súa indubidable beleza, ou quizais polo temor a que poidese non estar viva. Avva tiña entreabertos os beizos, naquel momento descoloridos e, no seu cello, creu advertir aquela pequena enruga alertadora sempre dalgunha das súas intemperadas reaccións.

Os rexistros, sen embargo, contribuíron a tranquilizalo. As súas relucentes liñas indicáronlle que o pulso, a respiración e a actividade cerebral da doutora estaban baixo control. A pesar diso conectou o disposi-

tivo de audición. Estaba a necesitar dunha maior certeza. Os espaciados latexos do corazón, menos de tres por minuto, e o ritmo da súa respiración, máis lenta aínda, retumbaron nos seus oídos coma un tambor. Non se trataba de ningunha artificiosidade da electrónica ó traducir aqueles impulsos bioluminiscentes. Avva estaba viva. As constantes de ambos foran debidamente mantidas pola computadora, que efectuara ademais os axustes oportunos e subministráralles as minúsculas cantidades de fluídos intraveosos que os mantiveron activos, procedendo ó mesmo tempo a "desintoxicar" os seus tecidos de calquera substancia prexudicial que se tivese acumulado neles, cantas veces foron necesarias.

—¿Canto tempo levo hibernado, DS? ¿Están os demais na *Eretz I*, ou atópanse xa no planeta? ¿Cando vai despertar a doutora?

—Demasiadas preguntas, aínda para min, Ish. Teño unha mensaxe para vostede. Se me permite unha suxerencia, escoitala antes que nada sería un excelente principio.

—De acordo, DS –accedeu, empezando a sospeitar do que se podía tratar–. Comecemos, pois, por ela.

Tardou uns intres en escoitar a través dos amplificadores a voz de Lilith. Recoñeceuna axiña, a pesar da desusada frialdade coa que se expresaba:

"O teu pai acaba de morrer. Cando o descubrín tiña aberta aínda a gravadora, polo que non me resultou difícil comprender o que estivera a facer. Enlil estivo de acordo en infrinxir excepcionalmente as disposicións que conviramos, e cumprir os seus desexos de que coñeceses os seus derradeiros pensamentos".

Chegáronlle de inmediato as palabras do seu proxenitor. Unhas palabras pronunciadas cunha voz que

moi remotamente se parecía á súa, o que evidenciaba as notorias dificultades coas que se estivera a expresar:

"Ignoro en que momento che vai poder chegar esta mensaxe, anque dou por seguro que será moito despois de que, tanto eu, coma cantos compartimos esta horrible experiencia, nos teñamos ido. A min quédame xa moi pouco de vida, se é que se lle pode chamar vida a isto, aínda que recoñezo que conseguimos máis do que nun principio cría posible.

»Non foi moito o tempo que, por desgracia, puidemos manternos en órbita, tal como dispuxeramos. Ós poucos meses perdemos o módulo que restaba, e co mesmo dous compañeiros insubstituíbles, Lugal e Obed, que o tripulaban naquel momento. Ignoramos que lles puido acontecer ou onde estivo o fallo. Non nos quedou mais remedio que aterrar algún tempo despois utilizando unha das naves, para tratar de sobrevivir cos contados medios de que dispuñamos. Pero antes, decidimos quen debía de ficar a bordo, agardando o intre axeitado. Houbo unanimidade en considerarte o máis capacitado para esa misión. E DS e LH encargáronse de seleccionarche a compañeira. Non lles resultou difícil. Tanto Lilith como Aratta non podían ser hibernadas durante un período excesivamente longo a causa da súa condición de embarazadas. A traxectoria da nave foi revisada. Se non se produce ningunha outra desorde no universal equilibrio, poderá permanecer en órbita eternamente. DS foi programado para mantervos nesa situación ata o momento no que a recuperación biolóxica do planeta poida garantir a vosa supervivencia, ou antes, se vos ameazase algún perigo.

»Non chove xa neste mundo de traxedia. Todo el é agora unha superficie fría e espida, sen sol nin auga.

Mesmo a que obtemos do xeo non é boa, xa que produce unhas terribles gastroenterites. Tampouco resulta doado cazar as escasas alimañas que aínda remexen nesta escuridade, por máis que percibamos xa unha lene luzada que nos permite distinguir o día da noite. O cansazo e a degradación física están a acabar con nós. Soamente Enlil e Lilith parecen ter aínda folgos, anque non sei por canto tempo. Eu estou a piques de irme. Non consigo sobreporme á perda de Aratta. Tampouco considero á descendencia que elas nos deron con capacidade suficiente para sobrevivirnos. Triste sino o noso ter que abandonar a estes primeiros humanos aquí nacidos antes de que se poidan valer por si mesmos. Ti e Avva seredes agora, seguramente, os últimos humanos. De vós vai depender se os derradeiros da especie, ou os primeiros que consigan asentarse no planeta... Quero que o saibas, Ish. Poucos pais tiveron tantos motivos de satisfacción e estiveron tan orgullosos dos seus fillos coma min. Admiro ós khabir por ensinarnos que un fillo é un reto que se lle fai ó destino. Sei que o podes conseguir, Ish. Non te rendas...

»Cando escoites estas palabbras, o Terceiro Planeta será xa de novo o fascinante mundo que coñecemos. Lembra sen embargo, que ningún animal ten capacidade para deixar de facer o que lle pete nun intre determinado. Semellante posibilidade é so privativa do home. Soamente nós somos libres. Porque liberdade é exercer o privilexio de deixar o que desexamos para facer no seu lugar o que estimamos conveniente, anque non nos agrade. No medio de tantas eivas coma padecemos, esa é a nosa grandeza. Non podemos desaparecer. Algo haberemos de aportar aínda ó universal concerto.

»Tampouco é tan perfecto o equilibrio dos ceos para que non se produza de novo un feito coma o que

tivemos ocasión de presenciar. É probable que o home non chegue nunca a acadar os coñecementos necesarios para conxurar perigos coma ese. Pero, na súa man si está evitar aquela outra latexante ameaza que representa non manter o axeitado equilibrio da natureza. Este é o meu máis fervente desexo. Ish, fillo, non o esquezas nunca ... Inculcádelle isto ós vosos. É moita a vosa responsabilidade... porque, no momento no que me esteas a escoitar... xa non vas ser soamente "Home"... etimolóxica e realmente, serás xa "Adam"..., a "Humanidade"..."

As últimas palabras foran a penas audibles. Comprendeu que chegara o final. E entendeu todo o alcance da súa mensaxe. Mais tamén el se sentía orgulloso daquel pai e dos valores que tratara sempre transmitirlle. E agradecíalle máis que ningunha outra cousa aquel postremeiro recoñecemento da súa valía, anque ignorase se realmente se fixera merecedor de el.

Escoitou de novo a voz de Lilith, tan remota e distorsionada como se lle estivese a chegar cruzando a longa distancia que parecía separalos xa no tempo:

"Iso é todo –resumiu–. O teu pai nunca puido deixar de ser un teórico, incapaz de comprender a realidade das cousas. Tampouco chegou a sospeitar sequera que ti eras o pai dos meus dous primeiros fillos. Espero conseguir que me sobrevivan para adiantarme ós que poidas xerar con esa reprimida neurasténica que conseguiu apartarte de min. Este é agora o meu desafío..."

Fechou os ollos. Nada máis combativo e irracional ca unha muller que se considera burlada. Pero xa non había posibilidade de arranxo. Se todo se desenvolvera coma previran, naquel momento non debía quedar xa ningún membro do grupo con vida, a non ser aqueles problemáticos e degradados descendentes seus, da exis-

tencia dos cales acababa de ter agora coñecemento. Comprendeu o desencanto de todos eles, e as penurias que deberan de padecer, e laiose de non poder chegar a coñecer aqueles fillos, enxendrados posiblemente nalgunha das doces noites de Edín, nas que lle resultara imposible non sucumbir ó irresistible engado de Lilith.

—¿Algunha pregunta, señor?

As palabras da computadora sacárono da súa momentánea abstracción.

—Unha soamente, DS, ¿canto tempo hai que foron rexistradas estas mensaxes?

—Esa é unha información que teño prohibido revelar. Síntoo de veras, Ish.

—E supoño que de nada vai servir que che ordene facelo.

—Esas son as miñas instruccións.

Comprendeuno e, de momento, non lle deu importancia. Comezaba a sentirse posuído por unha inusitada excitación, uns irreprimibles devezos de actividade, e un dinamismo tal que todo o seu ser parecía ter agora a imperiosa necesidade de resarcirse do dilatado repouso ó que se vira sometido.

Ascendeu as escadas que conducían á cabina, e, a través das súas xanelas descubriu o que buscaba. O deslumbrante globo azul e branco, inundado agora de luz, esvaraba lentamente sobre a súa cabeza, ocupando unha grande parte do firmamento. Distinguiu con claridade as nubes esvaéndose con lentitude na atmosfera, o azul das augas, e as masas verdes da vexetación. Parecía de novo aquel incomparable Terceiro Planeta que coñecera. O lugar que debía de converterse na patria irremprazable da humanidade.

Ollouno longa e detidamente, e admirouse ó advertir cambios na súa superficie. Mudara a configu-

ración das dúas grandes extensións nas que outrora estaban distribuídas as súas terras. Dunha orientación norte-sur, pasaran a outra de oeste-leste. ¿Simple consecuencia do desprazamento producido polos impactos do meteorito, ou modificación a causa do resultado da acción de axentes erosivos e movementos oroxénicos posteriores?

Unha friaxe percorreu todo o seu ser. A segunda destas posibilidades acababa de aterralo. Porque, de ser así, o tempo transcorrido dende o momento do choque non podía reducirse a unhas cantas ducias de anos, ou se acaso a algúns séculos, senón a un período enormemente máis dilatado. Algo realmente difícil de asumir.

Presa dunha súbita ansiedade buscou os rexistros cronolóxicos da nave. E ficou perplexo. Foran todos borrados. Parecía como se os seus compañeiros decidisen ocultarlles deliberadamente a información. Quizais esqueceron que deter ou ignorar o pasado era como roubarlle algo ó presente.

Dubidou uns intres. Mais logo acabou por manipular febrilmente os mandos. O indicador titilou e, de inmediato, movéronse os guarismos. Era o comezo dun novo cómputo para a humanidade.

—¿Podes recuperar á doutora, DS?

—Naturalmente, señor.

—Outra pregunta, DS; ¿que criterios seguistes, tanto ti coma LH, para determinar quen debía de ser a miña compañeira?

—Os normais para un caso coma este, señor. Vostede é técnico en supervivencia e ela doutora en medicina. O necesario complemento para que a misión que se lles encomenda poida ser levada a feliz termo. Mais, se me permite unha observación, no seu caso, non podiamos deixar de ter tamén en conta outra circunstancia.

—Ah, si. ¿Podo saber cal?

—Naturalmente, señor. Para nós estaba claro que vostedes dous se amaban.

Unha sorprendente apreciación, vindo como viña dunha máquina.

—Interesante, DS, realmente interesante. ¿Non foi entón o feito de estaren preñadas as outras mulleres o que influíu na vosa decisión?

—Digamos que esa foi a razón técnica. Mais o criterio principal é o que lle acabo de revelar.

—Empezo a preguntarme se xa non somos soamente os seres humanos os únicos capaces de facer conxecturas.

—Non o comprendo, señor. Nós non podemos equivocarnos nunca. As nosas decisións son sempre obxectivas, mentres que as dos humanos poden estar deturpadas pola subxectividade. En consecuencia, decidimos que, se vostede debía de ter unha compañeira, esa non podía ser outra que a doutora Avva.

—E supoño que deberei de darvos as gracias. Sen embargo, quizais debades saber, tanto ti coma LH, que a estimación da existencia de sentimentos, non pasa de ser, moitas veces, senón unha simple apreciación subxetiva.

—Tereino en conta, señor. En todo caso, como xustificación do noso xeito de proceder, quizais deba dicirlle que a oficial Lilith, á que sen dúbida vostede alude, parecía sentir tamén certo afecto por outros membros masculinos da tripulación, mentres que resultaba evidente que a doutora Avva soamente o sentía por vostede. Dígollo aínda a risco de que poida consideralo coma outra simple apreciación subxectiva.

¿Burlábase aquela máquina? Non parecía posible. Porque, aínda naquela inesperada situación, e contra o

que friamente puidese pensar, a realidade era que non se sentía contrariado polo feito de saber que sería Avva e non Lilith quen debía de compartir o seu destino.

Mentres se iniciaba o proceso de reanimación da súa compañeira, entrou no aseo xiratorio e procedeu cortar a barba e cabelos. Non quería que os seus restos ficasen flotando, e correr despois o perigo de aspiralos.

Cando abandonou o lugar, abrírase xa a tampa do sarcófago e DS repetía as súas monocordes recomendacións:

—Non se incorpore aínda, doutora. O seu pulso e o seu corazón son normais. Fale se quere.

Tiña aínda pechos os ollos, mais recuperara xa a cor das meixelas e dos beizos, mantendo medio oculta a expresión baixo a enorme mata de cabelo. Pareceulle realmente fermosa, anque esta particularidade non lle fixese esquecer as súas reaccións. Discrepaba sen embargo, dos seus compañeiros acerca da súa actitude respecto ó grupo. Para el estaba claro que non obedecía a ningunha discordancia fundamental. A doutora actuaba sempre condicionada pola formación que recibira. Naquel momento, non obstante, sentíase dominado polo devezo de vela de novo viva, non lle importaba a clase de humor que amosase. ¿Sería posible para unha imperfecta e insensible máquina advertir a existencia dun sentimento no que nin el mismo reparara?...

Afastoulle a cabeleira con sumo coidado. As xemas dos seus dedos acariñáronlle despois lixeiramente as meixelas. Avva ergueu entón as pálpebras.

—¡Ish!... –farfallou debilmente, ó cabo duns intres.

A luz inundou o azul das súas pupilas, arrincándolle brillo ás ondas húmidas que as cubrían. Mais esta vez non advertiu nelas aquela premonitoria e pouco desexable expresión doutras veces.

—¿E os demais?

Semellaba estar realizando un esforzo considerable.

—¿Estamos sós? –volveu preguntar.

Asentiu cun simple aceno. Por un momento pareceulle sorprendente que puidese tratarse do mesmo ser inerte que momentos antes contemplara a través da lucerna.

—¿Tes fame?

Nin sequera agardou a que respondese. Sentíase inseguro, como temeroso de non saber comportarse naquela pouco usual situación. Premeu por ela o botón. O brazo mecánico achegoulle o alimento. Avva zugou del movendo ó mesmo tempo as pálpebras e os músculos da cara. Cando o deixou de facer, Ish bicou os seus aínda húmidos beizos, deliciosamente aquecidos, e recuperados xa coa súa habitual cor.

Advertiu un sobresalto a percorrer velozmente todo aquel ser.

—¿Estás ben? –preguntoulle, mentres procedía a soltar as conexións que serviran para controlar as súas constantes.

Un sorriso adornoulle os beizos. Con certa inseguridade pousou ela entón unha man trémula sobre o seu rostro.

—Ish... ¿De verdade que estamos sós?

Acenou de novo, anque cría lembrar que xa pronunciara antes as mesmas ou parecidas palabras.

—Son feliz compartindo o destino contigo... –engadiu a doutora–. Mais ... aínda non estamos casados...

Ish arredouse un tanto, pechou os ollos e, inevitablemente, deu en rir.

—¿A que vén iso? –preguntou logo.

Ela colleulle as mans.

—Todo isto é moi difícil para min –tratou de explicarse.

Sabíao. E comprendíaa perfectamente, posto que cría ter aprendido a coñecela. Pero aquelas palabras tampouco eran ningunha resposta.

—Doutora Avva –tentou razoar–, terás que admitir que esta podería resultar unha situación autenticamente divertida. ¿Decataste de que somos os únicos seres humanos que quedan no universo, polo que, á parte de nós mesmos, ninguén máis nos vai poder unir en matrimonio?... ¿Como non pensaches nesta eventualidade antes de aceptar ser hibernada?

—Oh, Ish, naquel momento estaba demasiado entusiasmada para facelo –respondeu, intentando sorrir ó mesmo tempo.

—Pois esquece por un momento os inmutables preceptos que viñeron condicionando a túa existencia. Non son máis que obra de homes. Duns homes tan acosados polas dúbidas como poidamos selo nós mesmos. Non hai máis leis cás que rexen o universo... e tampouco estas son inmutables.

—Trata de comprendelo...

Advertiu como lle medraba a enruga do entrecello.

—Está ben, farei un esforzo. Non quero que te sintas culpable o resto da túa vida, nin acabar por pensar eu, irracionalmente, que te elixiron como a miña compañeira xogándome a mala pasada de aproveitarse que me atopaba durmido... Quero seguir a crer que estar xuntos é o mellor que podía pasarnos.

Virouse cara a un dos receptores.

—¿Estás facultado para casar, DS?.

Respondeulle un silencio longo e pesado. Avva observábao cos ollos coma pratos. Despois deixouse oír a voz da computadora, esta vez modulada cunha inflexión un tanto retranqueira.

—¿Trátase dalgunha abstracción, señor? Nada atopo nos meus rexistros que me permita tomar decisións ó respecto. Sínto moito non poderlle ser tampouco de utilidade esta vez.

—Non importa, DS. Non importa. Porque entre as túas moitas facultades e competencias si se atopa a de rexistrar canto aconteza ó teu arredor. Así, pois, vas ter que ser notario e testemuña do que agora imos facer.

Tomou unha das mans de Avva e engadiu:

—Eu, Ish, fillo de Ebel e da súa esposa Ishah, declaro voluntaria e formalmente diante de Deus que amo a esta obstinada muller, e que prometo, a pesar diso, seguir a amala, coidala, axudala, amparala, e escoitala durante o resto da miña vida.

A doutora fixo un lene movemento de cabeza, como se estivese a volver aínda do seu delongado repouso. Logo, acadada xa a definitiva consciencia, apresurouse a declarar:

—E eu, Avva, filla de Cayin e Inanna, declaro, tamén na presencia de Deus, amar a este impertinente varón, e prometo seguir a amalo, coidalo, axudalo, amparalo e escoitalo así mesmo durante o resto da miña vida.

—Así sexa –sentenciou a metálica voz da computadora.

Ficaron desconcertados. Mais logo non puideron evitar unha gargallada diante do que semellaba unha inesperada e pouco habitual toma de decisión por parte daquela. Mais, o principal era que o formulismo fora cumprimentado e que eran xa marido e muller.

De vagar, bambeándose a causa da falla de gravidade, en silencio, e ollándose un ó outro, encamiñáronse ó recinto inmediato.

—Aínda non sei se me namorei de ti cando te vin rir por primeira vez a bordo, ou se en realidade xa me atraías cando contemplaba a túa expresión de triunfador nas portadas das revistas.

Ish limitouse a gardar silencio. Non podía ferila dicíndolle que ata aquel momento non se decatara do que sentía por ela.

Alcanzaron o cubículo. Ela mesma abriu o saco atirantado.

—Ish... –pregou de novo, agora cunha voz coma un murmurio–, DS estanos a observar.

—¡Pero se non é máis ca unha máquina!

—Por favor...

Era un rogo, unha súplica, que ninguén podía deixar de escoitar. Dende o cadro de mandos máis próximo eliminou toda posibilidade de que aquel estraño compañeiro de viaxe, da capacidade do cal dependeran durante tanto tempo, e da que seguramente non poderían tampouco prescindir no futuro, fose testemuña tamén do que ía acontecer entre eles. Algo que, pola súa propia natureza e polas circunstancias que o determinaban, era posible só entre seres humanos.

Despois reducíu, a iluminación do pequeno habitáculo ó reflexo que penetraba polo acristalamento da planta superior.

Cando volveu onda ela, advertíu que xa se desprendera da súa vestimenta e que o agardaba coa ollada e os brazos estendidos, solta a cabeleira sobre uns ombros brancos e nus. As súas olladas volvéronse topar.

—¿Podo dicirlle, doutora Avva, que é vostede unha muller realmente atractiva?

Ela revirouse na ficticia gravidade do saco de durmir, e buscou medirlle a cara coa man.

—¡Ish!... ¡Estúpido!..

Completárase a xigantesca parábola e a dilatada viaxe a través do espacio e do tempo. O escudo de ouro e iridio conseguira soportar a fricción atmosferica e o *Eretz II* puido pousarse sobre a superficie do Terceiro Planeta.

Mais seguiron a depender del. DS facilitáballes información sobre o mundo que os arrodeaba, e sometíaos a unha constante e meticulosa observación para determinar os efectos que sobre os seus organismos produciran a ingravidez e a inhalación de osíxeno puro durante tanto tempo. Misión súa era a de decidir o momento no que podían abandonar a nave, ou precisar a debida alternancia dos ingredientes da atmosfera interior necesarios para adaptalos á que ían ter que respirar fóra.

Tratábase dun proceso tan lento coma necesario, que compartiron co labor de penetrar no coñecemento de canto necesitaban para asegurar o futuro. O Edín sobre o que acababan de aterrar era ben diferente. Atopábase lonxe do mar, e tanto a súa temperatura como a súa humidade ambiental eran menos elevadas, aínda que seguise a ser un inmenso xardín no medio dunha farturenta chaira cruzada por ríos.

A súa vexetación en nada lembraba tampouco á que coñeceran. Non contaba con árbores xigantescas, nin con tupidas e desmesuradas selvas. Baixo os soutos de agora, e entre a herba dos seus espacios abertos, pacían outros animais. Parecía ter acertado o seu pai. A maioría eran mamíferos. ¿Canto tempo permaneceran no espacio para que aqueles primitivos e diminutos espécimes evolucionasen naquel grao?

Nada souberon do *Eretz I*, que trasladara a aquel mesmo lugar ós seus compañeiros, nun pasado a unha distancia so vagamente intuída. DS non conseguira

detectar ningún sinal de vida intelixente naquela terra, unha vez perdido o contacto co seu xémeo. Non tiñan máis remedio que pensar que, tanto este como a súa tripulación, pereceran víctimas das adversas condicións que tiveran que soportar. ¿Fracaso dos devezos vindicativos de Lilith, ou se cadra porque alcanzara xa o seu seme aquel derradeiro grao da evolución no que os seres ían poder prescindir ata da súa envoltura corpórea?

Puideron, sen embargo, acceder a todo un cúmulo de informacións reunidas pola computadora durante a súa longa e aínda non mensurable permanencia no espacio. Parte dos restos de Eretz, capturados polos planetas Cuarto e Sexto, convertéranse en pequenas lúas suas , e algúns máis movíanse de xeito un tanto irregular en torno ó sol. Mais, a inmensa maioría dos fragmentos ós que o seu mundo orixinario quedara reducido, permanecían esparexidos nunha franxa situada sobre a súa antiga órbita, coma orfos desprotexidos que agardasen a ser axuntados de novo por alguén.

Saíron ó exterior, sen utilizar sequera as súas vestimentas espaciais, nin ningunha outra clase de protección. As constantes biolóxicas non as facían necesarias. Rematara xa a longa demora.

Detivéronse sorprendidos polo esquecido arrecendo das plantas e o perfume das flores que impregnaban o temperado aire. Rechouchiaban os paxaros, revoaban abellas e bolboretas, e espreguizábanse os animais terrestres camiño do río para saciar a sede. No ceo había nubes brancas, promesas de chuvias que seguirían fertilizando o chan.

—Todo isto é agora voso –informoulles DS–. Neste apracible xardín tedes todo o necesario para asegurar

a continuidade da especie. Mais non esquezades nunca a necesidade de respectar ós demais seres, de xeito que, anque medredes e vos multipliquedes, non sexa a costa súa. Soamente así poderedes asegurar a vosa estirpe. Tedes liberdade para utilizar todo canto atopedes, porque entre todas as miríades de seres que poboan o universo, soamente o home ten capacidade de elixir, de penetrar nas causas das cousas, ou de crear outras novas. O respecto pola vida e o entorno que a sustenta é a máis importante das limitacións que tedes que observar. Non esquezades tampouco que hai unha especie vexetal que non deberedes de utilizar nunca. Coñecédela perfectamente. Xa vola teño amosado en moitas ocasións. Está alá ó fondo. O seu froito é enganoso. Resulta agradable de tomar, mais soamente conduce á morte. De seguirdes estas normas viviredes, e o voso seme perdurará para sempre.

Ía calor. Menos, quizais, da que tiveran que soportar naquelas atafegantes camiñadas pola selva de outrora. Mais dabonda coma para non botar de menos unha excesiva indumentaria. Tampouco había, coma daquela, tantos insectos molestos. E resultaba agradable contemplar o brillante verdor que os rodeaba, mentres discutían á sombra dunha palmeira se o seu primeiro fillo debería levar o nome do seu avó materno ou o do paterno. Non rifaban xa sobre transcendentais teosofías, ácidos desoxirribonucleicos, ou acerca de se todos os seres que agora cubrían o planeta podían ser o resultado da evolución dos que conseguiran sobrevivir á catástrofe, ou producto dun novo acto de creación. Porque, tal como tan acertadamente lles advertira o seu pai, esta parecía non ter finalizado, e podían pensar que quizais non chegase a concluír nunca. En todo caso deixaran

de interesarse xa por estas cuestións. Ambos decatáranse de que un fillo era algo moito máis transcendente. En realidade un auténtico reto ó destino.

Un pequeno e descoñecido animal achegouse entón a eles camiñando paseniña e alegremente. Unha das moitas especies que agora medraban en Edín. Detívose indeciso a uns pasos de distancia e moveu amigablemente o rabo e as orellas. Ish aproximouse e acaricioulle a testa. Despois de comprobar os sinais de aprobación e agradecemento que nel producira a súa acción, comprendeu que non había nada que impedise a sua convivencia. E decidiu chamarlle *can*.

Avva deu un berro.

—¡Pero si é femia!...

Ish decatouse axiña do erro e viuse na obriga de decidir de inmediato que, posto que dunha femia se trataba, era *cadela* como cumpría chamala.

ANAPARASTASE APROXIMATIVA

Apéndice

A)

Se excluímos a Plutón, e a certos excéntricos planetoides, coma Hidalgo, Adonis ou Hermes, todos os demais planetas do noso sistema, móvense arredor do Sol segundo unhas órbitas elípticas, situadas practicamente no mesmo plano, órbitas que non se atopan separadas unhas de outras de xeito arbitrario.

Esta circunstancia fora xa advertida polo astrónomo alemán Wolf no século XVIII. En base a ela, e no mesmo século, os tamén alemáns Joham Titius e Johan Bode dividiron en 100 partes a distancia existente entre o Sol e Saturno, o máis afastado dos planetas entón coñecidos. E comprobaron que Mercurio se atopaba no punto 4 desa escala, así como que, a partir del, cada vez que se duplicaba a distancia existente entre este e Venus, aparecía a órbita doutro planeta.

A matemática progresión cumplíase en todos os puntos, menos no sinalado có número 28. E dicir, no espacio situado entre Marte e Xúpiter.

Nese anómalo lugar serían, sen embargo, descobertos trinta anos despois os primeiros grandes asteroides, e a continuación todos os demáis. Na actualidade estímanse

nuns quince mil os asteroides mensurables, algúns deles ata de varios centos de quilómetros de diámetro. Mais o seu número pasaría dos cinco mil millóns, se incluímos tamén ós menos grandes, así como aqueles que non acadan máis que uns poucos milímetros de comprimento. A masa de todos eles, aínda así, resulta moi inferior á da nosa Terra.

Esta inmensa cantidade de corpos celestes atópase nun proceso constante de fragmentación a causa das colisións que no seu seo se están a producir. Pero o máis salientable de todos eles é que circulan tamén, arredor do Sol, formando un anel en torno a él situado no mesmo plano que as órbitas dos demáis planetas.

¿Que poden significar estas precisas caracteristicas?

Para moitos astrónomos os asteroides son os restos dun planeta fallido, irmán da Terra, que non chegou a formarse a causa da enorme forza gravitatoria de Xúpiter.

Outros, en troques, considéranos os restos dun planeta que estourou, ou que se fragmentou. E danlle o nome de "Faetón".

O mítico Faetón, fillo do sol, que non puido dominar o seu carro de lume, pereceu ó cair envolto en flamas sobre a Terra. Acerca de certos meteoritos caídos sobre a Terra nos últimos cen anos, foi posible determinar que algún procedía da órbita dos asteroides, eses posibles resíduos do por agora somente sospeitado "Faetón", o "Quinto Planeta".

A palabra "Eretz" que aquí utilizamos para referirnos a el, ten tamén o significado de "patria" en hebreo.

B)

Na haxiografía rabínica posterior ó exilio de Babilonia, Lilith é unha fantasma fiminina de grande beleza.

Considérase que foi a primeira muller de Adam, con anterioridade ó nacemento de Eva.

Adam non a podía soportar a causa do seu carácter. Con ela enxendrou unha raza demoníaca. Lilith deriva etimoloxicamente de "Lajil", a Noite, polo que considérasea coma un "Demo da Noite", rebelde e perseguido polos anxos. Aparece varias veces mencionado na Biblia:

"Mora na sua tenda Lilith".

Xob 18,15

"Alí atacarán ás hienas os gatos salvaxes,
e o sátiro chamará polo seu compañeiro.
Tamén terá alí a sua morada Lilith,
que atopará o seu lugar de acougo".

Isaías, 34, 14.

C)

Todas as estirpes dos grandes saurios desapareceron, practicamente de forma simultánea có setenta e cinco por cento das especies que daquela existían na Terra. Isto aconteceu ó remate do Cretácico, hai sesenta e cinco millóns de anos. Crocodilos, morcegos, e outros pequenos mamíferos, cóntanse entre os seres que conseguiron sobrevivir.

¿A que poido deberse semellante catástrofe ecolóxica?

Téñense elaborado moitísimas teorías. A que recollemos a continuación semella a máis posible de todas elas:

Débese o físico Luís Álvarez, e ó seu fillo, o xeólogo Walter Álvarez, ambos da universidadde de California, que en 1980 descobriron unha capa de arxila situada entre os estratos do Cretácico e o Terciario, extraordinariamente rica en iridio, un metal bastante escaso no noso

planeta, anque abondoso en moitos dos aerolitos que nos visitan. Esta capa de iridio afecta, ademáis, a toda a Terra. Nela aparecen restos vítreos, –loxicamente procedentes de materias fundidas–, así coma grans de seixo con planos de fractura que somente se poideron producir baixo presións moi elevadas, como as que tería provocado o impacto dun asteroide xigantesco.

De nada vale, sen embargo, unha teoría, se non é posible aportar probas que a demostren. Soamente un meteorito duns 10 kilómetros de diámetro tería podido xerar unha capa de iridio como a estudada, e producir ó mesmo tempo as circunstancias necesarias para que se desen as alteracións que case acabaron coa vida do planeta. Hai que ter en conta que o impacto dun pelouro deste tamaño tería deixado un crater de máis de 150 kilómetros de diámetro sobre a codia terrestre.

Pois, ben. Este crater existe. Atópase ó norte da península do Yucatán, en México. Mide 170 kilómetros de diámetro, e atópase en parte baixo o mar. No seu centro está a localidade de Puerto Chicxulub. A sua existencia foi detectada por sondeos magnéticos e confirmada pola existencia dunha enorme capa de iridio de 30 centímetros de espesor na illa de Haití, non demasiado lonxe, así coma por imaxes obtidas polo satélite Landsat con infrarroxos.

D)

Todas as datas que hoxe podemos manexar atópanse en constante revisión. Esta é, pois, unha cronoloxía soamente aproximativa:

ANOS ANTES DO PRESENTE	*FEITOS*
20.000.000.000	*Data aproximada do estourazo inicial.*
16.000.000.000	*Formación das protogalaxias.*
4.945.000.000	*Principia a formarse a Terra.*
3.500.000.000	*Primeiras manifestacións de vida.*
3.000.000.000	*Seres unicelulares.*
1.500.000.000	*Primeiras algas.*
680.000.000	*Primeiros organismos pluricelulares.*
500.000.000	*Primeiros peixes vertebrados.*
350.000.000	*Primeiros anfibios. Aparecen os tiburóns.*
300.000.000	*Primeiros réptiles.*
230.000.000	*Primeiros dinosaurios.*
200.000.000	*Primeiros mamíferos.*
100.000.000	*Grandes árbores.*
65.000.000	*Desaparición dos Dinosaurios.* *Xurden os primates.*
35.000.000	*Aparecen os monos.*
20.000.000	*Xurden os antropoides, por escisión nos simios do Vello Mundo.*
10.000.000	*Os orangutáns excíndense dos antropoides.*
6.000.000	*Excisión dos chimpances.* *Bipedismo entre os antropoides "Australopithecus"*
5.000.000	*Primeiras especies de homes.*
4.000.000	*Lucy, primeiro ser humano coñecido.*
3.700.000	*Pegadas humanas de* [redacted] *Tanzania, "Australopithecus Afarensis".*
1.800.000	*"Homo habilis".*
1.600.000	*"Homo erectus".*
600.000	*"Homo sapiens".*
150.000	*"Homo sapiens neanderthlensis".*
100.000	*"Homo sapiens sapiens".*
35.000	*Extinción ou absorción da raza Neanderthal.*

ÍNDICE

Páx.

Capítulo 1. ...despois, o home 11

Capítulo 2. Esplendor de vida e de morte..... 31

Capítulo 3. O lume do abismo 95

Capítulo 4. Outro tempo, no mesmo lugar..... 119

Apéndice. Anaparastase aproximativa..... 139

O AUTOR

Xoán Bernárdez Vilar. Marín, 1936.
Aínda que empregado nunha institución de creto,
é Mestre e Licenciado en Xeografía e Historia.
Dirixiu dúas revistas, fixo programas de radio,
e publicou, ademáis dalgúns contos, as narraccións:
Un home de Vilameán: anatomía da Revolución
Irmandiña (Premio Alfredo Somoza, Montevideo,
1975), *¡Ouveade, naves de Tharsish!* (1983),
Vento do norte, vento do sur (Premio Casa Galicia de
León, 1985) *No ano do Cometa* (Premio Xerais 1986),
¡Xerusalén, Xerusalén!... (1992)
Big-Bang (Premio Concello de Vilalba, 1993).
Como investigador ten publicado diversos traballos
históricos, entre eles: *Galicia no século VI a. de C.,*
segundo a Ora Marítima (Premio Galicia
da Universidade de Santiago, 1984), e
A etapa portuguesa de Colón e a súa viaxe a Islandia
(Premio Taboada Chivite, 1993).

CARTA Ó AUTOR

Todos aqueles que vos queirades pór en contacto
co autor sobre calquera aspecto deste libro,
podédelo facer
escribindo á seguinte dirección:

Colección FÓRA DE XOGO
Edicións Xerais de Galicia S. A.
Doctor Marañón, 12. 36211 Vigo

IS

9 7

FÓRA DE XOGO

UN GRUPO de astronautas chega ó Terceiro Planeta á procura de varios compañeiros misteriosamente desaparecidos. Entrementres, ten lugar a magna convulsión que produce uns cambios ambientais e ecolóxicos que case conseguen a amputación traumática da vida no planeta. Os protagonistas convértense, así, en testemuñas duns feitos que contestan a boa parte dos interrogantes científicos que se viñeran formulando ó longo do relato.

EDICIÓNS **XERAIS** DE GALICIA

ISBN 84-7507-977-6

9 788475 079776